

Róber Bodegas, humorista.



Periódico semanal
Fundado en 1907
Nº1.383

anosaterra

Feixóo mantén as dúbidas outra semana



"Estaría ben facer o que manda o Banco de España, que para iso é o banco de todos os españois. Por suposto teño que seguir o que diga Raxoi, a ver se me leva de ministro ou de director xeral cando gañe. Iso sen esquecer a Rato, que está en Caixa Madrid. E o peor é que Méndez e Gaioso só se poñen de acordo en non facerme caso. Ademais que sei eu disto das caixas. A min o que me gusta é saír con Buenafuente, en *El gato al agua* de Intereconomía ou *En noches como esta* de TVE".

PEPE FERRÍN / A.G.N.



Begoña Caamaño

CIRCE OU
O PRACER DO AZUL

Colección Literaria

Unha novela sobre o que nunca se contou da historia de Penélope e Circe, un dos mitos centrais da cultura europea.



www.editorialgalaxia.com

A emigración favoreceu a expansión das caixas

A escolla das entidades galegas ía unida implicitamente á necesidade de investir en Galicia. 2-3.



A ULLOA, UN NOVO LIBRO DAS COMARCAS DE GALIZA

CON ESTE NÚMERO Á VENDA

2.

PROMOCIÓNS CULTURAIS GALEGAS. **A. Presidente:** Miguel Barros Punte. **Vicepresidente e conselleiro delegado:** Afonso Eiré. **Vicepresidente económico:** Ramón Barral. **Vogais:** Xosé Fernández Puga, Xosé María Fonseca Moretón, Xavier Rey, Ana Miranda, Ceferino Díaz, Fernando Filgueira, Victorino Núñez e Bieito Alonso. **Secretario:** Federico Cañas. **Director:** Manuel Veiga. **Subdirector:** Xan Carballeda. **Coordenador Diario Dixital:** César Lorenzo Gil. **Redactores:** Horacio Vixande, Mar Barros, Manuel Xestoso, Manuel Vilas, María Obelleiro, Lara Rozados, Eva Estévez, Xurxo González, Charina Giráldez, Antonio Cendán, Paco Vila Barros (fotografía), Xosé Bocixa (tv). **Maquetación e preimpresión:** Xoselo Taboada. **Fotografía:** Axencia Galega de Noticias, Reuters. **Xefe de publicidade:** Carlos Martínez (publicidade@anosaterra.com). **Redacción:** Rúa do Príncipe 24, 1º - 36202 Vigo. Teléfono 986 222 405. Fax 986 223 101. Correo electrónico: info@anosaterra.com. **Administración:** Rúa do Príncipe 22, baixo - 36202 Vigo. Teléfono 986 433 830. **Subscripcións:** subscripcións@anosaterra.com **Imprime:** Norprint. **Depósito Legal:** C-963-1977. **ISSN:** 0213-3105.

A HISTORIA RECENDE DAS CAIXAS GALEGAS

sumario

GALIZA.

-LINGUA E FAMILIA

O portavoz da familia fala do *Caso Alcorcón* >5

O Consello da Cultura manifesta que as medidas de desprotección da lingua atentan contra o espírito da Autonomía >7

-I+B
O desmantelamento das oficinas de Benestar prexudica, sobre todo, os pequenos concellos >12

DEPORTES.

-ENTREVISTA



Xisela Aranda, campioa de squash >19

CULTURA.

-DEBATE

O diálogo entre ciencia e humanismo hoxe >20-21

-LITERATURA

Anarrativa moderna de Eduardo Moreiras >27

1.383

26 DE NOVEMBRO DO 2009

O esquecido impulso da emigra

Durante os anos sesenta as remesas de Europa revolucionaron os balances de entidades como Caixa Ourense. A análise da xestión dos fondos que chegaban do exterior aínda está pendente

Xurxo González

A mediados dos anos sesenta Eduardo Barreiros, un dos maiores industriais do Estado do século XX, estaba no apoxeo do éxito. Orixinario de Gundiás, lugar próximo á cidade de Ourense, era propietario dunha das fábricas de automóviles punteiras de España. Na planta de Villaverde, en Madrid, dúas de miles de operarios fabricaban, entre outros, o modelo Dodge Dart en colaboración coa multinacional Chrysler. Aínda que Barreiros facía moitos anos que vivía na capital, Caixa Ourense concedeu importantes créditos naqueles anos. A quebra do industrial en 1969 afectou a altos cargos da entidade financeira.

A entidade dunha provincia que non se caracterizaba nos anos sesenta polo poderío económico foi quen de financiar a Barreiros, e a outras grandes empresas, grazas ao espectacular aumento dos recursos inxectados polos traballadores no estranxeiro. O crecemento do saldo das contas de aforro-emigrante (unha tipoloxía específica definida naqueles anos para favorecer a entrada de capital en España) foi o maior de todas as caixas do Estado. De feito, durante os setenta, Caixa Ourense chegou a ter o mesmo nivel de recursos que Caixa Vigo e Caixa Coruña e Lugo.

INCERTO DESTINO DOS RECURSOS. A importancia do aforro dos emigrantes no crecemento das caixas galegas durante o século XX é un feito asumido pola maioría dos economistas. As remesas



O crecemento das contas de aforro-emigrante de Caixa Ourense foi o maior de todas as caixas do Estado durante os anos sesenta”



Os estudos da época consideran que os recursos captados polas entidades financeiras no país se investiron nas zonas máis ricas de España”



Os emigrantes eran veciños e familiares da xente que traballaba nas caixas: a rede de intereses era moi tupida, e iso favoreceu a captación de recursos”

enviadas desde América Latina ou a Europa contribuíron a que as antecesoras de Caixanova e Caixa Galicia acadasen unha dimensión considerábel. Actualmente as dúas caixas actuais sitúanse, por número de recursos, entre as vinte maiores entidades bancarias do Estado. Con todo, a utilización do diñeiro obtido no estranxeiro e xestionado por entidades como Caixa



Sucursais de Caixanova e Caixagalicia en Xenebra.

Vigo, Caixa Coruña ou Caixa Ourense, por citar as tres máis potentes, constitúe un campo no que aínda queda moita marxe para a análise.

Así, Abel Losada, político socialista e doutor en ciencias económicas pola USC, considera nun artigo dedicado a relacionar economía e emigración que “as posibilidades de aproveitar en beneficio da eco-

nomía galega o diñeiro provinente do exterior aumentaron considerablemente a partir dos anos cincuenta e sesenta grazas ao labor que comezaron a realizar as caixas de aforros. Estas asignaron os fondos a investimentos produtivos, que na maior parte dos casos suporían un maior beneficio social”.

Pola contra, os estudos sobre o aforro dos galegos >>>



PEPE CARREIRO

ción ás caixas



de, Beiras, López Suevos ou López Facal.

FAMILIARES E VECIÑOS. Joan Carles Maixé é un profesor de Economía da Universidade da Coruña que ten estudado o sistema financeiro do país. En concreto foi o director da obra *O aforro dos galegos. Orixes e historia de Caixa Galicia (1876-2002)*. O profesor indica que “tamén na configuración de Caixa Galicia as remesas dos inmigrantes tiveron un peso considerábel, é un fenómeno común a todo o sistema financeiro galego”.

Maixé indica que “neste proceso influíu tanto a sensibilidade das propias caixas para captar o aforro dos que tiveron que marchar, pero tamén a estreita relación dos galegos con estas entidades. Ten moito que ver con que os emigrantes eran veciños e familiares dos que traballaban nas caixas. A rede de intereses era moi tupida, e iso favoreceu a captación de recursos”.

A publicidade actual de Caixanova para buscar novos clientes no exterior fai aínda referencia á experiencia ganada polas predecesoras da entidade na xestión do aforro emigrante nos anos sesenta. Nos primeiros anos de emigración masiva a Europa, a saída estaba moi controlada, polo menos en teoría, polo Estado. Era obrigado dispor dun contrato de traballo no país de acollida, que xa se acompañaba directamente dunha cartilla de aforros cumprimentada co nome do emigrante e un ou dous talóns para efectuar os envíos. O único que tiñan que facer ao chegar ao país de acollida era ir a correos e entregar o talón e o diñeiro, que chegaba á conta en Galicia. Nunha época na que non existían internet nin as transferencias automáticas, confiar na caixa de sempre era o máis sinxelo para os cidadáns.●



Pedro Hombre: ‘Preferíamos unha caixa galega para que investise no país’

Pedro Hombre (Malpica, 1944), responsábel do Centro Galego de Zug e animador da Federación de Sociedades Galegas da Suíza, leva xa moitos anos na emigración e explica que o seu criterio persoal “coincide co de moitos ou todos os galegos: colliamos e collemos unha caixa ou banco galego co fin de que a nosa divisa sexa investida en Galicia. Pero tamén temos claro que se toda divisa enviada a Galicia dende a diáspora realmente fose para investimentos outra Galicia teríamos”.

A maneira de captar os clientes eran semellantes en todas as entidades, “comercialmente accedían a nós con sucursais que abrían nas principais cidades (Zürich e Xenebra). Os directores conseguen datos do consello de residentes ausentes (CRA) nos consulados, e de seguido pónense a chamarnos e visitarnos a todos, ofrecendo o ouro e o mouro. Pero cando en realidade precisabas deles todos eran e son problemas. Tamén lle ofrecían aos clientes xestionarlle a renovación do certificado de residente que pedían anualmente para as contas de residentes ausentes”.●



Baldomero Álvarez: ‘A proximidade foi decisiva para elixir unha caixa’

Reside en Xenebra, a onde emigrou desde A Coruña nos 70. Alí Baldomero Álvarez participou intensamente na actividade asociativa e foi un dos animadores da emisión radial *Galiza Sempre*. “No que me concirne, a escolla estivo condicionada por razóns de veciñanza (a directora da axencia de Caixa Galicia era unha antiga coñecida da familia, así como tamén algúns empregados da axencia eran do barrio). Ademais, as interesantes condicións financeiras da época como ter os intereses máis baixos no caso de demandas de créditos, e a alta rendibilidade no caso dos aforros, condicións que variaban segundo as entidades bancarias e do montante dos aforros. Tamén ollabamos cales eran as entidades que máis investían no país e as súas obras sociais”.

Álvarez queixase de pouco respecto ao idioma, “como detalle negativo da miña experiencia de cliente de Caixa Galicia, teño que subliñar o pouco respecto á normalización lingüística. En repetidas ocasións, o empregado ao que lle falaba galego respondaba en castelán a pesares da miña insistencia, e recentemente na axencia de Xenebra, a empregada retrucoume que non sabía o galego”●

editorial

A FUSIÓN

Por baixo do fragor da crispación madrileña, todo indica que estamos asistindo a un reparto entre os dous grandes partidos, en tres ámbitos concretos: o enerxético, o financeiro e o mediático. Isto explica, en parte, a presión para que as caixas se fusionen. O PSOE acusa a Raxoi de pretender a absorción das entidades galegas por Caixa Madrid e o PP fai o mesmo só que, no seu caso, culpa a Blanco. O Banco de España ten un interese propio: gañar un poder sobre as caixas que até agora se lle escapa e, por último, os bancos ven a posibilidade de acceder a un novo anaco de pastel, dado que as fusiones, co conseguinte peche de oficinas, deixarán máis espazo libre para eles. Destes tres intereses coincidentes sae un espazo autonómico necesariamente minguido.

Ningún dato, entre os ofrecidos até agora, indica non obstante que en Galiza exista a necesidade de ningunha caste de fusión. Polo que se sabe a situación máis feble é a de Caixa Galicia, pero resulta dubidoso que outra entidade, máis pequena, aínda que en mellor situación, como Caixanova, teña na súa man arranxarlle ese problema. Cómpre ademais non esquecer que as caixas non foron creadas para producir ganancias anuais do 30%, aínda que obviamente deban ser rendíbeis. Un ano ou dous malos constitúen un impedimento superábel, tendo en conta que, aínda no anterior exercicio, Caixa Galicia deu beneficios.

Por último, hai que analizar a conveniencia da SIP ou acordo virtual entre caixas de diferentes comunidades que pretende Caixanova. Esta fórmula é beneficiosa para os directivos que atoparían con ela unha coartada para ignorar as directrices do goberno autónomo, pero tampouco parece xustificada desde o punto de vista económico. Toca aguantar a presión.●

ASEMANA

María Obelleiro



Obras nos terreos afectados pola planta acuícola de Rinlo.

PACO VILABARROS



O conselleiro de Educación, Xesús Vázquez, a carón do da Presidencia, Alfonso Rueda.

JESSICA BARCALA/AGN

**PROTECCIÓN DA REDE NATURA
OTSXG ANULA O
PROXECTO ACUÍCOLA DE RINLO**

O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG) anulou o acordo do Consello da Xunta –durante o goberno en funcións de Manuel Fraga– no que se aprobou o proxecto de construción da piscifactoría de Acuínor en Rinlo (Ribadeo). Trátase da segunda resolución xudicial en contra desta planta acuícola que ditou nos últimos meses o tribunal. A sentenza considera “inaceptábel” a afectación ambiental que o proxecto ía ter nun Lugar de Interese Comunitario (LIC), protexido pola Rede Natura da Unión Europea (UE). A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (Adega), que interpuxo ambos os dous recursos no 2005, explicou que estas dúas sentenzas son as primeiras que se fallan en Galiza a favor dun espazo de Rede Natura e en contra de intereses privados. A asociación advertiu de que “constitúen un precedente que se pode aplicar con relación a outros proxectos que atenten probadamente contra a normativa europea que regula a conservación de hábitats da Rede Natura 2000”.

**VIRXINA RODRÍGUEZ, PRESIDENTA
ADEGA COMEZA
UNHA NOVA ANDAINA**

A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (Adega) renovou a súa directiva na 34ª Asemblea Xeral Ordinaria, celebrada en Agolada o pasado día 21. Na xuntanza, na que se nomeou presidenta a Virxinia Rodríguez –que substitúe a Adela Figueroa– aprobouse reclamarlle á Xunta que expanda a Rede Natura 2000, que promocióne os espazos protexidos e que defenda o litoral



A presidenta saínte e a entrante saúdanse no transcurso da asemblea de Adega.

fronte ás piscifactorías e fronte ao urbanismo. Adega tamén lle solicitará ao Executivo de Alberto Núñez Feixó que se cumpra a lei en defensa dos ríos, xurdida dunha Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) e aprobada no Parlamento por unanimidade. Nesta liña, a Asemblea insta a Xunta a reclamarlle ao Estado as competencias plenas na xestión hidrolóxica das bacías e treitos fluviais dentro de Galiza.

**NA ASEMBLEA CONSTITUINTE
MÁIS BNG CHAMA
A SUPERAR 'A SENSACIÓN
DE INTERINIDADE'**

Carlos Aymerich, portavoz parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, é desde o pasado día 21 o coordinador nacional de Máis BNG, organización interna que fica constituída no seo da formación frontista. Durante a Asemblea Constituínte, Aymerich sinalou que Máis BNG “quere ser o novo impulso que a casa de todos precisa”. “Non imos contra ninguén”, continuou, “senón que traballamos por respectar o pluralismo” fundacional, outorgándolle un “novo impulso” á forma-

**MANIFESTO DOS MESTRES
MIL MILLÓNS PARA
255 COLEXIOS PRIVADOS**

Docentes de diferentes eidos e etapas do sistema educativo únense nun “Manifesto en Defensa do Ensino Público de Galiza” para amosar a súa fonda preocupación –desde unha óptica apartidaria– coas medidas que está a adoptar a Xunta. Os asinantes rexeitan a actual política de potenciación do sistema educativo privado e lembran que Educación “fará un investimento de máis de 1.000 millóns de euros en 255 centros privados nos vindeiros cinco anos”. Tamén censuran o progresivo desmantelamento do sistema público, o recorte de persoal, o agrupamento do alumnado de diversos cursos e niveis ou a eliminación do sistema de gratuidade dos libros de texto. Por outra banda, o manifesto fai unha condena explícita do “ataque deliberado da Xunta á lingua galega, tal e como se aprecia nas progresivas medidas de despro-

tección da lingua en diversos eidos”. Por último, os docentes reprobán a “actitude intransigente” do Goberno do PP, demostrada na “tramitación das enquisas sobre o galego”.

**MOCIÓN CONTRA MANUEL TOMÉ (PP)
O SOCIALISTA XOÁN PASTOR,
ALCALDE DE PORTO DO SON**

Manuel Tomé (PPdeG) foi desalojado da Alcaldía do Concello de Porto do Son no Pleno muni-



O socialista Xoán Pastor, novo alcalde de Porto do Son.

PSdeG-PSOE



Carlos Aymerich na Asemblea Constituínte de Máis BNG.

+BNG

versalidade que ten a Europa como primeiro chanzo”. Máis BNG confirmou o pasado sábado a súa vocación de que o

Bloque se converta en organización de masas “na casa común de nacionalistas e galeguistas”.

Manuel López Rodríguez, portavoz familiar do caso de Alcorcón 'Este non é un auto xudicial pola custodia dunhas nenas, é un escarnio contra o galego'

Manuel López Rodríguez é irmán e portavoz da familia dunha nai que podería perder a custodia das súas fillas por retornar a vivir a Vigo. No auto dun xulgado de Alcorcón argumentase que as nenas poderían saír prexudicadas por escolarizarse en galego, polo que obriga á nai a volver á localidade madrileña, onde residía anteriormente

H.V.

A súa irmá pode perder a custodia das súas fillas por vir a Galiza, nunha sentenza na que o xuíz estima que o galego é un factor negativo para a súa educación. Di iso o auto?

É exactamente o que di. Vai cara a exclusión do galego, en lugar da integración. Ademais, as miñas sobriñas xa coñecían o galego. A pequena levou un 8,5 en galego e a maior está exenta dos exames. Este non é un auto, é un escarnio, está cheo de prexuízos. **O galego é o principal argumento da sentenza?**

É un dos argumentos máis pesados, mais non o único. Asume os argumentos da outra parte, do pai das nenas, pero vai máis lonxe aínda. No xuízo entrevistou á nena maior e só lle preguntou polo galego e polo coñecemento que ten dunha lingua que coñece de sobra. Díxolle á miña sobriña que el mesmo viña a Galiza en verán e non entendía o galego. A nena practicamente chamoulle parvo.

Mais seica o fallo tamén indica que ao marchar de Madrid modificanse as condicións impostas para a custodia das nenas que figuran no divorcio.

En 2004 miña irmá sufriu un cancro en fase tres e foi sometida a quimioterapia. Debido a iso, en 2006 o seu matrimonio desemboca en divorcio. Inicialmente acórdase unha custodia compartida, pero é un desastre: o pai pretende que as nenas durman en cada casa os días alternos, por iso a miña irmá demanda a custodia plena, algo que acepta este mesmo xuíz que agora falla contra el. Posteriormente, cando decide trasladarse a Vigo, onde naceu e ten a familia, asesórase e comunícalo por burofax ao xulgado e ao pai das nenas. Sabe que implicará a modificación do réxime de visitas e acepta ampliálo e flexibilizalo aínda máis. O pai vai ao xulgado e 24 horas des-

pois da vista, curiosa velocidade, o xuíz emite este auto que lle quita á miña irmá a custodia e dálla ao pai a menos que a miña irmá retorne a Madrid.

Recorron?

Ante a Audiencia de Madrid, que volveu darlle a custodia á miña irmá pero que se declarou incompetente na cuestión da residencia en Vigo. Este tema devolveullo ao xulgado de Alcorcón. Mentres, a miña irmá tivo que volver a Madrid coa nena pequena para evitar perder a custodia.

O auto tamén sinala que o principal é salvagardar o benestar dos menores e acto seguido sinala que corren perigo na súa formación e desenvolvemento integral. De que perigo fala?

Non se sabe. Insinúa que baixa o seu nivel por pasar de estudar en centros privados en Alcorcón a colexios públicos en Vigo. As nenas están escolarizadas, integradas, son felices. É un intento desesperado de que volvan a Madrid.

Durante o proceso, examinaron de galego as nenas?

Non.

Pero por que tanto empeño no traslado?

Tal vez o xuíz, que lle deu inicialmente a custodia á miña irmá, molestouse porque marchou para Vigo, pero usa argumentos fóra do contexto xudicial. Mesmo a Audiencia de Madrid, que lle devolve a custodia á miña irmá, insiste no problema da inmersión lingüística en galego.

Tamén?

Son un termómetro da situación na que están en Madrid. Saen os demos e prexuízos agochados de que o castelán está en perigo de extinción. Prexuízos anticientíficos que levan a intentar preservar as nenas do contacto con outra lingua que non sexa o castelán, como se non tivesen capacidade de adaptación nin de aprendizaxe.



PACO VILABARROS



Este caso é un termómetro da situación na que están en Madrid. Saen os demos e prexuízos agochados de que o castelán está en perigo de extinción”

Hai posibilidades de invalidar ese auto?

Vaise presentar unha queixa ante o Consello Xeral do Poder Xudicial e aínda está pendente de fallar o xulgado de Alcorcón,

que xa non ocupa o xuíz que emitiu o auto. Sería importante que as Consellarías de Benestar e Educación desen testemuña da situación das nenas, que digan se existe problema coa lingua. Tamén é importante apartar a cuestión do debate político e que todas as forzas mostren o seu apoio a unha nai que ten dereito á liberdade de movementos e que quere conservar a custodia das súas fillas porque a exerce con responsabilidade.

Tamén sinala o auto que o interese económico da nai de volver á súa terra pon de manifesto un prexuízo para as fillas. Pode explicar que acontece?

A miña irmá, cando se separa, marcha de aluguer unha man diante e outra detrás. Por iso volve a Vigo, onde ten a metade dunha casa, pero non representa un prexuízo para as fillas, que agora gozan dunha mellor calidade de vida.

O fallo defende o dereito do pai a non ter que facer 600 quilómetros para ver as súas fillas?

O xuíz saca a calculadora e mide os quilómetros a Vigo e de aquí a Cedeira, onde ten casa o pai e onde as nenas pasaban o verán. Pero hoxe hai coches e a nai está disposta a flexibilizar máis as visitas porque é consciente da distancia. ●

PRESIDENTE
OU ASPIRANTE

Antón Losada
antonlosada.blogspot.com

A fotografía que escenificou o cumio entre a Xunta e Caixas resume exemplarmente a situación. Feixóo sorri e Méndez e Gaioso poñen cara de facelo. O seu decepcionante resultado, co enésimo prazo para decidir, tamén.

Máis que pola súa habilidade, pola pouca visión dos outros, oposición incluída, e a percepción colectiva de que esta vez nos volvemos xogar moito como país, podemos perder coma sempre e vains gustar menos que nunca, Feixóo atopase diante dunha oportunidade histórica que pode facerlle pasar da categoría do que é, presidente mentres ocupa o cargo, á categoría do que sempre será O Presidente, porque fixo algo que cambiou a historia do país e cambiouna a mellor.

Ningún outro inquilino da Xunta tivo diante de si as condicións para sacar adiante o que queira: a bendición do Banco de España polas fusións, os cartos de todos para financiarlas e unha lexitimidade política e social sen precedentes para decidir. Se Feixóo aposta pola fusión, non hai neste momento forza humana no país que poda paralo ou impedirlo porque se a inmensa maioría pensamos non que as caixas sexan do pobo, senón que as caixas son unha peza clave no futuro do país e o futuro é de todos.

Para aproveitar a oportunidade só hai que cumprir dúas condicións: saber o que quere facer e estar disposto a asumir os custos que sen dúbida pode ter a curto prazo. A sensación que transmite de momento é que prefire non saber o que quere e o que máis lle preocupa é que lle saia gratis. Pero aínda ten tempo para acreditar que escolle ser Presidente en vez de seguir sendo aspirante.

A sensación que transmite de momento Feixóo é que prefire non saber o que quere e o que máis lle preocupa é que lle saia gratis

TRIBUNA ■ **Xosé Manuel Barreiro.**

Vicepresidente do PPdeG.

O CAMPO ARRUÍNASE

A situación do sector agroalimentario español é crítica. A recente mobilización que protagonizaron é boa proba diso. Demándanlle ao goberno de José Luis Rodríguez Zapatero un plan de choque que inclúa medidas de loita contra a situación actual, especialmente no que atinxe á negociación de prezos mínimos en función dos custos de produción, así como un plan de financiamento do sector con novas liñas de crédito ICO e a negociación dunha Política Agraria Común sólida máis aló do 2013.

A realidade está á vista. Moitos agricultores e gandeiros teñen que vender os seus produtos por baixo dos custos e en Lugo, as perdas ás que se enfrontan poñen en perigo a continuidade dun sector económico estratéxico para a nosa provincia.

As razóns do problema tamén son ben coñecidas. O incremento liñal de cuotas pactado na última reforma da PAC, que lles permite aos países excedentarios inundar o mercado de países deficitarios como é o caso de España, provocou a queda dos prezos. E as axudas adicionais para o sector lácteo



Protesta agraria en Madrid o pasado 21 de novembro.

NACHODOCE/REUTERS

É urxente declarar e tratar a actividade agrogandeira como o que realmente é, un sector estratéxico

aprobadas hai pouco pola UE son insuficientes: só 12 dos 280 millóns consignados irán para os gandeiros españois porque o criterio fixado para o reparto favorece os produtores dos países con máis cota que España.

CARTAS

COMISIÓNS E INTERESES

Cando empezaron a falar da crise moitos pensamos que a cousa viría pouco a pouco. Pero cando a tormenta caíu enriba nosa non esperábase que fose porque os bancos podían crebar e tumbarse uns aos outros como fichas de dominó. Cando se decidiron as axudas públicas para que non se viñeran abaixo enterámonos, de golpe, que entre as estafas filatélicas tipo Afinsa e os grandes financeiros a diferenza era ben cativa.

Pasaron os meses do susto inicial e xa parecen que andan tan campantes, como se non fixeran nada e endosándonos aos usuarios todos os seus dispendios. Non podo entendelo doutra maneira. Baixa o euríbor, pero din que por máis que baixe algo de interese sempre van cobrar, e cando subía moito porque non dixeron que dun límite por arriba non ían pasar? Agora veñen coa suba das comisións. Por sacar diñeiro, por ter tarxeta, por usar a tarxeta, e calquera día

uns céntimos por usar as oficinas en hora punta. Nos 70 berrábase aquilo de "A crise que a pague o capital", pero non hai maneira. Pagámolo nós e enriba adiantámonos os cartos.

Luís Seara
(Padrón)

ONDE ESTÁ CORINA?

O outro día informástedes de que o PP de Vigo anda desaparecido nisto das Caixas. Menos mal que alguén o dí porque de

FEDEERROS

Na crítica do espectáculo *Glass City*, publicada no número 1.382 da pasada semana, atribúeselle a autoría e dirección da obra de Teatro do Noroeste a Eduardo Lago, nuns casos e a Enrique Fernández e César Charlone noutros. En realidade, o autor e director de *Glass City* é o fundador da compañía, Eduardo Alonso.

É urxente declarar e tratar a actividade agrogandeira como o que realmente é, un sector estratéxico, e elaborar medidas que solventen os problemas de liquidez nos que se están a afogar os agricultores e gandeiros españois en xeral e os galegos en particular. Ao tempo, hai que exercer unha presión efectiva para que dende a UE se dea unha resposta axeitada aos problemas que ten o sector e lograr o obxectivo de manter un nivel de prezos que permita a sustentabilidade das explotacións.

A estas alturas non hai dúbidas de que o goberno español, especialmente por parte da ministra de Medio Ambiente, Rural e Mariño, non sabe ou non quere darlle resposta a estes problemas e deixa o campo literalmente abandonado á súa sorte.

Unha vez máis, o Goberno de Alberte Núñez Feixóo, en comparación co de Zapatero, pon de manifesto que hai outro xeito ben distinto de facer as cousas. Feixóo, dende o primeiro día, achegou solucións aos problemas e adoptou medidas xurdidas do diálogo e do consenso co propio sector.

Un botón de mostra: en breve, os gandeiros galegos empezarán a recibir o 60% das axudas directas ao sector lácteo comprometidas pola Consellaría de Medio Rural, que supoñen até un céntimo de euro por quilo de leite producido. Serán 20 millóns de euros que está previsto ampliar en función das necesidades.

A diferenza está á vista. En Galicia, compromiso e actuación; en España, esquivar o problema e desentenderse do sector.

ter que aturar meses á presidenta do Porto dalle que dalle coa "imposición do galego" de súpeto quedou muda, como se o rato lle comese a lingua.

Corina Porro tiña como símbolo da súa actitude política que falaba alto e claro e poñía os intereses da cidade por sobre todas as cousas. Que

Vigo, Vigo, Vigo. Onde está agora? No fondo do mar buscando as chaves, agora que preside o Porto? Unha persoa así non pode aspirar a ser alcaldesa. Se a anterior vez xa o foi de rebote, agora penso que a política estáselle acabando.

Marisa Núñez
(Vigo)





Henrique Monteagudo, Ramón Villares e Vitor F. Freixanes, no Consello da Cultura, o 20 de novembro durante a lectura da proposta sobre a lingua.

JÉSSICA BARCALA/A.G.N.

O Consello da Cultura invita a Xunta a que retorne ao consenso da lingua

Proponlle unha Comisión Parlamentaria para desenvolver o Plano de Normalización, de acordo co que 'está inequivocamente plasmado nas nosas leis'

H.V. O Consello da Cultura vén de cominar ao presidente da Xunta a recuperar o consenso sobre a lingua. A fórmula consiste en propoñerlle a creación dunha Comisión Parlamentaria que elabore unha proposta para desenvolver o Plano Xeral de Normalización Lingüística. Despois de que a pasada semana o Tribunal Supremo confirmase a necesidade de aprender galego, o Consello desmente que se impoña o galego e abre unha vía para restablecer o status do idioma.

O Consello da Cultura lembrou o papel que o Estatuto de autonomía e leis como a de Normalización Lingüística lle outorga como organismo público encargado de fomentar e defender a lingua propia de Galiza. Foi a razón empregada para demandar un golpe de timón que enderece a deriva da política lingüística da Xunta en beneficio do castelán.

A institución que preside Ramón Villares estima que se está a promover unha controversia irracional que ameaza a convivencia lingüística, así como lembra que a situación actual do galego "precisa dun apoio especial para superar a súa po-

sición actual de desvantaxe". O obxectivo da iniciativa do Consello sería a "igualdade plena" entre os dous idiomas oficiais para afrontar o reto da "necesaria capacitación da poboación galega en linguas de difusión internacional, nomeadamente o inglés e o portugués".

Nin imposición nin dereito a elixir idioma de escolarización

Na campaña electoral, o Partido Popular reformulara a súa posición sobre a lingua en base a dous argumentos: que se estaba a impoñer o galego e que para evitalo había que darlles aos pais a posibilidade de elixiren a lingua de ensino dos seus fillos. O Tribunal Supremo, nun fallo coñecido a pasada semana, negou que a lingua forme parte esencial do dereito á educación e en consecuencia os pais non teñen dereito a elixir en que idioma se escolarizan os seus fillos. Dos fundamentos do pronunciamento do Supremo extraese que a Constitución e o Estatuto, ademais da Lei de Normalización Lingüística, consagran a presenza inescusábel do galego no

A lingua forma parte esencial da autonomía galega e debe permanecer a resguardo dos vaivéns políticos e dos cambios de goberno"

"O discurso da acusación e da sospeita constante contra o galego, debe ser substituído por unha atmosfera de debate sereno e informado e pola procura de acordos amplos", sinala o Consello da Cultura, que lle re-

A asociación entre o idioma galego e a imposición é unha falsificación da realidade"

ensino e que desmontar a arquitectura xurídica sobre a que se asenta implica reformas moi profundas que requirirían consensos parlamentarios moi amplos, ademais dun referendo popular.

Sen posibilidades de dar cobertura legal á elección de lingua por parte dos pais, a segunda das bases sobre as que se fundamentaba o programa electoral do PP respecto a lin-

clama á Xunta "exercer o liderado dese proceso de recuperación e dignificación do idioma galego, como está inequivocamente plasmado nas nosas leis". Neste sentido, existe "o respecto ao conxunto da nosa lexislación lingüística básica" porque calquera modificación do consenso nacido no Estatuto e desenvolvido na Lei de Normalización obviaría que a lingua "forma parte esencial da autonomía galega, e debe permanecer a resguardo dos vaivéns políticos e dos cambios de goberno". Por esa razón, na opinión do Consello, non caben "pasos atrás". ●

gua desmonta co seu pronunciamento o Consello da Cultura. Este órgano, unha institución da Comunidade autónoma, sinala que o alicerce do argumento do PP baseouse en "polémicas irracionais, nas cales se chegan a poñer en cuestión as bases sobre as que se sustenta a nosa identidade e cohesión social, e incluso a propia lexitimidade das políticas de promoción do galego". O obxectivo sería facer unha "asociación entre o idioma galego e a imposición, dunha banda, e o idioma castelán e a liberdade, da outra". Isto implicaría unha "groseira falsificación da realidade que carece de toda base na historia, remota e recente, do noso país". ●

NON VAI DE LOCALISMOS

Ceferino Díaz

A máis de un o futuro das caixas de aforro preocúpaos. É difícil entender o que acontece. A falla de novas oficiais, polos medios sabemos que localismos e personalismos se opoñen á fusión nunha Caixa de Galicia (ou como se queira chamar).

No caso máis optimista fálase de manter as dúas caixas. Até cando? Quén avala a viabilidade dos dous proxectos a medio prazo? De integrar as actuais caixas nun novo e renovado proxecto case non se fala. Percíbese medo ás reaccións locais, á presentación da caixa resultante como unha derrota para as cidades que albergan as sedes centrais.

En aras da viabilidade poderíase falar de alianzas foráneas nas que as caixas de Galicia puidesen ser dominantes, pero xa non hai estas oportunidades; só cabe ser comparsas de proxectos nos que o país non ten nada a gañar.

Ou comezamos a ver a Galicia como un conxunto ou deixamos de falar de país e das nosas posibilidades, que dependen da unión de todas as súas forzas en torno a un proxecto que beneficien o conxunto. O resto é xogar ao minifundismo que é un atranco para a sociedade actual.

Asolución ten que ser viábel financeiramente, e aínda que poden existir algúns problemas soluciónábeis, non parece doado xustificar que a suma de inercias sexa negativa. Por outra banda, antes de tratar a destrución de emprego habería que liquidar a deficitaria expansión exterior; quizais así se aforren custos para un axuste xusto baseado en prexubilacións.

O asunto anoxa porque se está a xogar co país con irresponsabilidade. As caixas naceron ligadas ás necesidades dos territorios. Logo de varias fusións, as caixas representan o conxunto de Galicia e débena servir a ela. Non poden ser propiedade dos seus xestores ocasionais. ●

Ou comezamos a ver a Galicia como un conxunto ou deixamos de falar de país"



ENPOLEIROALLEO

XORNALISMO QUE
NON INCITA A PENSAR

Desde as páxinas de *El País*, **Enric González** lanza algunhas críticas contra os medios de comunicación. “O xornalismo de opinión clásico adoitaba ser incómodo co poder. Agora é o poder quen fai xornalismo de opinión (os políticos non pronuncian frases, se non titulares sensacionalistas) e quen máis o fomenta, porque a opinión tende a provocar simples reaccións binarias (“si” ou “non”) e a difundirse de forma viral, en lugar de obrigar ao receptor a establecer a súa propia interpretación dos feitos. Canto menos pense a xente, máis tranquilos todos. As opinións, ademais, poden ser infinitamente numerosas, polo que se desvalorizan unhas a outras. Os feitos, en cambio, son os que son e teñen valor fixo. Non é estraño que o xornalismo con ambicións renovadoras faga deles a súa bandeira”.

CÉSAR ANTONIO
MOLINA LOA
A FRANCISCO VÁZQUEZ

O poeta e ex ministro de Cultura, **César Antonio Molina**, é autor dun artigo sobre o ex alcalde coruñés e actual embaixador no Vaticano, **Francisco Vázquez**, con ocasión da entrega do premio **Fernández Latorre** que outorga *La Voz de Galicia*. Nese mesmo xornal, Molina sinala que “Francisco Vázquez seguiu fielmente a estirpe intelectual e política dos Salvador de Madariaga ou Santiago Casares Quiroga: progresistas, europeístas, competindo no mundo sen complexos. Durante os anos nos que me dediquei ao servizo público sempre o tiveron como un exemplo e un faro”. Tamén indica que “en Nápoles, na centenaria igrexa de San Lorenzo Maggiore, na actual Sala Sixto V, onde desde antigo se reunía o Parlamento da cidade, nos teitos hai uns maravillosos frescos que ilustran as virtudes que un bo político debía ter: perseveranza, madurez, constancia, firmeza, gravidade, agradecemento, cortesía, graza, benxignidade, afabilidade, mansedume, paz, misericordia, caridade, clemencia, honra, gloria, felicidade, liberalidade, magnificencia, nobreza, vitoria, valor,

O ex ministro de Cultura **César Antonio Molina** en Santiago. PEPE FERRÍN / A.G.N.**Francisco Vázquez.**

orde, magnanimidade, boa fortuna, consello, vixilancia, sabedoría, providencia, temperanza, xustiza, fortaleza, prudencia e autoridade. De todas elas dispón o noso home naxeado en abundancia. Tanta que podería repartir entre outros políticos necesitados.” É loanza ou ironía?●

Ospiratas liberáronnos por que estaban fartos do goberno”

[Tripulación do Alakrana]

COMPARAN O BNG
COS AMISH

Igualmente moderado amósase o xornalista **Carlos Luís Rodríguez** en *El Correo Gallego*, onde publica un artigo no que compara o BNG cos *amish*, “un reducidísimo círculo de xente que vive, como os *amish* de Ohio, en coquetas comunidades pechadas nas que se segue un estilo de vida e unha forma de pensar á marxe da sociedade maioritaria”. A reflexión do columnista vén ao caso tras a declaración de +BNG na que “gaba o tranquilo nacionalismo do Scottish National Party, á vez que se desdénan exemplos terceiro mundistas”, algo que para Carlos Luís

**Carlos Luís Rodríguez.**

Rodríguez “merece un sonoro aplauso”. Mais só un, porque a continuación sinala que “o problema é que no resto de Galicia rexe un almanaque distinto, onde este tipo de cuestións quedan xa moi atrás”. Para o xornalista, a opción de +BNG, “supón enfrontarse con mitos moi arraigados na militancia, até naquela que admite que hai que adaptarse aos novos tempos. Até nesa rapazada que nun recente congreso da organización xuvenil do Bloque piropeaba a Venezuela, Irán, Cuba e Corea do Norte”, Vamos, que para Carlos Luís Rodríguez, nin Venezuela nin Escocia. Que entón?●

A ESPAÑOLIDADE
DE CATALUNYA

A rumoreada e agardada sentenza do Tribunal Constitucional sobre o recurso do PP ao Estatuto de Catalunya está a deitar ríos de tinta. Un dos que intervéñen na polémica é **José María Carrascal**, que asina un artigo de opinión en *ABC*. “Pregúntome que vai pasar se, como se rumoreia, o Tribunal Constitucional recorta boa parte do novo Estatut, empezando polo termo «nación» para Cataluña. Pois non vai pasar nada. Mellor dito, vai armarse unha enorme algarabía, unha especie de danza guerreira dos nacionalistas, con Montilla abandonando a súa habitual inanidade para advertir que «isto podería pór en perigo a propia Constitución». Cando o único que a pon en perigo é o novo Estatut. Mais, aparte disto, que poden facer? Romper as súas relacións co Goberno español, e quedar sen o diñeiro que reciben del? Pechar as súas fronteiras con España, e deixar de vender alí os seus produtos? Apelar a Europa, á ONU, que boas están elas para estes preitos?”. Este Carrascal xa fala como se os cataláns non fosen españois.●

VELACIÓN

M^a **Xosé Queizán**

A velación, o feito de que as mulleres deban cubrirse, agacharse, forma parte da concepción patriarcal e relixiosa, e parte da premisa de que son obscenas e o seu corpo e a súa carne produce escándalo. O fogar, o convento, é o seu lugar e, de saír á luz pública, debe velarse. A medida que, coa modernidade, fomos conseguindo identidade e prestixio, fomos perdendo recato, retirando panos e saias, liberando o corpo, facéndoo patente e digno como a nosa personalidade. Pero as mulleres islámicas, aínda hoxe, teñen a obriga de iren veladas e, de non facelo, poden ser reprimidas ou agredidas por certos homes que, segundo lemos na prensa de cando en vez, chegan a converter o desacato en velorio. É a represión e o medo o que as leva a velarse nos países islámicos. Outra cousa é a decisión de moitas inmigrantes de seguir usando velo nos países democráticos onde xa instalamos a transparencia e procuramos a igualdade entre os sexos. En lugar de imitarnos, reclaman o dereito da súa indumentaria ancestral (os seus homes visten como occidentais) e, incluso queren impoñela en lugares inadecuados, como en salas de xustiza. Pretenden usar as liberdades democráticas para volvelas contra a democracia. Queren someter as súas fillas a unha inxusta tradición. Non hai liberdade de non ser libres. Non podemos volver atrás. Xa estivemos onde elas están agora e custounos moito saír. Teñen a obriga de adaptarse ás nosas liberdades, e, por outro lado de apoiar as súas conterraneas, de non ofender as irmás dos seus países que arriscan a morte por gozar das liberdades que elas menosprezan.●

Teñena obriga de adaptarse ás nosas liberdades”



Zepa si, Zepa non

O PP da Limia apoia agora a *Zona de Especial Protección de Aves* que rexeitara, con manifestacións, na anterior lexislatura

A.R.
O anuncio do bipartito de declarar boa parte da Limia coma ZEPA (Zona de Especial Protección para Aves), con limitacións á construción e o desenvolvemento agrícola, provocou unha mobilización sen precedentes, no outono do ano 2008, nesta comarca ourensá. Alcaldes do PP e especialmente o sindicato agrario Xóvenes Agricultores crearon unha plataforma chamada "Zepa non", con manifestacións en Xinzo e incluso en Santiago de Compostela.

Un ano despois, o actual goberno popular aprobou a declaración de zona ZEPA, ampliando, segundo os nacionalistas, as hectáreas de protección, que pasarían das oito mil iniciais ás catorce mil, integradas baixo varios parámetros. Non embargante as ansias de mobilización diluíronse e tan só o BNG e o Sindicato Labrego manteñen a oposición ao proxecto.

Á convocatoria da plataforma xa non acudiu a semana pasada o alcalde popular de Xinzo, Isaac Vila, que hai un ano aseguraba que habería que chegar a medidas de forza, nin o portavoz da mesma, Francisco Bello, dirixente de Xóvenes Agricultores, que non atendeu os requirimentos vía telefónica dos outros integrantes da plataforma. Os asistentes recrimináronlle aos alcaldes de Trasmiras e Sarreaus, presentes na reunión, a pouca oposición que manifestan agora.



Manifestantes da plataforma "Zepa NON!" diante do Parlamento o 16 de outubro de 2007.

ÓSCAR VIFER/A.G.N.



O alcalde de Xinzo, Isaac Vila, aseguraba hai un ano que habería que chegar a medidas de forza”



A declaración de ZEPA era inevitábel, pero o PP que antes se manifestaba exaltado agora apoia”

Xosé Bieto Reza
Director Xeral de Medio Ambiente do bipartito.



O gran prexudicado vai ser o agricultor medio”

Amador Díaz
Concelleiro do BNG en Xinzo.

UNHA ESIXENCIA DA UNIÓN EUROPEA.

A Unión Europea, manifestoulle hai ano e medio á Xunta de Galicia a obriga de crear zonas de especial protección para aves. Indicación que ía unida a ameazas de sancións económicas que serían descontadas das propias axudas europeas.

Polas características de paso e asentamento de aves, a Dirección Xeral de Medio Ambiente do goberno bipartito, que presidiu Xosé Bieto Reza, elixiu a comarca limiá. Aquel anteproxecto incluía oito mil hectáreas co grado de protección medio ambiental máximo, semellante ao dun parque natural. Agora, segundo os socialistas, disimúlase, en distintos graos de protección, catorce mil. As acusacións da oposición van máis alá, pois o BNG asegura que curiosamente quedan fóra as leiras nas que a Deputación ourensá cría cabalos e tamén as areiras, xerando un agravio coas demais propiedades particulares.

Para Amador Díaz, concelleiro nacionalista en Xinzo, o gran prexudicado será o agricultor medio: “coas limitacións e coa zona tan ampliada de protección, vai reducirse a agricultura en moitos lugares”.

Lembrando o acontecido hai un ano, o socialista Xosé Bieto Reza cualifica a situación de “cinismo político”. Reza asegura que a declaración de ZEPA era inevitábel e que un ano despois, a pesar de non cambiar nada nas normas de protección e incluso aumentar o perímetro, o que cambiou foi a postura do PP limiá. “Lembro incluso a manifestación en Santiago, con algunha alcaldesa popular demasiado exaltada. Agora apróbase e non vexo nin a Paco Bello nin a moitos populares acudir ás plataformas e aos medios”. Reza cre que se utilizou a demagogía, falando do final da agricultura na comarca limiá, coa única finalidade de desgastar o goberno que presidía Touriño.●

PSOE a favor, BNG en contra e PP aseghún

A pasada semana tivo lugar unha nova xuntanza da *Plataforma anti-zepa*. As súas principais conclusións foron convocar mobilizacións e informar os agricultores sobre os límites á construción que establece a protección de aves.

Na manifestación impulsada polo Sindicato Labrego, o pasado 20 de outubro en Xinzo, voltaron ás rúas as pancartas contra a ZEPA. Xosé Manuel Parente, responsable do sindicato na comarca, considera necesario seguir coas mobiliza-

cións, “a pesar de que os máis activos hai un ano, agora non acoden e

o portavoz, Paco Bello, non colle o teléfono nin aparece por aquí”.



Para Unións Agrarias, sindicato próximo aos socialistas e ausente da plataforma, antes e agora, o fundamental é que o futuro plan director contemple a posibilidade da agricultura sen restricións. Xa hai un ano, aseguraban que as mobilizacións eran demagóxicas e agora ratifícanse, asegurando que ante a decisión da UE, o que hai que perfilar mellor é o regulamento e, segundo Xosé Ramón Fernández, “niso imos ser esixentes até o final”.●

COMUNICACIÓN LOCAL

Xosé Ramón Pousa

O s xornais, as radios, as TVs, os produtos en rede, conforman unha complexa realidade mediática que define, en gran medida, a cultura do momento. Esta industria das ideas ten efectos inmediatos, ás veces perversos, sobre a opinión pública e, por tanto, os seus postulados, próximos ou afastados, acaban incidindo non só nas confrontacións democráticas expresadas mediante o voto, senón en case que todas as tomas de decisión social. Neste ecosistema estanse a vivir episodios como a mundialización dos contidos que obrigan a reflexionar sobre as tradicionais definicións sobre os medios locais. Teóricos da comunicación, políticos e xornalistas debateron estes días no Consello da Cultura sobre os problemas da comunicación local e a cultura nun escenario tan difícil como o presente, no que a pervivencia da identidade nacional e do mesmo idioma galego vai estar ligada á existencia de contidos de produción próxima.

Xa ninguén dubida da converxencia tecnolóxica. Nin da consolidación da globalización dos contidos, fundamentalmente na televisión. O que está aínda por definir é o espazo dos medios de proximidade, entendendo como tal tanto os medios locais coma, no caso galego, os nacionais. Salvagardar este espazo pasa por regular as emisoras de radio e TV das grandes caídas que realizan desconexións –o 90% das que emiten en Galicia; as pertencentes ao Estado, que xa non fan desconexións; as contadas emisoras privadas independentes e a radio e a TV local. Se non facemos isto, corremos o risco de que a nosa voz, nestes momentos afónica, quede aínda máis afogada nunha globalización galopante na que cámaras e micrófonos se coloquen cada vez máis lonxe.●



O que está aínda por definir é o espazo dos medios de proximidade”



Dous aniversarios para a prensa en galego

Sorteando a crise económica que golpea os medios de comunicación escritos, a prensa non diaria está de celebración. *A Peneira* cumpre 25 anos e chega ao número 500 cunha edición especial. Pola súa banda, a revista *Tempos Novos* vén de publicar o número 150, reafirmando o seu compromiso fundacional de independencia, análise e compromiso intelectual

M.B.

Nun momento no que o contexto económico está azoutando con forza á prensa escrita, cunha redución drástica de publicidade, dúas publicacións galegas non diarias chegan aos quioscos con números redondos. *A Peneira*, xornal quincenal dirixido por Guillermo Rodríguez Fernández, acada en xaneiro o número 500, para o que está a preparar un especial no que voces significativas da cultura, a política e os media reflexionarán sobre a situación actual que atravesamos o país desde ópticas diversas e que se presentará nun acto público.

A Peneira naceu hai 25 anos como alternativa ao tratamento que a prensa diaria facía da información local, establecendo dende o inicio unha relación co alto Miño portugués que se consolidou co tempo. Un cuarto de século despois a publicación estendeuse por todo o país, creou dúas cabeceiras propias independentes, O Condado e A Louríña, os suplementos Baixo Miño e Val Miñor que se editan no interior *da Peneira* unha vez ao mes, o cultural *Kalaikia* e o especial de humor *O Farelo*,

que ademais de autores galegos conta coa colaboración de debuxantes de Cuba, Polonia, Brasil, Portugal ou Arxentina.


Nos últimos anos, as novas tecnoloxías, especialmente a internet, permitíronlle ademais acadar unha maior presenza a nivel galego, a posta en marcha das webs *apeneira.com* e *novasdoeixoatlantico.com*, e estar presentes, a través de colaboradores, en feitos relevantes da outra beira do mar.

Como explica o seu director, *A Peneira* padece a crise da prensa escrita pero resiste “numantaneamente” e descarta a redución de persoal. “Nacemos cunha rabiosa independencia, defendendo Galiza como entidade con personalidade propia, cun idioma e unha cultura por riba de todo”, sinala Guillermo Rodríguez. “Fomos capaces de facer un periódico nacionalista de esquerdas con cartos da dereita, resistindo a base de publicidade e de reportaxes”, comenta. “Hoxe en día as vendas de xornais son cada vez menores e os lectores nacionalistas non sosteñen os xornais”, engade.

Cualifica o contexto xeral no que operan os medios de “de-



Luís Álvarez Pousa, director de *Tempos Novos*. PANARO/A.N.T.



Guillermo Rodríguez, director de *A Peneira*. A PENEIRA

“*A Peneira* e *Tempos Novos* son un exemplo de adaptación o mercado, desde o esforzo e en medio da crise da prensa escrita”

sastre total” froito da “nosa incoherencia e do erro do anterior goberno de non definir liñas claras na política de relación cos medios”.

150 TEMPOS NOVOS. Pola súa banda, *Tempos Novos* vén de sacar o seu número 150, revalidando a carta fundacional coa que hai trece anos un grupo de 150 persoas a botaba a andar a través da empresa Atlántica de


Información e Comunicación de Galicia. Os seus compromisos están ligados á independencia de grupos de poder político e económico, á análise e reflexión pormenorizada da información e ao enriquecemento intelectual dos seus lectores.

O seu director, Luís Álvarez Pousa, sinala como unha das claves da supervivencia desta revista mensual a elección dun modelo orientado cara un xornalismo de investigación e de opinión, que desbota todo o especulativo, e que ofrece un produto de calidade, contrastado e rigoroso. “Nunca variamos de ruta editorial, non traizoamos a nosa carta de principios e nunca fomos equidistantes nin neutrais”, comenta. “Téñenme dito que é un milagre que chegáramos até aquí, pero eu reservaría ese apelativo para medios

que aceptaron renunciar a ser un contrapoder”.

Cunha tirada de 3.500 exemplares, coa metade de vendas a través de subscricións, *Tempos Novos* opera nun contexto “tirante, complexo e arriscado”, en palabras do seu director, “no que os medios buscan só competir no mercado para consumidores e no que cada vez o mundo da comunicación está máis ligado aos resortes da economía produtiva e do espectáculo”.

Ante este panorama, cunha “relación entre o poder político e mediático perversa” e no que se “fai un xornalismo de feitos e se desbotan os conflitos ideolóxicos”, “os medios alternativos deben garantir a capacidade interpretativa da opinión pública, porque sen boa información é difícil que a calidade da democracia sexa unha realidade”. ●



É Lugo a Sodoma galega?

Varios casos de corrupción e máis de 300 imputados na provincia, aínda que algúns deles carecen de grande entidade

H. Vixande

Na actualidade, varias investigacións xudiciais na cidade de Lugo e na provincia están a destacar tramas de corrupción e delitos relacionados coa actividade pública nos que máis de 300 persoas aparecen imputadas, ofrecendo unha escandalosa imaxe deste territorio. Mais, até que punto nos enfrontamos a unha grave situación?

Un dos casos investigados sitúase en Castro de Rei, un pequeno concello próximo a Lugo no que está aberto un procedemento contra o alcalde e tres concelleiros (PSOE e TE-GA) por presunto tráfico de influencias e prevaricación e no que supostamente tamén está implicada unha vicepresidenta da Deputación (PSOE). Os cargos públicos foron detidos e prestaron declaración con grande rebumbio mediático por unha pequena obra do Plan E que puido beneficiar a familiares de políticos locais.

Era necesario darlle tanta publicidade á intervención xudicial e que os imputados acudisen esposados a declarar? Os socialistas agradeceron que os concelleiros do PP de Castro de Rei antepuxesen a presunción de inocencia dos investigados e o vicepresidente da Deputación, Antón Bao (BNG), dese-

xou unha aclaración da situación o máis rápida posíbel “para poder comparar a espectacularidade da intervención xudicial coa gravidade do caso”.

O proceso iniciouse por casualidade, cando se investigaba unha trama de retirada de multas na provincia, que leva o xulgado de instrución número tres de Lugo. A titular da sala, Estela San José, ordenou unhas escoitas telefónicas dentro das pescudas impulsadas para desvelar a trama das multas, cando nunha conversa apareceron indicios de prevaricación en Castro de Rei.

Desde había máis dun ano, o xulgado número tres investigaba o sobreesamento de sancións na Xefatura Provincial de Tráfico de Lugo, que implicou a declaración do vicario xeral de Lugo, os alcaldes de Muras ou Meira ou a vicepresidenta segunda da Deputación e polo que acabou dimitiendo o subdelegado do Goberno Xesús Otero. Este último sinalou que, ás veces, algunhas actuacións da Administración poden situarse próximas ao límite da legalidade, pero que só implica a comisión de delitos, non corrupción. “Se buscan corrupción, que investiguen patrimonios”, sinalou Otero.

PRÁCTICAS HABITUAIS. A práctica



A muralla de Lugo perto da catedral.

X. TABOADA

“Hai que apartar da política a aqueles que conciben a actividade pública como unha forma de medre persoal”

[Antón Bao]
Vicepresidente da Deputación de Lugo (BNG).

Ossocialistas agradeceron que os concelleiros do PP de Castro de Rei antepuxesen a presunción de inocencia dos investigados”

da retirada de multas é habitual en moitos puntos da xeografía galega e española. O ex concelleiro lugués de EU Carlos Da-

fonte, lembra cando chegou ao concello por primeira vez en 1979 e asumiu a concellaría de Tráfico. “Un amigo pedíume que lle retirase unha multa e díxome que era habitual. Entón pedín unha investigación e descubrín que si era normal facelo, mesmo apareceu un funcionario que pagaba do seu peto as multas que non se podían retirar porque as presións dos concelleiros eran moi grandes”, sinala.

Dafonte tamén reclama unha actuación firme contra a corrupción e afirma que “non creo que a xuiza non teña nada que facer e que decida investigar por que si”. A xuiza San José enfrontouse a críticas pola espectacularidade das intervencións policiais e Dafonte insinúa que tamén a ela debe recoñecérselle a mesma boa fe que a presunción de inocencia que todo o mundo reclama para os imputados.

En todo caso, Estela San Jo-

sé leva a investigación doutro dos grandes escándalos que sacoden a provincia, que desembocou na imputación de 200 persoas por explotación de inmigrantes. Outra xuiza dun tribunal lugués, a titular do xulgado de instrución número un, Pilar de Lara, investiga a chamada Operación Carioca, que se relaciona cunha trama de proxenetismo na que aparecen presuntamente implicados policías e garda civís.

Moitos casos e porén ningún situado nalgunhas zonas costeiras da Mariña, onde chegou a suspenderse algún plano xeral de ordenación urbana. Por que Lugo e non Pontevedra aparece no punto de mira da xustiza, a pesar do desenvolvemento urbanístico de zonas como as Rías Baixas? Antón Bao, vicepresidente da Deputación luguesa, teme que os casos rematen en vía morta, como a Operación Muralla, que imputou por dúas tramas de corrupción a varios cargos da Deputación provincial durante o pasado mandato, cando presidía a institución Francisco Cacharro Pardo. Este último quedou seriamente tocado, aínda que non figurou entre os acusados.

En calquera caso, uns e outros reclaman un pacto para poñer cerco á corrupción e evitar o descrédito da vida política. “É unha lacra que hai que exterminar”, sentenciou Antón Bao, que reclamou “apartar da política a aqueles que conciben a actividade pública como unha forma de medre persoal”.

maloserá!!!

Vivamos como galegos!

GADIS

Os débiles importan menos

A Xunta despedirá 61 profesionais das oficinas de Igualdade e Benestar por 'falta de orzamentos' e aposta por loitar contra a violencia de xénero con publicidade

M. Obelleiro

Xema –nome figurado– é vítima da violencia de xénero, vense de separar da parella e ten dous fillos, unha con parálise cerebral. Despois de buscar apoio en diferentes colexios de avogados, deu coas oficinas de Igualdade e Benestar (I+B), onde atopou o asesoramento xurídico que precisaba. Cada mes ponse en contacto co departamento das Pontes para pedirlle axuda á profesional de Igualdade. “Como non se pode desprazar para non deixar a nena soa, vou onde ela a Cabanas e axúdoa en todos os trámites, porque no mundo xudicial está perdida”, explica a avogada que a atende. “Di que son a única que a escoita e agora, co desmantelamento das oficinas, Xema, como tantas outras vítimas da violencia de xénero, volverá quedar soa”, engade.

Casos como o desta muller eran atendidos polo que foi o instrumento estrela da política de servizos sociais da Vicepresidencia durante o Goberno bipartito, as oficinas I+B. Ademais de abranger os problemas de diversos colectivos –mulleres maltratadas, familias, terceira idade, xuventude, nenos, excluídos sociais...– estenderon aos concellos do rural as prestacións en axuda social das que xa dispuñan as grandes vilas.

As 18 oficinas que empregan 104 profesionais traballan en plena coordinación con 294 concellos –a práctica totalidade, agás as vilas de maior tamaño e as cidades. Con todo, a Xunta de Galiza eliminou dos orzamentos do 2010 as partidas específicas destes departamentos, polo que a súa continuidade fica en dúbida.

Durante o último mes, os traballadores de I+B mobilizáronse contra o desmantelamento das oficinas. O xerente do Consor-



A secretaria xeral de Igualdade, **Marta González**, presenta a campaña publicitaria contra a violencia de xénero.

SKI

Co desmantelamento desaparecerán a educación familiar, os obradoiros de igualdade para nenos, docentes e pais, o asesoramento xurídico ou as charlas e actividades para a muller

cio, Roberto Rodríguez, comunicoulles aos representantes sindicais o despedimento de 61 profesionais que atenden igualdade, familia e menores por “falta de orzamentos”. “Non sabemos que vai pasar con nós”, sinala Lucía Sánchez, unha das traballadoras das oficinas. A CIG uniuse á denuncia da “primeira medida contundente e cruel dunha Administración que desartella un servizo que non vai ser substituído”.

“ENCHUFISMO” DO BNG. A comunicación de Rodríguez aos representantes dos profesionais produciuse días despois das declaracións da secretaria xeral de Benestar, Susana López Abella, que cualificou as oficinas de “axencias de colocación do BNG”. Con todo, moitos dos afectados foron contratados co PP na Xunta e todos superaron un concurso público. Así o pro-

ban as sucesivas convocatorias no DOG e a propia páxina web do Consorcio. Os traballadores –que iniciaron accións legais por difamación– ven nas acusacións de “enchufismo” a xustificación da supresión destes postos laborais.

O Goberno de Feixóo remite agora a continuidade das oficinas I+B á negociación coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp). O plan do PP avoga por que sexan os municipios os que xestionen estes servizos. De manter esta postura a Xunta, os concellos máis pequenos veríanse na obriga de desatender os programas pola falta de recursos.

IGUALDADE, A ESQUECIDA. Igualdade é, segundo os propios profesionais das oficinas, a grande esquecida do Goberno de Feixóo. “Desde marzo deixamos de existir para a Xunta” censura unha das traballadoras. Co desmantelamento das oficinas desaparecerán servizos como a educación familiar, os obradoiros de igualdade para nenos, pais e docentes, o asesoramento xurídico para parellas en trámites de separación ou para mulleres maltratadas, o apoio ás vítimas da violencia de xénero ou as charlas e actividades para a muller.

Os profesionais das oficinas cuestionan a nova aposta da Xunta, que co gallo do Día contra a Violencia de Xénero estreou unha campaña publicitaria para previr o maltrato. “Prefiren gastar en valados e en anuncios que en manter o traballo pola prevención da violencia desde

as aulas”, denuncia unha afectada. E é que un dos programas pioneiros da área de Igualdade centrouse na prevención dos malos tratos, na historia non contada das mulleres e na conciliación e corresponsabilidade desde o ensino.

As contas públicas do 2010 tamén deixan sen recursos os programas de formación en igualdade para persoal sanitario, para deportistas ou para os axentes das forzas de seguridade e as guías comarcais sobre a actuación ante a violencia de xénero. O recorte tamén lles afecta ás actividades destinadas ás asociacións de mulleres –como os obradoiros de risa, de educación para a saúde ou de habilidades de comunicación e as conferencias. Nesta liña, unha das especialistas de I+B apunta á externalización deste servizo. “Curiosamente, desde a chegada do PP á Xunta, unha empresa privada comezou a impartir para o Goberno obradoiros moi semellantes aos que viñamos ofrecendo nós”, advirte.

Carme Adán, deputada nacionalista e ex secretaria xeral de Igualdade, láia-se da “perda de valor” que sofre o servizo desde que o PP accedeu á Xunta. “Trátase dun modelo de optimización de recursos moi avanzado que actúa onde máis se necesita, no rural”, apunta. O BNG ten levado ao Parlamento a situación das oficinas e dos traballadores de I+B. Tamén se amosaron contrarios aos despedimentos CC OO e o PSdeG. Os socialistas acusaron a Xunta de “despedir de xeito sectario” os 61 operarios.●

CONTINUÁ O ESPECTÁCULO

Xosé Manuel Sarille

O progresivo deterioro do BNG responde ao que din da cousa os manuais para aprendices. Primeiro é a incapacidade para gobernar a institución correspondente, despois, ou antes, a desorde, o descoñecemento das metas, que impide armar o programa e en consecuencia ensaiar o equipo. Xa na desfeita bótaselle a culpa aos do lado, aos que compoñen o resto da organización, coas simples, socorridas e variadas consideracións de falta de democracia interna e pensan os do outro lado que cantan mellor ca nós, cántanche a punta do nabo que mellor cantamos nós.

Máis BNG é basicamente iso, un coro de fracasados políticos que non queren recoñecer a enorme fraude ao electorado, cometida por eles durante a etapa do bipartito. Sinxelamente agardan a que a decepción instalada nos seguidores do nacionalismo se normalice e aprendan a convivir coa súa absoluta mediocridade. Políticaría en estado puro. E na UPG igual. Sobreviven todos por unha sinxela razón: o declive institucional e identitario de Galicia non ten comparanza desde hai varias décadas. Por iso políticos tan funestos como Emilio Pérez Touriño e Anxo Quintana teñen aínda capacidade para levantar cabeza. E as tendencias do BNG, igual que o PSdeG, poden seguir dando voltas como dous bébedos. Pinceladas, ocorrencias e nada de nada. A última foi a que lanzou Guillermo Vázquez. Cómpre disolver as deputacións, dixo. Cando agardabamos algo máis, que iso se imbricase nalgún lado, nalgunha campaña, nalgún documento que sinalase o comezo de algo articulado, fíxose de novo o silencio. Nin unha no cravo.●

As tendencias do BNG e do PSdeG poden seguir dando voltas como dous bébedos”

¿ UERE SABER MÁIS?
www.anosaterra.com
www.igualdadedebenestar.org



47 DÍAS, CANTO POR CONTAR

Agnes Marqués

Rirán vostedes agora do oasis catalán. Tantos anos desmarcándonos do mal facer dos políticos que vostedes e eu, queirámolo ou non, compartimos, co noso savoir faire, tan catalán, tan elegante, tan senyut (por aquilo do seny catalán, o sentidíño), para que agora nos caia enriba a espada de Damocles. Oasis ou omertà? A “santa” institución do Palau da Música violada polo ladrón máis laureado, o altar do noso orgullo colectivo. E cando aínda un se pregunta cómo levou Fèlix Millet tal dupla vida, tan longa coma contrastada, sen que ninguén, ninguén! O advertise, Baltasar Garzón desmonta outra rede de ladróns en Concellos, salpicando a PSC e CiU, estandartes da dualidade política catalá dos últimos 30 anos. E a miña veciña dime “vaia, non son eles, desde o poder, quen deberían ter descuberto a Millet?” Vaia. Convídoa a un café.

No bar, o camareiro e o da terceira banquetta cóntanse unha de piratas desmontando a Joaquín Sabina: sen coxeira, sen pata de pau, sen parche no ollo pero con cara de malos reteñen secuestrado o Alakrana. Son piratas do século XXI, con cobertura legal e todo. Nada romántico e si moi cruel. E os pescadores, anónimos, currantes e con esa ollada súa convértense nos heroes destes días de viño picado e rosas murchas. E as súas familias, os mellores portavoces con palabras sensatas e emocionadas, contundentes, lanzadas á cara desa elite política de hoxe de mans lánguidas. E á fin, demasiados días despois, 47 son moitísimos, chega o feliz desenlace.

Benvidos, rapaces!●

Ospescadores convértense nos heroes destes días de viño picado e rosas murchas”



Máis de 40 detidos nunha operación contra Segi. Policía e Garda Civil despregaron unha macro operación en Euskadi e Navarra contra a organización xuvenil ‘abertzale’ Segi na que polo de agora detiveron máis de 40 persoas. O número de rexistros practicados en distintos domicilios e locais de ambas as dúas comunidades ascende a 35. A operación foi ordenada polo xuíz da Audiencia Nacional **Fernando Grande-Marlaska** [na foto].●



PAIS VASCO

Brouard e Muguruza, asesinatos en novembro

Hai 25 e 20 anos dos asesinatos dos cargos electos de Batasuna, Santi Brouard e Josu Muguruza. O parlamento vasco vén de facer unha declaración institucional unánime en memoria do pediatra bilbaino, fundador de HB

X.C.

O 20 de novembro de 1984, os pistoleiros Luís Morcillo e Rafael López Ocaña, entraron na consulta de pediatría do dirixente abertzale, e parlamentario vasco, Santi Brouard en Bilbao, e acribillárono a tiros. Cobraron polo asasinato tres millóns de pesetas que lle foron entregados polo comandante da Garda Civil Rafael Masa. O 20 de novembro de 1989 o policía Ángel Duce e Ricardo Sáinz de Ynestrillas, mataron ao deputado electo a Cortes por HB, Josu Muguruza, no comedor do céntrico hotel madrileño Alcalá.

Os dous crimes teñen no tempo un tratamento diferente. A semana pasada o parlamento vasco, presidido por Arantza Quiroga (PP), realizou unha declaración unánime adicada a Brouard ao cumprirse o 25 aniversario da súa morte. No texto reafirmase no seu compromiso coa “defensa de todos os dereitos humanos, comezando polo dereito a vida” e fai fincapé singular en que “o feito de atentar contra quen lexitimamente ostenta a representación do voto popular, como era o caso de Brouard, adquire se cabe meirande gravidade en tanto que supón atentar directamente contra a vontade cidadá e, daquela, contra a pluralidade da sociedade vasca”.

OS TEMPOS DO GAL. Santiago Brouard (1919-1984) era dirixente de HASI, un partido con vontade de dirixir politicamente o movemento abertzale. Cando menos isto era así naquela altura, posterior ao golpe do 23 de febreiro, na que desde o núcleo do estado se puxo en

marcha a guerra suxa contra ETA, que culminaría pasados os anos en condenas á cúpula do Ministerio do Interior, dirixido por Barrionuevo e Rafael Vera. Para moitos analistas, unha vez culminada por Juan José Rosón [ministro de interior pola UCD entre febreiro de 1981 e outubro de 1982] a negociación que desmontou ETA (p-m), e xa con Felipe González na presidencia, se tería posto en práctica o hipotético acordo que desmontara parte da trama golpista. Ese acordo, tacitamente aceptado por Alianza Popular e PSOE, traería como consecuencia a posta en marcha dunha mancha de atentados en territorio estatal e no sur de Francia, realizados por mercenarios, controlados operativa e politicamente ben por policías, ben por mandos militares.

A morte de Brouard daba un salto cualitativo naquela guerra suxa porque supuña o asasinato selectivo dun cargo político electo, no que ademais estaban postas esperanzas dunha condución política da violencia a un final negociado. O intento resolutivo do GAL pódese dar por culminado na frustrada negociación de 1989 en Alxer, na que participou Domingo Iturbe Txomin, considerado o último dirixente de ETA capaz de manter a autoridade estrita na organización terrorista.

PASO POLÍTICO FRUSTRADO. O fracaso de Arxel foi en certo sentido auscultado polos cidadáns vascos nas eleccións xerais do 29 de outubro de 1989. Daquela Herri Batasuna, que só participara no Congreso dos Deputados nas constituíntes de 1977 [con Fran-



Cartel lembrando a Brouard e Muguruza nunha rúa bilbaína.

SONIKO

Atentar contra un cargo electo como Brouard, é un ataque á pluralidade da sociedade vasca”

Declaración institucional do Parlamento Vasco.

cisco Letamendía como deputado], decide que volve a integrarse nos traballos do lexislativo, como altavoz das súas reivindicacións. Aínda que non había unha tregua específica de ETA, a entrada nas Cortes foi considerada nesa altura como un paso moi importante para consolidar o polo negociador. Así o entendían os informativos do día, que mesmo cubriron nunha reportaxe no *Telediario* das 3 da tarde, a chegada a Madrid dos senadores e deputados electos de Batasuna para realizar os trámites burocráticos previos á sesión de apertura da V Lexislatura democrática.

Na noite do 20 de novembro foron ceiar todos eles xuntos ao restaurante do Hotel Alcalá, acompañados doutras persoas, como a xornalista Teresa Toda. Nunha inexplicábel imprevisión dos aparatos de seguridade do estado, entraron sen impedimentos até o reservado o policía Ángel Duce e Ynestrillas e dispararon contra os presentes. No xuízo só foi condenado o policía Duce, que ao parecer tiña como obxectivo principal a Jon Idígoras, pero resultou morto o deputado por Biscaia, o xornalista Josu Muguruza, e gravemente ferido o tamén deputado Iñaki Esnaola, ademais doutras persoas.

Josu Muguruza, sen ter aínda grande proxección pública, era considerado unha sorte de “esperanza branca” para o novo rumbo que os abertzales esperaban abrir con esa entrada nas Cortes. O resultado foi que se trunco a operación política e nunca máis volveron a presentarse. Vinte anos despois, Batasuna é ilegal e os seus dirixentes están presos.●

Os presidentes de Irán, **Mahmud Ahmadinejad** [á esquerda] e do Brasil, **Luiz Inácio Lula**, no palacio de Itamaraty (Brasília) o 23 de novembro.

ROBERTO JAYME/REUTERS

Irán e Israel compiten por alianzas en América do Sur

A axenda propia de Sudamérica ao respecto dos mandados de Washington obriga as potencias de Oriente Medio a fortalecer a súa posición nunha área con crecente influencia diplomática

Roberto Mansilla Blanco
analista do IGADI (www.igadi.org)

América do Sur estase convertendo nun escenario estratéxico do pulso xeopolítico entre Irán e Israel. Nun momento clave para definir o futuro do programa nuclear iraniano, o seu presidente Mahmud Ahmadinejad iniciou o 23 de novembro unha xira polo Brasil, Bolivia e Venezuela, coa finalidade de afinar eixes de apoio ao seu programa nuclear no seo do hemisferio occidental, que lle permitan minorar a presión e o illamento exterior.

Uns días antes da xira de Ahmadinejad, o presidente israelí Shimon Peres visitou a Arxentina e o Brasil, onde denunciou o presunto "intervencionismo iraniano" na rexión, con especial referencia á alianza de Teherán co mandatario venezolano Hugo Chávez, a quen incluso se atreveu a lle prognosticar que lle quedaba "pouco tempo" no poder. Obviamente, a visita de Peres non foi produto da casualidade senón deseñada como elemento de persuasión á posterior visita de Ahmadinejad.

Observando estes manexos poderíase considerar que o momento é clave para Irán, sumi-

do nunha ardua negociación nuclear con Occidente ao mesmo tempo que adianta exercicios militares misilísticos. A ollos israelís, Ahmadinejad necesita afirmar a súa lexitimidade presidencial no exterior, especialmente tras a crise postelectoral suscitada a raíz dos comicios presidenciais de xuño, así como ante as acusacións proferidas desde diversos sectores dentro e fóra de Irán de presunta fraude electoral e da posterior represión.

Outra variábel que persuade a Teherán a buscar novas alianzas estaría relacionada coa perspectiva do reacomodo de relacións entre Rusia e os EE UU, con claras advertencias cara ao seu programa nuclear. Ve-laí que Irán aborde unha potencia emerxente como o Brasil como actor estratéxico de importancia, que complete os eidos de alianza rexionais que mantén desde 2005 con Venezuela, Bolivia, Ecuador e Nicaragua.

Para Israel, a súa presenza en Sudamérica posúe un claro carácter reactivo aos manexos de Teherán na rexión. Tras a chegada ao poder do dereitista Benjamin Netanyahu en marzo de 2009, foi prolífica a visita de altos

Tanto Teherán como Tel Aviv queren contar co apoio do Brasil como aliado estratéxico"

Israel necesita equilibrar o distanciamento con Venezuela, Nicaragua e Bolivia con achegamentos a Arxentina ou Colombia"

funcionarios israelís a países como Arxentina, o Brasil e Colombia, este último considerado un estreito aliado militar de Tel Aviv e que actualmente está sumido nunha arriscada crise militar con Venezuela.

CARACAS-TEHERÁN. Ademais de por manter vínculos estratéxicos con Chávez, Israel acusa a Irán de alentar os apoios rexionais cara aos movementos islamitas libanes Hizbulah e palestino Hamas. Na súa xira, Peres igualmente cualificou a ruta aérea Caracas-Damasco-Teherán, operativa desde 2007, como un claro indicio da "penetración iraniana" e dos vínculos de Chávez con Teherán.

? UERE SABER MÁIS?
www.igadi.org

Non obstante, Ahmadinejad recibiu o apoio do presidente brasileiro, Luiz Inácio Lula, ao seu programa nuclear, precisamente por parte dun país con pretensións de alcanzar unha industria militar e nuclear que potencie a súa proxección global. Ademais dos factores enerxéticos, as posteriores visitas do mandatario iraniano a Bolivia e Venezuela posúen un maior carácter xeopolítico de cara a Tel Aviv e Washington, tomando en conta que Caracas e La Paz cortaron relacións con Israel tras a ofensiva militar contra Gaza en xaneiro pasado.

OPRESTIXIO DA DIPLOMACIA BRASILEIRA. Pero Peres e Ahmadinejad non son os únicos líderes de Oriente Próximo que observan a Sudamérica con intereses xeopolíticos. A semana pasada, o presidente da Autoridade Nacional Palestina, (ANP) Mahmud Abbas, visitou o Brasil exhortando o seu presidente para que premese a Teherán para lle retirar o seu apoio a Hamas, rival do partido Al Fatah, gobernante na ANP.

Así, Peres, Abbas e Ahmadinejad consideran a Brasília como un interlocutor clave e influente no xadrez xeopolítico de Oriente Próximo. Non se debe esquecer que o Brasil organizou en 2005 o I Cumio entre América do Sur e o Mundo Árabe, un aspecto que reforza aínda máis a súa perspectiva e credibilidade global.●

LATEXOS

EUROPA NON RECÚA

X.L. Franco Grande

O nomeamento de Herman van Rompuy e Catherine Ashton, o primeiro para presidir a UE, e a segunda para levar a súa política exterior, levantou ronchas na mediocre prensa madrileña, e un e outra recibiron os epítetos máis insultantes e baixos que cabería imaxinar, por moito que haxa desacordo con tales nomeamentos.

Por exemplo, na páxina dixital de *El Mundo* do día 20 puidéronse ler as máis baixas cualificacións respecto da segunda, asegurando que non podía ocupar semellante cargo unha muller tan fea. Tal monstruosidade, supoño que por protestas habidas, foi retirada despois da media mañá dese día. Unha vergonza.

Teño o presentimento, pois a seguridade é imposible, de que a capacidade negociadora que ten acreditado Van Rompuy é moi mal recibida entre as xentes da España cañi: el non se negaría nunca, paréceme, a parlamentar con terroristas, pois é un político pragmático e eficaz. Un político de verdade.

Ningún dos políticos europeos de renome, que soaban para ocuparen eses cargos, me parece mellor. Ninguén sabería dicirme en que son mellores. E sendo como son os nomeados xente normal, que sempre van dispoñer de calquera asesoramento e demais medios, ao mellor non é nada malo que carezan de especial carisma.

O máis importante é que con eses nomeamentos Europa deu un novo paso adiante, non moi grande pero si seguro, na súa consolidación como tal Unión Europea. E iso si que cómpre festexalo, ao revés do que fixo a prensa madrileña máis retrógrada e allea ao problema esencial que para o futuro eses nomeamentos supoñen.●

Con estes nomeamentos dáse un paso, non moi grande pero seguro, na consolidación da UE"



Final sucio na campaña presidencial uruguaia

José Mujica e Luis Lacalle puxan pola presidencia do Uruguai. Antes das votacións do 29 de novembro, o país austral viviu unha semana de propaganda contra o candidato da esquerda de dubidosa honorabilidade e escasa eficacia

Laudelino Pellitero

Director do Instituto para a Proxección e a Análise Exterior (IPAEX)

“Si me preguntan se empezou o xogo sucio, respondo si; comezou o xogo sucio”. Así se refería o moderado Danilo Astori, candidato á vicepresidencia de Uruguai polo Frente Amplio (FA), á campaña de insinuacións, tratando vincular o candidato de centro esquerda Pepe Mujica, ex-tupamaro e vello militante do MLN uruguaio, con armas e terrorismo.

O nexa da campaña sucia contra o candidato é Saúl Feldman, de 64 anos, quen morreu o 1 de novembro nun tiroteo cun grupo especial da policía, tras resistir un asedio de 15 horas, no que matou e feriu varios policías. Tiña no seu poder unhas 700 armas, 400 granadas, milleiros de munições, 200 kg de pólvora ou lingotes e moedas de ouro.

Morto Feldman no 2009, a oposición resucita a súa militancia en 1968 no Movemento de Unificación Socialista Proletaria, un grupo da esquerda radical autodisolto en 1969. Pasada a febre de mocidade, nunca máis Feldman volveu ter militancia política ningunha para dedicarse exclusivamente ao mundo dos negocios financeiros. De orixe xudía, dedicábase a tutelar sociedades de investimento, tanto para o Brasil como no propio Uruguai.

Dende a semana pasada, apareceron en televisión e raios pezas publicitarias con formato de informativo. Unha voz de muller dálle lectura á noticia da descuberta dun arsenal de armas. A continuación pasan imaxes dos xornais nos que se recolle o caso Feldman. Antes de que a pseudolocatoria anuncie que se están a investigar as conexións políticas aparecen fotos dun Pepe Mujica espeluxado. Outro anuncio da mesma noticia

“Ningún dos tres spots estaba asinado por ningunha persoa ou asociación pública”

As enquisas confirman o estancamento da oposición e a consolidación da vantaxe do centro-esquerda”

¿ UERE SABER MÁIS?
Lea a ampla entrevista que Laudelino Pellitero lle fixo a José Mujica no 2002
<http://anosaterra.org/nova/jose-mujica-sen-proteccionismo-as-vacas-en-europa-estarian-no-zoo.html>



Código QR da noticia en ANT Diario

acaba co ex presidente Jorge Batlle pedíndolle ao MLN que aclare as súas vinculacións. No terceiro é Jorge Larrañaga, candidato á vicepresidencia polo Partido Nacional, quen se laia “ O noso país non é merecedor disto”. Ningún dos tres spots está asinado por persoa ou asociación pública ou privada ningunha.

No Uruguai os dirixentes do FA, tan pronto tiveron coñecemento dos feitos, pasaron á ofensiva. Primeiro investigaron a orixe da campaña e localizaron a axencia contratadora: A&B. Logo acusaron o Partido



Luis Alberto Lacalle e José Mujica [arriba] en Montevideo. ANDRÉS STAPFF / REUTERS

Nacional de financeira. Por último, denunciaron formalmente a campaña diante da Asociación Uruguaia de Axencias de Publicidade e na Cámara de Anunciantes por vulnerar as normas éticas de ambas asociacións e por propaganda baseada en feitos falsos.

CAZADOR CAZADO. A estratexia agresiva volveuse contra o Partido Nacional. Tanto o partido como o candidato tiveron que saír con urxencia a desligarse da campaña. Pero, infelizmente para os nacionais, outro novo contratempo cunha axencia

publicitaria arxentina incrementou as dores de cabeza neste final de campaña. O publicista arxentino Ramón Aguila meteu no Uruguai cachos dun spot que xa utilizara no veciño país co candidato Francisco de Narvaez, molestando o electorado uruguaio.

As pesquisas da última fin de semana detectan unha oposición estancada e consolidan as cifras dun centro-esquerda cada vez máis mobilizado. As campañas sucias, axeitadamente respostadas, tamén poden ter efectos “boomerang”. O Uruguai pode ser un exemplo.●

GOLPE DE ESTADO / HONDURAS AS ELECCIÓNS, ESCUSA PARA RESTITUÍR RELACIÓNS

Honduras chegará ao 29 de novembro sen un acordo entre o presidente lexítimo, Manuel Zelaya, e o presidente golpista, Roberto Micheletti, sobre o xeito de superar a crise política creada polo golpe de Estado. Pero tanto un coma o outro esperan as eleccións presidenciais. Zelaya teme que a cita electoral non recoñecida internacionalmente si conte en último termo co apoio de Washington, primeiro paso para restituír relacións diplomáticas con Tegucigalpa. Micheletti xustamente espera iso, que o novo presidente conte co apoio internacional. Até agora, Panamá e Colombia xa reestableceron as súas embaixadas. O favorito ao triunfo é o dereitista Porfirio Lobo.●



Porfirio Lobo

HENRY ROMERO / REUTERS

VIOLENCIA POLÍTICA / FILIPINAS ASASINADAS 46 PERSOAS ANTES DUNS COMICIOS



ERIK DE CASTRO / REUTERS

O sur das illas Filipinas vive un dos peores momentos de violencia política dos últimos anos. 46 persoas foron asasinadas tras o secuestro dun convoi político dun dos candidatos a gobernador de Maguindanao. Segundo as primeiras pesquisas, un grupo de cen persoas secuestrou o convoi electoral onde viaxaban políticos, familiares e xornalistas. Os asasinados son ben xornalistas ben mulleres pertencentes ao clan Mangudadatu e entre as vítimas está Genalyn Tiamzon, esposa do candidato a gobernador, Esmel Mangudadatu. As sospeitas recaen agora sobre o clan Ampatuan, cuxo xefe, Datu Andal Ampatuan, goberna a rexión desde hai tres mandatos. Os Ampatuan son aliados da presidenta filipina, Gloria Macapagal, quen saíu na televisión para confirmar que investigará os crimes e que estes non quedarán impunes.●

A NOVELA DO ALAKRANA

Manuel Cao

O goberno socialista debería fixarse no chamamento “especial” á raiña Sofia como “muller, nai e esposa” para que intercedese no secuestro do *Alakrana* descartando a todas as mulleres do Executivo. É moi probábel que os asuntos pesqueiros lle queden moi lonxe ao goberno, non só a parte feminina, pero a desesperación fixo aflorar un problema que podería ser clave á hora de depositar ese voto individual e secreto onde o politicamente correcto xa é irrelevante.

A novela do *Alakrana* ten axentes e personaxes exóticos como os pescadores –de provincias, pero globalizados– que se adican a capturar especies diversas que os consumidores madrileños deben asociar máis á pescadaria que ao mar. O mar é máis ben para bañarse nos veráns pero agora estamos no inverno e qué pintan eses barcos polo mundo adiante e esas mulleres que reclaman excitadas e nerviosas a volta duns mariñeiros que se adican a esquilmar os mares destruíndo a biodiversidade con graves consecuencias para o ambiente?

Quizais eses mariñeiros apenas votan por estar desprazados e incluso algúns tripulantes ou non son españois ou son galegos, vascos, etc que alardean coas súas bandeiras rexionais. Dado que a pesca é un sector menor –impracticábel na Castellana– optouse por xogar cos piratas capturados para ledicia dunha Xustiza que apenas ten casos que resolver e de paso loitar contra a pirataría internacional. Mais os problemas seguían aí e pese á axuda dun PP agresivo ninguneado polos propios afectados, a sociedade civil do País Vasco e Galicia forzou o goberno a introducir na axenda a resolución inmediata do secuestro.

Novelas á parte, a pesca podía ser un sector central na economía española polo seu potencial como fonte de recursos comercializábeis pola industria alimentaria ou como materia prima para turismo e produtos semielaborados da industria química, farmacéutica, cosmética, etc. España ten moitos quilómetros de costa e a maioría da poboación no litoral pero ademais conta cunha vantaxe competitiva histórica derivada da experiencia e valentía dos mariñeiros e capitáns de empresa que crearon empresas globalizadas capaces de resistir os embates das 200 millas e a incompreensión estrutural do Estado e da UE.

Moitas destas empresas invisten en novas tecnoloxías e dan emprego directo ou indirecto nas actividades en terra pero vense penalizadas pola asimetría entre poder político e empresarial. Non hai máis que ver as reaccións en Bermeo e Vigo seguidas polo *lehendakari* e o presidente da Xunta, membros de partidos centralistas, para ver as diferenzas de percepción e as solucións propostas. Fronte á responsabilidade e sentidío dos gobernos da periferia destacaba a tolaría dos que clamaban por bombardeos absurdos e a desidia dos que consideraban este un asunto menor que se podería xestionar de xeito oportunista sen apenas custo electoral. É ben certo, ás veces o ruído mediático non permite coñecer a propia realidade.●



“As empresas do mar invisten en novas tecnoloxías e dan emprego nas actividades en terra pero vense penalizadas pola asimetría entre poder político e empresarial”

CRISE E CAÍDA DO MURO

TRIBUNA ■ Manuel Veiga.



Un dominó xigante cae diante da porta de Brandenburgo o pasado 9 de novembro na celebración do XX aniversario da caída do Muro de Berlín.

FABRIZIO BENSCHE / REUTERS

SEIS PROBLEMAS DO CAPITALISMO ACTUAL

Algúns xa catalogaron esta crise como a máis grave que viviu o capitalismo. Tal afirmación debería ser matizada, do mesmo modo que os cronistas deportivos falan con ironía, cando se trata dun grande encontro, do “partido do século deste ano”.

A de 1929 foi unha hecatombe que xerou unha onda tal de paro en todo Occidente que a revolución rusa pasou de ser vista por moitos como unha utopía a sentirse como unha necesidade. Hai que lembrar o feito, non moi difundido, de que máis de cen mil traballadores estadounidenses emigraron daquela á Unión Soviética na procura de traballo. O socialismo era o único que garantía pleno emprego nese momento e iso era visto como un tesouro desde Bratislava a Chicago.

Coincidindo en datas que terminan en nove, 1989 sinalou a fin desa alternativa, mentres que hoxe o capitalismo vive unha crise importante pero dun tamaño moito menor á do cracke á da caída do muro.

Que problemas teñen hoxe as nosas economías? Apuntemos algúns: 1º) O aumento da

“
O aumento da produtividade non se traduce en redución da xornada laboral”

produtividade non se traduce en redución da xornada laboral, senón o contrario. 2º) Os bens de consumo fábranse a propósito para que duren pouco, o que dá lugar a un alto grado de ineficiencia e malgasto, se se considera a economía en conxunto. 3º) O aumento notábel da riqueza non impide que o sistema de pensións corra hoxe maior perigo que hai anos. 4º) A autorregulación do mercado segue fallando, igual que hai un século, con tendencias claras á concentración de empresas e ao oligopolio. 5º) A pronunciada baixa do aforro privado, sobre todo nos EEUU, o Reino Unido e tamén España, e os problemas para lles facer fronte a millóns de hipotecas conviven, paradoxalmente, coas continuas chamadas ao incremento

do consumo familiar, como case único resorte para poñer en marcha de novo a economía. 6º) Este discurso ideolóxico global en favor dos consumidores bate coa crítica de que un aumento da capacidade de compra por parte dos cidadáns chineses e indios poñería en risco a sostibilidade do planeta.

A pesar destes problemas, a constatación de que o mundo actual é rico converte en desfasadas as teorías revolucionarias. Iso sempre e cando non teñamos en conta a Hannah Arendt quen, en *Sobre a revolución*, explicou que a idea de que a riqueza estaba en mans duns poucos era xa de sobra coñecida desde a antigüidade, pero só o elevado desenvolvemento económico que se produciu nas colonias de Norteamérica, antes e despois da independencia de Inglaterra, puxo en evidencia que era posíbel a xeneralización do benestar a todas as capas sociais e esa conciencia sería a que deu pé á revolución francesa e por iso tamén, segundo Arendt, as revolucións constitúen un fenómeno moderno.●

Pascual estuda as ofertas das cooperativas para alugar Outeiro de Rei. Tomás Pascual, presidente do grupo leiteiro castelán, informou que descartou as propostas de Nova Rumasa, Leite Río e un grupo de empresarios lugueses, pero aínda ten sobre a mesa a da Arzuá e a dun grupo liderado por Feiraco. Máis de cen postos de traballo están ameazados se non se chega a un acordo.●



AFUSIÓN DAS CAIXAS

O PP presiona as caixas coa reforma da lei

O mesmo día no que se reunían Feixóo, Méndez e Gaioso, o PP apoiaba a iniciativa do BNG para reformar a Lei de Caixas e aumentar o control da Xunta

Xurxo González

O pasado 24 de novembro coincidiron dous feitos importantes para o futuro de Caixanova e Caixa Galicia. Alberte Núñez Feixóo, presidente da Xunta, reuniuse con Xosé Luís Méndez, director xeral da entidade con sede en Coruña, e con Xulio Fernández Gaioso, presidente da que ten as oficinas centrais en Vigo. Mentres tanto, o PP empregaba a súa maioría absoluta para apoiar a toma en consideración dunha modificación da Lei de Caixas proposta polo BNG. O PSdeG votou tamén a favor, co que a iniciativa dos nacionalistas foi aprobada por unanimidade.

A intrahistoria desta votación non foi sinxela. Poucas horas antes da mesma agardábase que os conservadores vetasen a proposta, pero logo da reunión entre Feixóo e os responsables das caixas algo fixo cambiar o voto do PP. Esta virada por sorpresa colleu descolocados os socialistas. Así, votaron a favor, pero antes de unirse aos outros dous partidos tentaron paralizar a toma en consideración proponendo a constitución dunha comisión parlamentaria para estudar a reforma.

Así pois, o proceso de reforma da Lei de Caixas comezou cunha inesperada vitoria para o BNG, que ve recompensados meses de coherencia no reclamo dun maior control da Xunta sobre Caixanova e Caixa Galicia. O PP galego gaña lexitimidade ao apoiar unha iniciativa dos nacionalistas, e fai gala de autonomía respecto á dirección estatal do partido. Ademais obrígase ao PSdeG a resolver certas tensións internas entre os que apoian a visión do Goberno de Zapatero, proclive á concentración das caixas mediante o Fondo para a Reor-

“**OPPdeG precisa máis poder nas caixas se quere tomar unha postura activa na ordenación financeira do país”**

[Xavier Vence]
Catedrático de Economía.

“**OPP constatou que unha porcentaxe moi alta da sociedade considera irrenunciábel a galegitude das caixas”**

denación Ordenada Bancaria (FROB) e os que defenden como valor irrenunciábel a galegitude das caixas.

A SOCIEDADE, A FAVOR DA GALEGUIDADE. A razón do golpe de efecto do PP ao apoiar a iniciativa do BNG hai que buscarla en varios factores. En primeiro lugar, apúntase que os partidos do arco parlamentario manexan enquisas nas que se constata que unha porcentaxe moi alta da sociedade considera irrenunciábel manter a galegitude das caixas. Os partidos de ámbito estatal deben entón resolver a contradición que supón conxugar a satisfacción do electorado co feito de que as direccións en Madrid apoiem o ataque ao control autonómico das caixas.

Xavier Vence, catedrático de Economía da USC, apunta ademais que o apoio do PP á reforma proposta polo BNG “constitúe un xesto de autoridade cara os actuais directivos



O presidente de Caixanova, **Xulio Fernández Gaioso**, o presidente galego, **Alberte Núñez Feixóo**, e o director xeral de Caixa Galicia, **Xosé Luís Méndez**.

XOSÉ CHAZO / A.G.N.

das caixas. A actual Lei de Caixas só lle dá ao goberno autonómico poder de veto sobre fusións, pero non ten unha presenza importante nas mesmas. O PPdeG precisa máis poder nos consellos de administración das entidades se quere tomar unha postura activa na ordenación financeira do país”.

OPP TERÍA MÁIS PRESENZA NA DIRECCIÓN DAS CAIXAS. A presenza do

goberno nos órganos de dirección das caixas supón unha adecuación da norma galega ás doutras comunidades, nas que xa están presentes. Os partidos políticos xustificaron a necesidade desta modificación porque tanto Caixanova como Caixa Galicia teñen unha importante presenza en todo o territorio, polo que a Administración autonómica debe ter poder de decisión directo sobre a estratexia das en-

tidades. O debate da porcentaxe de conselleiros nomeados pola Xunta darase durante o proceso parlamentario, a través de emendas.

Prevese que haxa gran cantidade de modificacións ao texto presentado polo BNG. Vence opina que “é positivo que se inicie xa o proceso, pero non está claro como rematará. O PP ten a maioría absoluta e pode modificar a lei como desexa durante o proceso”.●

Ultimato sen argumentos

Mentres se fraguaba a unanimidade no Parlamento, Méndez e Gaioso mantiñan unha reunión a porta pechada con Feixóo e Marta Fernández Currás, conselleira de Facenda. Como é habitual nestes casos, pouco foi o que transcendeu da mesma. O único que falou ao remate da mesma foi o presidente da Xunta. A novidade máis destacábel é que Feixóo deulles ás caixas sete días para negociar. Aínda que non transcendeu

“**Feixóo deulles ás caixas sete días para negociar”**

nada de xeito oficial, os analistas aceptan que as opcións que se discutirán ao longo dese período pasan por unha fusión entre elas ou unha unión virtual por medio do SIP (Sistema Insti-

tucional de Protección).

Feixóo insistiu na urxencia do momento, ao considerar que “as caixas galegas non poden permanecer inmóviles e agora toca evolucionar. Están chamadas a adaptarse aos novos tempos, e iso significa tomar decisións”. Con todo, os argumentos remataron aí. Goberno e caixas falan da existencia de informes e de compartir un diagnóstico, pero manteñen un pechado silencio sobre a situación real cara a opinión pública.●



Siareiros Galegos organizará un partido da selección. Ao non haber partido oficial de Galiza neste Nadal, o colectivo de seareiros puxo en marcha a convocatoria dun encontro alternativo. Buscan futbolistas non profesionais que xoguen na terceira e nas divisións territoriais galegas para o partido que o 26 de decembro en Santiago os enfrontará a un combinado internacional composto por xogadores foráneos de equipos galegos.●

FUTBOL

Os xogadores non tiñan para comer

O proxecto do Cidade de Santiago parece chegar ao seu fin. Tras máis de cinco meses de conxeturas, os futbolistas foron os encargados de rematar cunha caótica situación, motivada pola forte débeda

Antonio Cendán

O valenciano, Javier Villalba prometera salvar o club da situación financeira, pero a súa chegada a Galiza non fixo máis que empeorar as cousas. Tras o descenso administrativo por non pagarlle aos futbolistas, o equipo emprendeu unha nova etapa competindo en Terceira División. Para xogar nesta categoría renovouse por completo o cadro de xogadores. Dos 20 que o compuñan, 14 eran foráneos, deles, oito arxentinos que viñeron a Santiago a través do seu intermediario da FIFA. Abondaban tamén os valencianos. A cada un deles prometéronlle un salario mensual duns mil euros, pero dende o 28 de agosto non se lle pagou nin un céntimo.

Os dirixentes do conxunto santiagués barallaron a posibilidade de desfacerse dos xogadores sudamericanos contando con que os restantes serían axudados polas respectivas familias até o final da presente tempada, pero a oposición radical do plantel impediu que Javier Villalba levase a cabo esta acción.

O fito que marca o antes e o despois do cadro verde e branco é a marcha da capital galega do seu conselleiro delegado, Javier Villalba. Antes de irse outorgoulle plenas competencias a David Freitas, segundo algúns o seu "home de palla". Ao longo das últimas semanas, Freitas encargouse de facerlle chegar mensaxes aos deportistas, tales coma a da existencia dun suposto accionista, Óscar Bertomeu Seoane, que investiría no club, aínda que el nega este extremo despois de encargarse un informe no que di que o proxecto do

Cidade de Santiago non é viábel.

ODRAMA DOS FUTBOLISTAS. Os que máis duramente pagaron a situación foron os futbolistas. Pensaron que se trataba dun proxecto serio, ao ser un equipo que descendera administrativamente de categoría. Pero, pasaba o tempo e ningún se facía cargo dos gastos que lles ocasionaba a estadia en Santiago. Tiñan que negociar unha e outra vez cos donos das vivendas nas que estaban aloxados para non ser desfuzados.

Pero o peor é que nin sequer tiñan cartos para mercar comida, polo que unha ONG encargouse de proporcionarlles alimentos, algo que parece insólito nos tempos que corren. Con todo, as súas penurias non remataron aí. Na lavandería negáronse a lavar os uniformes deportivos, porque o equipo non corría cos gastos. A pasada fin de semana non dispuñan de material deportivo co que enfrontarse ao rival, o Narón, en Santa Isabel, cando ían xogar o seu derradeiro partido. Ao carecer da roupa apropiada, o árbitro decidiu suspender o encontro, aínda



Plantel do Cidade de Santiago.

Alavandería negouse a lavar os uniformes, porque o equipo non corría cos gastos"

Unha ONG proporcionoulles alimentos"

da que non se lles poda achacar incomparecencia, porque os futbolistas presentáronse no campo. Previamente, na xornada do sábado, fixeran un comunicado a través da web do club na que indicaban que a partir do 26 de novembro principiarían unha folga. O xogador Toni López García apuntaba que esta semana a práctica totalidade do plantel abandonaría Santiago rumbo aos respectivos lugares de orixe. De feito, algunhas informacións apuntan a que quedaban tan só catro xogadores na capital galega.

O equipo, teoricamente, aínda non desapareceu, pero a

máis que probábel ausencia no encontro ante o Coruxo suporía a primeira incomparecencia, sempre e cando non se compute o partido que non se xogou contra o Narón, asunto este que está en mans da FGF. Con dúas inasistencias consecutivas o Cidade de Santiago descendería a Preferente pola vía administrativa. Ao non ter comezado aínda a segunda volta ligueira os partidos do cadro compostelán quedarían invalidados e a clasificación do Grupo I de Terceira División experimentaría cambios, xa que non se computarían os puntos acadados ante os verde e brancos.●

Desaparecerá o equipo feminino?

Outra das incógnitas que se cerne sobre o Cidade é a posíbel desaparición das súas categorías inferiores e tamén do combinado feminino, que a tempada pasada fora subcampión da Copa Galiza, e que agora está ben clasificado na terceira categoría que corresponde aos equipos galegos. Neste momento ocupa o ter-



ceiro posto da clasificación.

Dun xeito ou doutro, o certo é que o proxecto do Cidade de Santiago emprendido por Javier Villalba semella un timo, non só a afección, senón a un grupo de deportistas que agora se ven abocados a buscar saída noutros lugares, cando a competición leva xa máis de tres meses de andaina.●



Museo virtual do Celta. Xa se pode visitar na internet o primeiro museo virtual do Celta (www.historiadoceltadevigo.net). A web, creada por Rubén Herruzo e deseñada por Opsou.com supón un cambio radical na fasquía habitual das páxinas electrónicas feitas por e para seareiros de fútbol. O visitante accede a infinidad de material do club vigués e pode seguir as estatísticas e historias do seu pasado.●

RAQUETA



Aranda nun desprazamento en autobús e durante unha competición en Santiago. Abaixo, co concelleiro de Deportes vigués, Xavier Alonso, proclamándose campioa da Copa España, en Balaidos o 26 de outubro pasado.

Xisela Aranda, número un da clasificación estatal 'O squash xa debería ser olímpico'

Antonio Cendán
O squash escríbese con nomes galegos. A Borja Golán, líder do ránquing estatal masculino e décimo mundial, engádese-lle Xisela Aranda (Vigo, 1986), que vén de asumir o liderado da clasificación feminina. Esta deportista, a pesar da xuventude, ten no seu palmarés tres subcampeonatos estatais e cinco títulos galegos absolutos, aínda que o que máis satisfacción lle produce é liderar a clasificación feminina.
Que supón liderar o ránquing? Representa un premio á regularidade. Sabes que es un exemplo para os demais xogadores, que vas estar no punto de mira de todos. Pero, iso tamén ten a súa contra, porque sabes que significa que non debes baixar a garda, o que supón unha motivación moi grande. Hai que seguir adestrando, se cadra máis horas, para procurar estar o máis enriba posíbel.
Que obxectivos ten? Aí á volta están os campionatos europeos e estatais. Xa fun con-

vocada coa selección española noutras tres ocasións e teño que esforzarme para estar no campionato continental. Logo aínda me queda esa pequena espiña de acadar o título estatal.
De que depende lograr unha meta determinada? É importante encontrarse fisicamente ben nun momento determinado, pero tamén a preparación psicolóxica. Cando saltas á cancha tes que procurar que sexa un momento de equilibrio e deixar os problemas fora, principalmente cando chegas a unha final, xa que é un intre puntual e resulta moi complicado estar aí.
O squash galego atravesará un bo momento... Temos bos ximnasiaos e preparadores. É certo que a personalidade de Borja Golán (número dez mundial) está a tirar por este deporte. Pero precisamos que o squash teña máis páxinas de prensa, máis programas de radio e por suposto maior proxección televisiva. É certo que melloramos algo neste aspecto



Galizaten bos ximnasiaos e preparadores"

nos últimos anos. Precisamente eu nos últimos meses non me queixo da atención que me están a prestar, pero este deporte para que o coñeza o gran público necesita que se proxecte moito máis, así daríase conta do esforzo de todos cantos es-

tamos dentro do mesmo, da súa dureza e da súa beleza.
Gustaríalle que fose olímpico? Iso representaría o seu recoñecemento absoluto. Penso que debería ser incluído, pois xa están aí outros deportes que non son tan practicados. Ademais, as axudas serían moito maiores do que o son actualmente e por suposto, gozaríamos dun maior recoñecemento dos medios e das autoridades deportivas.
Falando de axudas, recibe algunha? Recibo, pero temos moitos gastos e calquera que teñamos benvida sexa. No meu caso teño os apoios da Fundación VI-DE, así coma da Federación Galega de Squash. Este ano tamén fun recoñecida coma deportista galega de alto nivel, o que sempre supón un incentivo moi importante.
Pódese vivir do squash? É complicado, pois iso require estar entre os 30 mellores especialistas do mundo. No meu caso foi moi importante economicamente, xa que os meus in-

gresos, antes de incorporarme ao mundo laboral, procedían exclusivamente do squash.
Existe discriminación sexista? A discriminación está máis que no deporte na sociedade e en si mesma e logo trasládase ao ámbito deportivo. Se lle preguntas a calquera muller que practique calquera outro deporte entendo que pode coincidir basicamente comigo. No squash, a contía dos premios económicos é moito menor no caso das mulleres e iso nótase tamén na organización dos campionatos e noutros asuntos que o rodean.
Vostede compaxinou ben deporte e estudos... É certo pero é moi difícil. Cando ía en terceiro de carreira, tiñame que erguer ás sete da mañá para adestrar antes no ximnasio. Fun educada así e non me importaba porque sempre considerei que pagaba a pena. Logo tiñas a satisfacción de acadar premios nos torneos. Tamén agora compaxino, na medida que podo, o traballo e o deporte.●

Cincuenta anos entre dúas culturas

O Consello da Cultura vén de publicar a primeira tradución ao galego de *As dúas culturas*, a célebre conferencia de C. P. Snow que advertía sobre a distancia que se abría entre a cultura científica e a humanista

Manuel Xestoso


En 1959, hai agora cincuenta anos, o físico e novelista Charles Percy Snow ditaba en Cambridge unha conferencia, baixo o título *As dúas culturas*, na que pretendía apuntar o que xulgaba un problema esencial da cultura contemporánea: a vida intelectual de Occidente estaba dividíndose en dous grupos –a “cultura científica” e a “cultura literaria”– profundamente separados por unha enorme incompreensión mutua que ningunha das partes pretendía salvar, xa que cada unha delas posuía unha imaxe singularmente distorsionada da outra. Snow propugnaba que esta segregación se erixía nun obstáculo para o progreso e o desenvolvemento e clamaba por un maior entendemento entre ambas: tan importante é ler a Shakespeare como coñecer o segundo principio da termodinámica, viña a expoñer na súa tese.

Sen dúbida, a expresión “as dúas culturas” foi unha das que maior fortuna fixo neste último medio século e aínda hoxe continuamos a falar, para entendernos, das *letras* e das *ciencias* como as dúas ramas fundamentais nas que se segmenta o saber, como os dous piares que conforman a estrutura básica dos sistemas educativos occidentais. E podemos afirmar que a polémica que seguiu á charla de Snow prolongase –envolvida en formas diferentes– até hoxe mesmo: non hai máis que observar as inflamadas discusións que orixina o chamado Plan Bolonia de reforma dos estudos universitarios. A convicción ex-

posta por Snow de que a educación non debería estar suxeita a unha excesiva especialización –ou, polo menos, non dende unha idade moi temperá– mantén toda a súa vixencia e o seu atractivo.

Non obstante, como sucede frecuentemente nestes casos, os ecos do debate que transcenderon ao gran público non coinciden exactamente co que se dixo e escribiu orixinalmente na disertación de Snow e na polémica que suscitou. De facto, a orixe da controversia hai que buscala na caracterización que o autor facía das dúas culturas. Os científicos, sostíña, adoitan simpatizar coas posturas políticas progresistas, posúen un espírito “duro e nobre, disposto a pelexar en prol dos seus conxéneres” e “levan o futuro na medula”. Os intelectuais literarios, pola contra, desexan que ese futuro non exista, profesan crenzas hostís ao progreso e mesmo adoptan actitudes nocivas e cargadas de “maldade política”. E, a seguir, aludía ás veleidades fascistas de Yeats, Pound e Wyndham Lewis para arriscar unha pregunta perversa: “acaso a influencia de todo o que representan non fixo que Auschwitz chegase a onde chegou?”.

Resulta obvio que a presunta neutralidade de Snow non era tal e que a interpretación que facía da mentalidade de humanistas e homes de ciencia era sumamente arbitraria e tendenciosa (non hai máis que pensar, por exemplo, na morea de científicos que colaboraron co programa do nazismo). A razón hai que procurala nun feito poucas veces aclarado: *As dúas culturas* non trataba, en realidade, sobre a distancia



Dúas imaxes de C.P. Snow, autor da célebre conferencia “As dúas culturas”.

creada entre as distintas ramas do saber, senón que expuña a idea de que a ciencia guiaría a humanidade cara a un futuro próspero e seguro. Cómpre lembrar que a motivación confesa de Snow para elaborar as súas teses era chamar a aten-

ción sobre a brecha aberta entre países ricos e países pobres: o confiado positivismo tecnocrático que profesaba inducía a pensar que acelerar o acceso á ciencia e á tecnoloxía funcionaría coma unha panacea que lles permitiría aos países sub-



As dúas culturas expuña a idea de que a ciencia guiaría a humanidade cara a un futuro próspero e seguro”



Durante as últimas décadas inverteuse a relación de forzas entre ‘as dúas culturas’: foi o discurso tecnolóxico o que enraizou nas elites políticas e económicas”



O protagonismo que adquiriu o sector privado no financiamento da investigación ameaza con liquidar a idea da ciencia como estudo desinteresado para dar paso a unha concepción utilitarista”



desenvolvidos solventar os seus problemas sociais e económicos.

INVESTIGACIÓN ‘PRÁCTICA’ E INVESTIGACIÓN ‘PURA’: Neste sentido, os argumentos de Snow resultan hoxe pouco convincentes por, polo menos, dúas razóns. En primeiro lugar, o “optimismo tecnolóxico” de que facía gala maniféstase antigo e en exceso debedor do positivismo típico do empirismo decimonónico. Como moi ben sinala Stefan Collini na introdución á edición da conferencia editada polo Consello da Cultura, “o melloramento do nivel de vida dos países do Terceiro Mundo susténtase principalmente na comprensión da complexa actuación das forzas políticas e culturais que traballan na zona e non tanto en entender os elementos científicos que posibilitan o avance tecnolóxico >>>

>>> máis vangardista". A extraordinaria resistencia de actitudes culturais e prácticas sociais consideradas "pouco modernas" – como a fidelidade á nación, ao grupo social ou ao credo relixioso – permite conxectar que unha boa formación en Historia ou en Antropoloxía prepáranos mellor para comprender e solventar as desigualdades do mundo actual que un máster en Física ou en Enxeñaría Industrial.

En segundo lugar, durante as últimas décadas inverteuse a relación de forzas entre "as dúas culturas", de tal xeito que foi o discurso tecnolóxico o que enraizou nas elites políticas e económicas, mentres que a defensa das humanidade se transformou nunha actitude a miúdo xulgada anacrónica e "pouco práctica". E talvez sexa esta división, a que se dá entre investigación *práctica* e investigación pura, a que debería preocuparnos a principios do século XXI.

O desmesurado protagonismo que nos últimos anos adquiriu o sector privado no financiamento da investigación ameaza con liquidar a idea da ciencia como estudo desinteresado para dar paso a unha concepción utilitarista que só actúa en función dos beneficios materiais que se poidan obter a curto prazo. E o que é aínda peor, os gobernos – dos que dependen os orzamentos públicos destinados ao avance científico – están dando síntomas de someterse a esta consideración, supostamente pragmática, do coñecemento. As nocións de "impacto na sociedade" e de "aplicación práctica á economía" están a substituír paulatinamente as de "excelencia académica" e "influencia intelectual" e agochan, baixo unha linguaxe deliberadamente ambigua, unha claudicación máis ou menos declarada ante os intereses do mercado.

Loxicamente, este novo xiro prexudica principalmente ás que coñecemos como humanidade, mais tampouco as ciencias – nin, en xeral, a sociedade – saen favorecidas: se un médico se obstinase en descubrir o antídoto contra algunha das chamadas *enfermidades raras*, non tardaría en comprobar que o escaso número de afectados – ou sexa, de potenciais compradores do remedio – converte ese campo de es-



Stephen Hawking durante unha visita a Compostela.

JÉSSICA BARCALA / A.G.N.



Werner Von Braun, científico que traballou para os nazis e posteriormente para a Nasa.



O matemático Ludwig Wittgenstein.

tudo nunha angueira que "non compensa". E, daquela, decatárase de que as súas posibilidades de atopar recursos económicos que sufragasen a investigación son practicamente inexistentes.

A NATUREZA DO PROGRESO. Malia que as cousas mudaron moito nestes cincuenta anos – o concepto de colaboración interdisciplinar é hoxe un tópico inescusábel – segue a ser unha realidade que os adiantos científicos se contemplan dende a sociedade cunha singular

mestura de desconfianza e respecto sacralizado. A propia deriva da ciencia é, en parte, responsábel deste estrañamento: xa non se trata de que as novas teorías sexan máis difíciles de seguir que as dos *humanistas* – Wittgenstein ou Derrida, por poñer só dous exemplos, non son precisamente modelos de sinxeleza – senón de que desafían os principios básicos a través dos cales interpretamos o mundo: átomos que están en dous lugares simultaneamente, partículas que chegan a un punto *antes* de saír da posición de partida, a posibilidade de crear un ser humano a partir dun fragmento de célula...

Escoitamos as declaracións dun científico cunha aquiescencia que, probabelmente, non dista moito da que observaban os antigos atenienses ante os oráculos. Nunha recente visita a Galiza, Stephen Hawkins declarou que o futuro da humanidade estaba no espazo exterior, na colonización doutros planetas. Ninguén discutiu nin comentou esta afirmación, mais é doado imaxinar a retranca da que sería obxecto calquera político que expresase unha hipótese semellante e de que maneira afectaría ao seu prestixio e á súa carreira.

O aspecto de *As dúas culturas* que nos fala máis directamente quizais sexa o que se refire á natureza mesma da ciencia e ten a ver directamente coa nosa imaxe do progreso. Hai unha contradición flagrante no discurso de Snow: por unha banda, declara que a Revolución Industrial se produciu sen que ninguén o advertise; por outra, sostén que o progreso científico do século XX está desaproveitándose pola indiferenza dos intelectuais. En que quedamos: é a ciencia un axente de cambio irreversible ou precisa de guías que lle impoñan unha dirección?

Dependendo da resposta que lle deamos a ese interrogante teremos que decidir se a sociedade require un meirande coñecemento dos principios elementais da ciencia para iniciar un debate público e cívico que determine as nosas necesidades e obxectivos. A invitación a revisar as nosas certezas neste ámbito segue a ser o mellor herdo que nos proporciona hoxe aquela xa distante conferencia. ●

DIXITAL

Rexina Vega

Un dos debates máis interesantes que se está a dar aquí e agora é, sen dúbida ningunha, o do futuro do libro. É esta unha cuestión dada, como poucas, á clásica pugna entre apocalípticos e integrados, como rezaba o título de Umberto Eco. Poderíamos citar o tamén clásico enfrontamento entre Vellos e Novos. Con todo, e aínda que na banda apocalíptica sobranceen os maiores, que ven no dixital unha desfeita do valor da palabra escrita e na rede un lugar para a vacuidade, a pobreza expresiva e un saber xeneralista tan estenso como pouco profundo (e lembro aquí, de novo, a George Steiner na súa famosa entrevista con Juan Cruz, onde, afirmaba que ningunha obra de valor era posible empregando un procesador de textos) o certo é que abundan así mesmo os profetas idosos, que abrazan sen reservas os novos soportes. Observo tamén, non sen certa sorpresa, que neste caso son xustamente as xeracións máis novas, as que medraron xa entre pantallas, as que agora manteñen unha prudente reserva sobre a desaparición do papel. Recente a saída dos primeiros *e-books* de Galaxia e Xerais, profesionais como María Yáñez ou Mario Regueira advirten sobre a tendencia á fechitización dos aparellos tecnolóxicos. Para eles o soporte electrónico ten sentido sempre que o que se escriba estea concibido, realmente, á maneira dixital. Conceptos como o hipertexto ou a lectura multimodal informan dunha nova literacidade, a electrónica, unha vía que, polo que fai á creación literaria, debe acabar de perfilar os seus camiños e lectores. O dixital polo dixital non é a panacea, outro cantar é a teima en opoñer "virtual" a "real", unha oposición, esta si, claramente desfasada. ●

A teima en opoñer virtual e real está claramente desfasada"





ISABEL GONZÁLEZ

Xacobe Martínez Antelo 'Era unha vergoña que non existise unha asociación de músicos'

M.B.

O pasado domingo presentouse en Compostela a Asociación Galega de Músicos ao Vivo, un colectivo que leva tempo traballando pola dignificación da música en directo. O domingo 29 terán lugar tres actos simultáneos en Vigo (no Xan Carallás), Pontevedra (na sede do SPJ) e na Coruña (no Palexco) co fin de recabar máis apoios. **Detectaban como colectivo a necesidade dunha asociación?** Á maioría danos vergoña que un país de intérpretes como Galiza, en pleno século XXI, non conte cunha asociación exclusiva para músicos de carácter universal e transversal. Nace coa intención de chegar a todos, xa sexan gaiteiros, rapeiros, cantantes dunha orquestra ou clarinetistas dunha banda municipal, que teña interese na música ao vivo.

Que problemas padecen os músicos?

Non partimos de localizar problemas e poñerlle solución. O máis importante é constituír un foro de comunicación aberto, reunindo todos os esforzos para crear unha ferramenta lexítima e áxil. A asociación traballa asembleariamente, de tal xeito que será ela quen poña luz en cada momento sobre o que considere oportuno. Pode parecer un baleiro, pero é que está aínda todo por facer, dende a dignificación máis inmediatea da profesión até o recoñecemento dos espazos públicos nos que desenvolvemos o noso labor. A música é unha realidade transversal. O xeito de achegarse a ela ten que ser o máis completo posible, pero antes debe haber un lugar no que poder xuntarnos, á marxe de sindicatos, políticos e promotores.●

Afonso Becerra, director de teatro 'O teatro debe incomodar e non ser compracente, para iso está a televisión'

M.B.

Paco Vilabarro (FOTOGRAFÍA)

Director dramático e docente na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, Afonso Becerra (Lugo, 1973) dirixe, xunto a Ana Contreras, o espectáculo *Neuras*, unha comedia contemporánea e urbana que xira ao redor da espectacularización do íntimo, da transexualidade, da condición da muller e dos trastornos alimentarios. Da súa man acaba de nacer a compañía bicéfala luguesa Ónfalo Teatro, encargada de levar por vez primeira un texto de María Xosé Queizán ás táboas, nun momento económico difícil para as artes escénicas.

É a primeira vez que se representa unha obra de María Xosé Queizán. Como o valora?

O teatro non adoita levar textos de autores galegos á escena salvo que coincida a autoría da obra coa dirección do espectáculo. Quizais sexa por un complexo inconsciente de inferioridade respecto da nosa lingua e de todo o que dela se derive. Por outra parte, o teatro profesional galego ten poucos anos de vida. Non contamos cunha dramaturxia madura como a catalá ou a británica, nin coas infraestruturas necesarias que lle brinden oportunidades de probarse sobre os escenarios. Jaume Melendres dicía que dunha páxina da guía telefónica pode facerse unha gran obra. Por iso, que se publiquen poucas obras de literatura dramática non é escusa.

Por que esta autora para un debut?

É unha declaración de principios. María Xosé Queizán é pioneira do feminismo racionalista en Galiza, está considerada unha das primeiras novelistas e escribe unha poesía rompedora que lle dá a volta á imaxe edulcorada e masculina creada da muller. Admiro a súa liberdade, aínda que sei que para moita xente trátase dunha persoa incómoda. O teatro tamén debe incomodar e non ser compracente. Para iso xa está a televisión.

Que o levou a fundar a compañía?

Inicialmente non tiñamos ningún interese en montala porque xa están operando

máis compañías das que poden sobrevivir. Pero o teatro galego é un minifundio no que non se adoitan xuntar forzas para botar a andar proxectos artísticos. Detectamos ademais que o ego creativo dos directores sitúase, na maior parte das ocasións, por riba do teatro. Sempre hai un director estrela, cando o teatro debería ser unha arte grupal na que conflúan moitas disciplinas. Se unha soa persoa se erixe como demiurgo resulta difícil que o resultado quede rico. A nosa proposta nunca estará ao servizo do texto, porque o teatro se escribe sobre o escenario co movemento, a musculatura, a modulación da voz... máis alá da literalidade das palabras.

Co contexto xeral de crise e de recorte de axudas e contratación pública, non é arriscado aparecer agora?

Concibimos o teatro como unha manifestación cultural ligada ao risco, tanto artístico como empresarial. Pero non estou de acordo en considerar o teatro como un produto cultural. Un país desenvolvido debería garantir educación, sanidade e cultura como servizos públicos. De non ser así, vexo difícil que o teatro funcione con parámetros de calidade e que evolucione. É un disparate que traten o teatro galego como unha industria sen que haxa unha infraestrutura económica e social que o avale. Moitos actores e directores teñen que vivir das nóminas que cobran na televisión ou na empresa privada. Se o Teatro Lliura traballa cun orzamento anual de cinco millóns de euros públicos, todo o teatro galego debe manexar ao redor de un millón ao ano. Unha compañía de teatro non rendibiliza o seu produto, como faría unha fábrica de coches, menos se está en galego. No Estado existe un monolingüismo que nos obriga a traducir os espectáculos se queremos saír de Galiza. A Shakespeare representano en inglés con subtítulos, pero as compañías galegas e catalás deben traducirse cando van a Madrid.

Que falla co público?

Non estou de acordo con que falle algo. No noso panorama



Coacrise a xente busca a experiencia compartida do teatro"



Anosa proposta nunca estará ao servizo do texto, porque o teatro se escribe sobre o escenario"



A Shakespeare representano en inglés con subtítulos, pero as compañías galegas e catalás deben traducirse cando van a Madrid"

convive un teatro clásico con compañías emerxentes que exploran novas linguaxes. Ana Vallés é pioneira en facer un teatro na liña de Catalunya, Alemaña ou Inglaterra. Nut traballa dende o post drama cun teatro fresco. Xesús Ron e Chévere presentan en *Testosterona* un espectáculo que hibrida diferentes xéneros. O Centro Dramático Galego realiza espectáculos de calidade e de éxito. Os índices apuntan que do mesmo xeito que os discos e o cine baixan, o teatro e os concertos soben. Coa crise a xente busca a experiencia compartida. Non me atrevería a manter unha opinión catastrofista, pero pediría unha reflexión xeral sobre a consideración do teatro como industria porque moitos dos problemas veñen desa concepción global e dunha mala xestión.●

A ÚNICA REVISTA INFANTIL QUE TEN UN SUPLEMENTO
PARA ADULTOS CHAMADO A NOSA TERRA



26 DE NOVEMBRO - 2 DE DECEMBRO DE 2009

BULE BULE

Redacción/ilustracións:
Gonzalo Vilas



Sabías que os **suevos** estiveron en Galiza e deixaron palabras que aínda se empregan na actualidade, como Allariz? Ou que o rei **Olaf de Noruega** atacou as nosas costas? Que houbo **trobadores galegos** nas principais cortes reais? E que **Hermerico** foi o

primeiro rei de Galiza tras a caída do Imperio Romano?


O debuxante **Pepe Carreiro** propón unha viaxe por estas épocas e por outras decisivas da nosa historia na **exposición** que até febreiro pode visitarse no **museo Verbum** de Vigo.

De viaxe pola historia de Galiza



No
castelo
de Marbel

Bernardino
Graña



CONTOS DO BERNARDINO

Edicións A NOSA TERRA



Un
porco
con chapeu

Bernardino
Graña



De viaxe pola historia de Galiza

Paneis cheos de humor

Humor como fio argumental e debuxos sinxelos cargados de dinamismo compoñen as ferramentas básicas coas que o debuxante vigués e creador dos *Bolechas* ou *Os Barbanzóns*, **Pepe Carreiro**, convida o público infantil e xuvenil a viaxar no tempo e descubrir os capítulos máis significativos e máis fascinantes da historia de Galiza na exposición que vén de inaugurarse no **Verbum-Casa das Palabras** de Vigo.

A mostra, que se artella en **25 paneis temáticos** composto cada un deles por un debuxo principal, un título e un texto explicativo, comeza hai medio

millón de anos, cos **primeiros poboadores**. Inicialmente nómades e vestidos con peles de animais que cazaban, estes primeiros homes e mulleres foron pouco a pouco aprendendo a domesticar animais, cultivar a terra e a pescar e mariscar.

Do seu paso aínda se conservan os gravados que deixaron nas pedras, os **petróglifos**, toda unha serie de símbolos en forma de círculos concéntricos, puntos, cruces, raias, cadrados e mesmo cérvidos dos que aínda hoxe os estudosos non teñen unha explicación única sobre o seu significado.

Os primeiros galegos gravaron nas pedras os **petróglifos**.



Cos **Irmandiños** volveu a xustiza a Galiza, mais en pouco tempo foron vencidos.



Dos castros aos irmandiños

Pepe Carreiro recorda tamén os **habitantes dos castros**, tan numerosos en Galiza, detense no paso dos **romanos** nos primeiros momentos da nosa era, nas invasións dos **viquingos** por vía marítima e na importancia que tivo a **Igrexa**, os nobres e os reis, especialmente na Idade Media. Foi precisamente nos últimos anos desta etapa histórica cando os habitantes das cidades e os labregos se uniron en **Irmandades** para loitar contra os abusos da nobreza. Os **irmandiños** asaltaron asíos castelos e tomaron o poder, pero foron derrotados finalmente.

A Historia non é aburrida

A exposición, que até o **mes de xaneiro** permanecerá aberta en Vigo, está baseada no libro **Historia de Galicia**, de Edicións A Nosa Terra. Con ela preténdese divulgar a historia do país. **"Hai moita xente que pensa que isto empezou coa autonomía"** comenta o autor **"e esquece toda unha historia que vén de vello, con episodios moi interesantes"**.

Ademais dos paneis, a mostra inclúe unha **unidade didáctica** coa que se agasalla aos rapaces na que se lles pregunta ao redor dos contidos que acaban de ver cun sistema de test, que inclúe ao final do volume, as solucións para que eles mesmos poidan cotexar os resultados. Con todo isto, quere demostrarse que a historia non ten por que ser nada aburrida.



Pepe Carreiro, o autor dos **Bolechas**, e dos textos e debuxos desta exposición.

Até o século XX

Carreiro retratou ademais a chegada do **millo e das patacas** a Galiza nos séculos XVII e XVIII, ou a miseria que obrigou a moitos galegos a **emigrar** xa desde o século XVIII. Algúns morreron na pobreza, pero uns poucos, os **indianos**, fixéronse ricos e fundaron escolas e centros de cultura en Galiza.

A viaxe pola historia chega até a actualidade, facendo parada nas sublevacións dos **liberais**, coas ideas revolucionarias vidas de Francia, no papel dos **guerrilleiros**, a pegada dos **ilustrados** e xa, no século XX, dos **galeguistas**.

Os Bolechas

PEPE CARREIRO



19 A Nosa Historia SÉCULO XIX

OS LIBERAIS
Para pór en práctica as ideas revolucionarias vidas da Francia, os liberais da Coruña sublevaronse varias veces contra o rei Fernando VII. Foi por aquela época tamén cando Galicia quedou dividida en 4 provincias e o vello reino desapareceu cortado en catro.


Lembra que podes ver esta exposición, até o **31 de xaneiro** do 2010, no: **Museo Verbum Casa das Palabras** (Avenida de Samil, 17, Vigo)



Os grandes filmes da historia do cine en comic

Por razóns de espazo, e atendendo á actualidade desta exposición sobre a Historia de Galiza, pospoñemos a publicación da **terceira e última entrega** do cómic deste filme, que poderedes ler nestas páxinas na semana vindeira.

2001: UNHA ODISEA DO ESPACIO



LECTURAS

Antonio García Teixeiro

Son moi desorganizado lendo. Teño sempre varios libros abertos cos que comparto acotío os seus infortunios. Normalmente hai un ensaio/dietario ao que me achego en momentos puntuais do día. Ás veces pasa tempo de máis sen abeirarme a el. Daquela, sinto que non me mira ben. Quensí me acompañan no bolso, dunha maneira constante, son dous ou tres poemarios (neste intre, *Pastorales*, de Juan R. Jiménez e *A caída* de Luís Valle). Acabo de devolver ao an del *Héleris*, de Carlos Negro e produciume un gran pracer relelo. (Cada día estou máis convencido de que a verdadeira lectura é a relectura). Tamén me agarda, coas follas expectantes, un volume de relatos. Rematei hai pouco un libro fermoso: *Para seguir bailando*, de Fdez. Naval. E, por suposto, invaden os meus múltiples espazos os libros de LIX. Procuo estar ao día no xénero infanto-xuvenil. A cada volta decátome, pero non é ningunha sorpresa, da boa literatura que se segue a facer neste terreo. Atopo toda sorte de temas, diferentes maneiras de contar, innovacións poéticas, gusto exquisito pola edición, formatos varios, ilustracións de todas as tendencias. Só o descoñecemento e máis os prexuízos estúpidos poden levar a infravalorar o que se está a facer neste eido. M^a Jesús Fernández, profesora e especialista en LIX, afirma na revista CLIJ que “un ano máis, a LIX en galego dá sinais de fortaleza e vitalidade”. Convén botar unha ollada ao exhaustivo panorama do ano 2009 na devandita publicación para coñecer a abundante produción, chea de calidade e variedade, que se está a dar en Galicia. Non sorprende e, ademais, anima. Así que, sen desculpas, introduzamos boa literatura na escola.●

Cada vez penso máis que a verdadeira lectura é a relectura”



Atinxir a fama

Un gran soño.

Autor: Felipe Ugalde
Editorial: Kalandraka

Álbum ilustrado co que o seu autor, o ilustrador mexicano Felipe Ugalde, gañou a segunda edición do *Premio Internacional Compostela de Álbums Ilustrados*, convocado por Kalandraka e o Concello de Santiago de Compostela. Trátase dun libro no que o texto e a imaxe se complementan para plasmar un relato simbólico que pon de manifesto, o que talvez sexa un dos desexos máis inherentes á condición humana, o de atinxir a

fama e, xa que logo, ser importante no mundo deixando unha pegada persoal. A través do desenvolvemento lineal da sinxela trama na que aparece un crocodilo como protagonista desta historia de cobiza, o lector axiña se decatará de que a ambición é gradual ao transcurso do tempo, de tal xeito que, a medida que o crocodilo medra tamén o fai a súa ansia de posuír, sen prestarlles atención ás repercusións, non sempre favorables, que os seus actos poden provocar. Tanto a linguaxe verbal coma a plástica están cheas de expresividade, dando orixe a varias interpretacións



segundo sexa a lectura ou a idade do lector. Para os máis pequenos están pensados os elementos fosforescentes da cuberta e mais unha folla con círculos e estrelas, tamén reflectores, para axudarlles a crear o seu propio universo.●

Alba Piñeiro

Pasatempos

Asocia estes coñecidos monumentos á cidade nos que se atopan

SANTIAGO
 NOVA YORK
 LONDRES
 MOSCOVA
 AGRA
 WASHINGTON
 A CORUÑA
 PISA
 LEÓN

Neste barullo de letras atoparás os nomes dos **nove monumentos** do pasatempo do lado. Os que teñen máis dunha palabra aparecen sen separación.

P	S	N	C	T	Q	Y	U	W	B	K	O	M	W	O	T	V
L	K	Y	L	A	U	Z	P	B	V	E	U	F	D	N	A	N
Q	B	S	T	O	R	R	E	D	E	P	I	S	A	F	G	H
J	U	C	T	O	R	R	E	H	E	R	C	U	L	E	S	T
C	C	A	M	X	N	J	L	Z	O	G	K	V	W	F	J	N
C	K	P	V	W	E	Y	X	M	G	Z	M	Y	Z	N	J	N
A	I	I	Q	E	V	U	W	S	M	Q	G	D	D	V	O	J
T	N	T	F	S	O	M	K	I	X	Y	S	G	L	E	P	Z
E	G	O	X	T	Q	G	L	V	R	M	L	A	L	D	G	D
D	H	L	O	A	M	F	E	I	O	J	H	L	Y	E	C	O
R	A	I	E	T	Y	Y	P	L	B	A	A	V	W	A	Y	O
A	M	O	T	U	O	S	M	R	M	R	X	D	T	K	G	V
L	P	H	L	A	V	E	P	J	D	K	K	F	Y	A	F	E
S	A	V	Y	L	J	K	A	E	N	Z	R	O	R	N	E	E
A	L	Y	J	I	H	T	T	O	P	U	S	E	H	T	A	G
N	A	D	G	B	U	A	S	Z	T	H	Q	A	M	Y	H	W
T	C	I	Q	E	C	A	G	X	J	R	U	V	L	L	J	Q
I	E	M	B	R	A	V	W	I	N	T	D	D	P	B	I	X
A	N	Y	I	D	Y	J	I	D	E	X	S	H	X	C	V	N
G	C	X	P	A	N	I	Z	P	X	D	L	E	U	Z	R	N
O	Y	J	K	D	A	M	R	L	W	C	W	D	Q	C	B	G
I	Y	I	J	E	Y	O	R	L	X	N	X	F	G	Y	B	O
B	C	U	A	D	E	M	X	D	L	F	Q	A	Z	T	R	H

recuncho d@s lector@s



Tes un debuxo, unha caricatura, unha foto túa, da túa mascota ou do sitio no que vives que queres publicar e comentar?

Ou un artigo, un contiño, ou un pequeno poema?

Fáinolos chegar a este correo: bulebule@anosaterra.com e, no posíbel, irémolos publicando aquí. Mira que non sexan escritos moi longos. E manda o teu nome, e o lugar onde vives ou a escola na que estudas, se queres. Anímate!

SOLUCIÓNS:

- 1 LEÓN
- 2 NOVA YORK
- 3 LONDRES
- 4 A CORUÑA
- 5 WASHINGTON
- 6 SANTIAGO
- 7 AGRA
- 8 MOSCOVA
- 9 PISA

O diario precursor de Eduardo Moreiras

Publicado por primeira vez en 1972, Edicións de A Nosa Terra vén de recuperar *Follas de vagar*, o diario literario escrito polo autor de Quiroga entre 1969 e 1970

Xan Carballa

Coa textura da poesía e a instantaneidade do moderno *blog*, este diario de Eduardo Moreiras (Quiroga 1914-Vigo 1991) que agora redescobren os lectores do século XXI ten o pulso do poeta que sempre foi (primeiro en castelán e desde 1955 xa exclusivamente en galego) xunto co cosmopolitismo do autor culto que igual pasa das teorías da etoloxía de Konrad Lorenz ao principio de incertidumbre de Heisenberg, ou á fonda reivindicación do saber popular nas voces de Xosé de Roxío e nas historias de Lucinda, habitantes do Courel.

De *Follas de Vagar* non se falou apenas nos anos que viu primeiro a luz en Galaxia (1972). Cando morreu Moreiras en 1991, *Nordés*, a revista que codirixía coa súa segunda esposa, Luz Pozo Garza, realizou un número de homenaxe. Francisco Fernández del Riego eran quen se detiña nun breve párrafo a escolmar o libro: “foi anotando a xeito de xornal, vivencias, lembranzas, pensamentos que agromaron no seu espírito ao longo dunha ducia de meses. Nesas anotacións andou a entrelazar ideas e feitos relacionados coa Galicia interior, coa de beiramar e co mundo. Amosa a nosa realidade cultural e a realidade cultural europea”

O diario non é un xénero co que conte a nosa tradición literaria, e aínda que isto non sexa un valor por si só, engádelle curiosidade ao ensaio que fixo Moreiras, concentrado nun tempo en que a ditadura sabíase próxima ao seu final e agromaba con crecente forza un novo renacemento da lingua e a cultura do país.

A mesma colección Central Literaria que acolle agora a Moreiras, comezara a súa andaina cun trasunto semellante, o *Anxos da Garda* (2003) de Anxos Sumai. Pero aínda con trinta anos de diferenza e soportes tecnolóxicos dispares o diario ispe as preocupacións e os estados de ánimo dos autores, pero tamén, coa perspectiva dun ano disciplinadamente des-



Moreiras comprendía que algo estaba a romper, “nestes tempos de transición, nos que os xéneros literarios aparecen tan confusos e mesturados”

crita día a día. No caso de Moreiras as conviccións dun escritor que sabéndose poeta, comprendía que algo estaba a romper, “nestes tempos de transición, nos que os xéneros literarios aparecen tan confusos e mesturados uns cos outros: poesía-relato, novela-memorias-fantásticas, conto-abstracción, etc., parece como se toda a literatura estivese metida nun

forno cocendo formas de estilo aparelladas a un novo gosto que sente agromar”

Follas de vagar, que unifica nun mesmo texto o pensamento breve dun só día, coa recreación da anécdota transcendida en reflexión filosófica, a información literaria coa modernidade da escrita, é quen de xuntar na mesma páxina ideas de Steinbeck e Castelao ou a señaldade do cine de Antonioni. Sempre co mesmo pulso na prosa que o definido por Méndez Ferrín cando fala da súa obra poética: “de detrás dunha lectura de Moreiras sobrevén a incómoda presenza de algo que non se sabe e ao que está referido todo o seu texto: un máis alá, un oco valeiro, un absoluto que o poeta percibe e o impregna todo. E sempre á procura da *verba xusta*” ●

Follas de vagar

11 de decembro

Escribir é un axuste de contas voluntario e gratuito, mais aínda así o escritor non ten liberdade. Vive, dende o berce, en garda e apreixado.

Ou escríbese por vaidade, exhibicionismo, ou pola soirdade radical do home na vida? Velaí a cuestión.

Escribir en galego, ademais de ser unha necesidade intrínseca, é unha “toma de posición” fronte aos que asoballan o noso pobo e queren destruír e comboutar a nosa cultura.

Escríbese por honestidade intelectual e moral.

1 de abril

Nunha das derradeiras cartas que o poeta [Luís Cernuda] me escribiu dende México, falábame das súas orixes galegas: “Vive usted muy cerca de Marín, de donde era mi abuelo paterno. Somos paisanos”. Velaí como este poeta, incluído polos críticos na escola andaluza de poesía (Juan Ramón, Alberti, Lorca), non ten nada e común con ela, sendo así como un fito solitario e inexplicable pola tensión espiritual que domina a súa obra.

Para min a raíz galega de Cernuda é unha das chaves do coñecemento da súa poesía. Compréndese mellor a estirpe moral do poeta. Está o home enteiro alí. E a saudade –sede de inmortalidade, de vezos de realizar a beleza da vida nesta vida– que foi para el unha constante fontela de inqueda, lévano a evocar a aurora do mundo, cando os deuses durmían nas carballeiras, os deuses orgullosos da súa beleza, núos, puros.

24 de xuño

Hai un intre, Beatrice escribiu unha carta a Dante. Era un billeteño perfumado, e o recendo que traía queimáballe as maus. A carta rulou polo cosmos á velocidade da luz e voltou a Florencia, vía satélite. Nun instante pasou polo ceo de Vigo.

Beatrice dicía cunha voz moi doce, mentres suxeitaba un brinco na orela. “A clara imaxe que tiveches sempre da muller amada, son eu?”

4 de xullo

“Os homes que teñen coraxe son sempre respectables” (Hemingway)

Atopo na revista *Impact-Science* editada este mes pola Unesco, unha *interview* que lle fixeron ao profesor Kastler [Alfred Kastler, premio nobel de Física en 1966].

O esencial das súas declaracións é que na investigación científica hai sempre unha renuncia, de xeito que a cada achádego corresponde un fracaso que o científico ten que estar disposto a aceptar. O principio que domina a física cuántica, por exemplo, que é o “principio de indeterminación” de Heisenberg, parte do recoñecemento implícito dunha limitación: “é imposible medir simultaneamente os dous gradientes que determinan o estado instantáneo dunha partícula, ou sexa a súa posición e a súa velocidade”.

De aquí a humildade do sabio diante de cada nova adquisición da ciencia. A síntese do pensamento de Kastler vén resumida nesta afirmación: “o que os sabios achegan ao mundo é a súa obxectividade”.

6 de setembro

A mar lonxe, como un animal durmido nos xuncos da tormenta. No *pick-up*, o *Requiem*.

A dor de vivir hai que expresala plasticamente, ou non será nada. Mozart no *Requiem* chega a abranguer o cume da expresión pura do sufrimento humano. Ouvíndoo, un di: “Isto é xusto o que eu sinto, eiqú vivo, esta é a dor que racha o meu ser”.

21 de decembro

Xa sei que a vida é groseira e vulgar. E que todo o mal vén da idealización do “ego”, da ollada gasalleira e ignorante da propia valía.

Por iso, para clarexar un pouco o meu corazón feble e limalo como unha chaga co fío dunha laxe, fuxin estes días de suave invernia para a montaña. Alí sentado, en soirdade na raxeira do sol, no lindeiro do bosque, ollei longamente a terra fermosa, pura, deitada en horizontes azuis. E deixei de sufrir. ●

Tabela das letras. FICCIÓN

- 1 **Sol de Inverno.** Rosa Aneiros. Xerais.
- 2 **O símbolo perdido.** Dan Brown. El Aleph.
- 3 **A praia dos afogados.** Domingos Villar. Galaxia.
- 4 **Pirata.** María Reimóndez. Xerais.
- 5 **Monte Louro.** Luís Rei Núñez. Xerais.

NON FICCIÓN

- 1 **A cocíña de Larpeiros.** Benigno Campos. Galaxia.
- 2 **Curuxás.** Carlos Parrado. A Nosa Terra.
- 3 **Cartas de republicanos...** X. Alonso Montero. Xerais.
- 4 **A deleiba do mundo.** Amin Malouf. Xerais.
- 5 **Galicia solidaria.** X. Ríos, Carlos Teixo (editores). Xerais.

LIBRARIAS CONSULTADAS: **Cartabón** (Vigo); **Couceiro** (A Coruña); **Michelena** (Pontevedra); **Pedreira** (Santiago); **Torga** (Ourense); **Central Libreira** (Ferrol); **Andel** (Vigo); **Escolma** (O Carballiño); **Sisargas** (A Coruña).

crítica

NARRATIVA

De misterio en misterio


Osímbolo perdido

Autor: Dan Brown.

Tradución: Carlos Azevedo, Fernando Moreiras e Eva Almazán.

Edita: El Aleph (667 pp.).

Está gozando de tal promoción que moitos, que só son lectores ocasionais, non dubidarán en achegarse á librería e mercar o último fenómeno mediático, aínda que só sexa por non ter que confesar “eu non a lin”: Nas liñas a seguir desvelámoslles as nosas impresións logo da lectura de *Osímbolo perdido*. Aínda recoñecendo que o estilo narrativo de Dan Brown tende a cero, a *O código Da Vinci* atopámoslle cousas positivas. Sobre todo unha, a súa lectura non se pecha coa derradeira palabra. A novela convida a reflexionar sobre a Historia, sobre os seus códigos de transmisión, sobre a relixión “oficial” e o que esta oculta, aspectos que interesan a calquera e que ofrecen a posibilidade de pensar que “o mundo puido ser doutra maneira”.



Osímbolo perdido conta con 667 páxinas, repartidas en 133 capítulos, un prólogo de 3 páxinas e un epílogo doutras tres, comeza na páxina 17 e son 36 liñas por páxina completa, iniciando cada capítulo pola liña 10. Casualidade? Algo máis? O tema segue centrado no esoterismo. O mentor de Robert Langdon é secuestrado, a partir de aí, na tentativa de liberalo, a acción vaíse ensarillando de xeito que Robert nunca pode ter seguranza de quen son aliados e quen inimigos. O único que ten todas as claves é o narrador, un narrador afeito á adverbialización

contundente, efectista e inocentemente medievalizante. A misión de Robert é a de salvar o mundo, o mundo ameazado por un perigo inconcreto. Dan Brown está claro que procura a sinerxia do “efecto 2012” e as cábalas sobre o fin dos días. E finalmente, decepciona; o perigo era tan impresionante, non atinxe a todo lector igualmente. Non desvelaremos cal ese perigo, por suposto, simplemente engadiremos que ten que ver con manter o actual status xeopolítico.

O cal resulta contradictorio. Por unha banda saúdase ese cambio de mentalidade, ese cambio na maneira de concibir o mundo, xa desde un uso non tan restrinxido das facultades cerebrais humanas, un uso moito máis intuitivo e liberador da “opresión darazón”. E por outra banda péchanse as cancelas de calquera cambio na actual correlación de forzas dominante-dominado. Vamos, cambiar para seguir igual. E aínda lle atopamos máis contradicións. Por exemplo. A estrutura profunda da novela consiste en ir desvelando palabras, a acción avanza segundo se van coñecendo determinados significados de determinadas palabras (oculto, símbolo, at-one-ment, apoteose, apocalipse, someter ao 3º grao, sinceridade, óso sacro, tempa, renacemento...), porén entre a *inxente* cantidade de mentes esclarecidas que poboa e dan sustento á novela, non hai lingüistas, ningún especialista en linguas nunha novela que fai do desvelamento criptolóxico o seu proceder. Coma se se quixese que chovera seco. Excesivamente inocente... ou inconsciente.

Como novidade, esta vez Dan Brown procura atmosferas que nos lembraron por unha banda o filme de Brian de Palma *Misión imposible* e por outra as novelas de Tom Harris (desde *O dragón vermello* a *Hannibal*). Non ofrece nada novo, por moito que queira parecelo, nada que o ciclo artúrico non teña explorado xa, algo que Dan Brown ou ignora ou cala á mantenta (a novela ten moito de “chauvinismo



Dan Brown.

made in USA”) e que non resulta de doada explicación, porque novelar algo a cerca do esoterismo e non ter en conta estes precedentes...

Emocionante? Será a pregunta que se fagan moitos lectores. Poistodo depende de canto sexan capaces de deixarse seducir por un narrador que, como un mago, os vai levar de misterio en misterio sen dar tempo á reflexión. De non ser pola mensaxe (o coñecemento é a grande aventura humana) non hai nada máis, e para novelar esa mensaxe tampouco son necesarias case 700 páxinas. Sobre todo se polo camiño quedan personaxes pouco desenvolvidas, como en realidade son case todas as da novela, que pedían a berros mellor tratamento. Ou ambientes pouco coidados, impactantes polo labiríntico do asunto, mais tan fríos e alleos á actividade humana como un

matraz, simples colectores da intriga. O narrador, máis que narrador literario semella semideus empeñado en

“Onarrador parece pensar máis na secuencia cinematográfica que no total da novela”

contar de maneira cinematográfica, que non permita respiro ou reflexión, pensando na secuencia en si máis que no total da novela. Quizá por iso o foco principal de intriga esmorece moito antes de que remate a novela, mais o discurso continúa para que a aparataxe conceptual non fique no ar, na tentativa de atar os fíos temáticos fóra da aventura.

A novela decepciona a quen pretenda ler algo máis que unha, outra, simple aventura. E tamén a aquel que só a merca-se por iso, por ler só aventura. O que está claro é que, nestes tempos milenaristas, o esoterismo vende moito, sempre que sexa promocionado convenientemente. ●

X.M. Eyré

O espírito e a mediocridade

Pelo de Cenoria

Autor: Jules Renard.

Tradución: Xesús González Gómez.

Edita: Laiovento (166 pp.).

Jules Renard foi, máis ca un narrador, un xornalista que elaborou case todos os seus libros a partir de fragmentos xa publicados en diferentes revistas e diarios da súa época. Compensou a súa feble competencia narrativa cunha excepcional capacidade de observación e un inusitado talento para o bocezo rápido. A que talvez é a súa obra mestra –o seu *Diario*, cuxa próxima publicación anuncia tamén a editorial Laiovento– reborda exemplos desta habencencia que eleva de rango o apuntamento de urxencia grazas a unha agudeza que lle permitía albiscar –e mostrar– a verdade oculta tras as aparencias. Sartre falou del como creador da “literatura do silencio”, e atribuíala esta invención a un carácter moi próximo ao que el chamaba “a misantropía do campesiño”: sen dúbida, referíase á certeza de Renard de que o camiño da lucidez acaba pasando sempre por unha introspección que exclúe a lería trivial. “Cada vez que veño de falar con alguén durante moito tempo, sintome coma un home que se embebedou e que, cheo de vergoña, non sabe onde meterse”, apunta no seu diario.

Pelo de cenoria é a súa obra máis célebre e exhibe todas as virtudes desa prosa concisa e penetrante. Fala dun neno campesiño –a quen chaman así pola cor do seu cabelo– e do difícil trato que mantén cunha nai que





María Xosé Bravo presentando o programa de AchegArte.

O máis destacado da escena cultural na Coruña. Coruña AchegArte, a feira cultural que a Concellaría de Cultura decidiu organizar tras coñecerse a decisión de que este ano non se celebraría o Culturgal. O Palexco e o Kiosco Alfonso serán o escenario no que se desenvolverán actuacións musicais, de teatro, danza, obradoiros e creacións audiovisuais. Entre os participantes figuran Luar na Lubre, Xabier Díaz, Alberto Conde, Roi Casal, Rivadulla Corcón, Xosé Abad, Vitor Coyote, Kohell, Rubén Ruibal e o colectivo Polaqla. Haberá tamén espazo para os libros. ●



Jules Renard.

non o ama. Compostaa base de pequenas viñetas sen aparente continuidade que relatan diferentes episodios da vida do protagonista, remata por se converter nun doloroso retrato sobre as relacións familiares. O vitriólico debuxo dos personaxes –a perversidade case burlesca da nai, a circunspecta impasibilidade do pai, a crueldade dos irmáns...– podería quedar nunha serie de anécdotas sen orde se non fose pola habilidade do autor para utilizalo como instrumento para internarse no bosquejo dunha socioloxía da vida rural e para subliñar a íntima relación que existe entre as circunstancias do protagonista e o abrollar dunha personalidade de gran complexidade psicolóxica.

O libro vai adquirindo entidade a medida que a acumulación de anécdotas vai instalando

”
A voz adulta e a mirada infantil non coinciden sempre e iso matiza a inxenuidade do protagonista”

do no lector a convicción de que as pequenas cousas das que trata conteñen grandes temas. A atenta selección de detalles a partir dos que se desenvolven os distintos capítulos dota a crónica do cotián dunha dimensión que propicia que interioricemos o ambiente social que constitúe o pano de fondo dos conflitos. E o ton sosegado e tranquilo que o autor logra transmitir –malia a aspereza da narración– contribúe a definir con maior claridade os piares básicos sobre os que asenta a historia: espírito e mediocridade. A contraposición entre a nobreza que vai abrollando en Pelo de Cenoria e a mesquindade do mundo que o arrodea desvélese así como a verdadeira peza de convicción desta obra.

Así, asistimos a escenas nas que Pelo de Cenoria manifesta

CONTADELIBROS.

Cosmovisión rosaliana

Rosalía de Castro. A luz da ousadía, de Diego Pardo Amado, é un ensaio ao redor da poeta fundamental da literatura galega atendendo ao seu significado de revolución social no contexto feminino



do século XIX. O autor, que arestora prepara unha tese de doutoramento sobre o mesmo tema que o libro, procura facerlle entender ao lector o contexto da obra rosaliana e os conceptos básicos da ideoloxía da escritora. Edita Laiovento.

Para quen estuda o teatro

A Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, da Universidade da Coruña,

publica dous novos textos da colección 'Documenta'. *Almeida Garrett, Retrato Paratextual con Teatro ao*


Fundo, de Iolanda Ogando e *Relación de noticias sobre teatro nos fondos da Biblioteca-Arquivo Teatral 'Francisco Pillado Mayor' (1882-1975)*, de Laura Tato Fontaña.

Ensaio sobre a felicidade

José Luis L. Aranguren foi un filósofo de gran prestixio na segunda metade do século XX.

Agora ve a luz en galego un dos seus textos breves máis celebrados, *O ocio e a diversión na cidade*, traducido por María Fe González Fernández e editado por Trifolium. O texto orixinario data do 1958. ●

NOVIDADES XERAIS



A dama da Luz

Texto de Agustín Fernández Paz
Idea e ilustración de Jorge Magutis

Un fermoso álbum ideado e ilustrado por Jorge Magutis e escrito por Agustín Fernández Paz ambientado nun Vigo vello e mariñeiro, envolto nunha atmosfera de misterio, e protagonizado por toda clase de criaturas fantásticas e seres extraordinarios que no mar alto asisten a loita entre o Inverno e a Primavera.

crítica

O CORDEL.

Maremagnum
Nº 13. 2009.

Dirixe: Cipriano Luís Jiménez Casas.

Edita: Autismo Galicia.

A revista especializada nos trastornos do autismo presenta un número dedicado na súa



maioría á relación entre novas tecnoloxías e discapacidade. Os estudos publicados, de autoría múltipla, van desde o uso de software para medir o tempo á creación de programas que melloren a comunicación, a logopedia ou o acceso dos doentes ás computadoras. Ademais, Lluís Fortuny analiza a relación entre autismo e sexualidade.

Encrucillada

Nº 164. Setembro-outubro do 2009.

Dirixe: Pedro Fernández Castela.

Prezo: 5 euros

Rubén Anido fai un estudo sobre a relación entre galeguismo e priscilianismo. Xurxo Mira dá a coñecer



a Domingo de Soto, mientres o eclesiástico do século XVI. Publícase tamén o Manifesto polo galego na Igrexa, que asina o Foro de Curas Galegos. Feli Alonso fai a crónica da Romaxe de Crentes 2009.


Biblos

Nº 41. Novembro-décembro do 2009.

Dirixe: Carmela González.

Prezo: 3 euros

Pensando no Nadal chega a nova edición da revista de información literaria, fiesta excepcional para escoller un libro en galego como agasallo de Nadal. Catálogo das principais novidades das editoras



galegas e en portugués, ordenando por xéneros e idades recomendadas.●

Xosé Luís Axeitos, Premio Barbantia da Cultura Galega. O investigador e académico de Rianxo foi recoñecido polos membros de Barbantia, presidida por Antón Riveiro Coello, como merecedor dun dos galardóns que anualmente outorga a asociación cultural. Na categoría de mellor iniciativa cultural do Barbanza seleccionouse ao grupo de teatro Airiños, mentres que na de mellor traxectoria cultural desta comarca foi escollido o músico e compositor Xosé Ramón España. Os premios entregáronse o 27 de novembro no museo Valle-Inclán da Pobra do Caramiñal nun acto no que se presentarán o *VAnuario de Estudos do Barbanza* e o ensaio de Anxo A. Rei Ballesteros *A flor da boca*.●



LIBROSDEFONDO.

Xurxo Borrazás,
desintegrado

O desintegrado

Autor: Xurxo Borrazás.

Edita: Xerais, 1999 (139 pp.).

unha case desapiadada violencia –disparándolle na cabeza a un gato só polo pracer de velo morrir ou rebentando unha toupa a golpes– a carón doutras nas que debe agochar a delicadeza e a perspicacia que van medrando nel por medo ás burlas e menosprezos de que é obxecto cando se atreve a facer ostentación delas. Renard conxuga a emotividade coa crueza de tal xeito que as esporádicas apelacións a unha sentimentalidade máis ben convencional quedan mitigadas pola austeridade e a sinxeleza do relato. Non hai lugar para o patetismo, senón unha ambigüidade de dimensións contraditorias na que a tenrura compite coa contención dos sentimentos. É da aspereza da situación da que emana a poesía.

En certo sentido, *Pelo de cernoria* podería ser unha novela de iniciación se non fose pola indeterminación do punto de vista adoptado: é o neno quen mira o que ocorre ao seu redor, mais a ironía con que se describe pertence, con frecuencia, ao narrador adulto. A voz adulta e a mirada infantil non coinciden sempre e iso matiza a inxenuidade do protagonista e salienta a súa confusión: obviamente, non ten idade para interpretar correctamente as causas que frustran permanentemente a súa necesidade de afecto e, daquela, os camiños que escolle para enfrontarse á perda da inocencia son irreflexivos e, en ocasións, perniciosos.

Renard revélase implacábel e poético: sordidez e lirismo alternan nunha novela que mantén sempre o interese, cuxo final ilumina o resto e que resiste a tentación da desesperanza. Unha lectura moi recomendábel.●

Manuel Xestoso

Cando hai agora dez anos Xurxo Borrazás daba ao prelo *O desintegrado* coido que non se insistiu o suficiente na importancia da proposta literaria que agochaba. É ben certo que houbo algúns que sinalamos a súa aparición, mesmo nos atrevemos a deliñar brevemente as súas principais liñas de forza. Mais non debemos de ser persuasivos abondo, pois un título que entendo fundamental tivo un pasar relativamente discreto.

Haberá quen xustifique ese ver sen ollar no feito de que as oitenta e unha microprosas que o compoñen non se axustan propiamente ao que entendemos por narrativa de ficción e, por tanto, o seu atractivo para un lectorado amplo bate de fronte coa dificultade dunha escrita tan discursiva como narrativa, ensaística, contística ou autobiográfica a partes desiguais.

Mais xustamente por iso, por non se suxeitar a convención ningunha, por apostar deliberadamente pola mestura do poético e o analítico, do dramático e o expositivo e aínda varias outras fórmulas textuais mestizas que



Xurxo Borrazás.

ARQUIVO A.N.T.

sería longo enumerar, precisamente por iso, digo, é polo que o *desintegrismo* como anti-ismo esencial e fillo bastardo do relativismo ontolóxico se erixe como o espello literario no que se ven reflectidos os textos da caverna aural do de Carballo.

Que logo o fio argumental de cada prosa se sirva da historia dun pintor que viaxa a América, dun escritor que adoece intentando por orde na súa biblioteca ou na tan de moda biblioclastia alexandrina iso é o de menos. O que verdadeiramente ten miga é o propio proceso de diálogo interpretativo do ser e a súa circunstancia civilizacional que transparente a voz literaria.

Cómpre volver a este *O desintegrado*. Ali está o xermolo do aínda recente *Arte e parte*, nesas

súas páxinas que encerran moi lúcidas reflexións sobre a literatura e os seus “xéneros”, tamén sobre das restantes artes e moitas outras cuestións culturais e sociais de indubidable interese: os mitos, a memoria, o sexo, as poéticas, as lecturas e longame-

”
O que ten miga é o proceso de diálogo interpretativo do ser co seu contexto”

traxes preferidas, o papel e o modo de se conducir os medios de comunicación, as cuestións ortográficas e idiomáticas, a despersonalización masiva dos nosos días, os compromisos ideolóxicos e políticos....

Hai unha década escribía Borrazás neste *O desintegrado*: “Que o tempo nos sitúe a cada quen no lugar que nos corresponda. Pero que ese tempo sexa o noso (...) non o futuro. O lugar o noso, a lingua a nosa e nós nós mesmos”. Pois iso.●

Armando Requieiro

CONTOS DAS ILLAS

Edicións A NOSA TERRA

O LIBRO DAS ILLAS CIES

O LIBRO DA ILLA DE ONS

O LIBRO DA ILLA DE TAMBO

O LIBRO DA ILLA DE CORTEGADA

AMALIA PÉREZ OTERO / MICHEL CASADO



Vinte anos de Cinegalicia. Vinte anos despois da inauguración da exposición Cinegalicia, que pretendeu ser o punto de partida para unha xeración de cine feito e pensado en galego, pónense en marcha na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación de Pontevedra as xornadas '20 anos de Cinegalicia', coas que se quere reflexionar sobre o acontecido no cine a partir desta mostra. As actividades, coordinadas por **Miguel Anxo Fernández** [na foto] e que darán comezo o 1 de decembro, inclúen a proxección dos filmes *Continental*, de Xavier Villaverde; *Sempre Xonxa*, de Chano Piñeiro; e *Urxa*, de Alfredo García Pinal e Carlos Piñeiro.●



Emilio José.

OLALLA LOJO

MÚSICA.

Un pioneiro

Emilio José

Lugar: Marco de Vigo.

Festival: Sinsal #7.

Emilio José actuou no consagrado festival Sinsal como teloneiro da francesa afincada nos Estados Unidos, Tender Forever, que ofreceu un impecábel recital. Mais detémonos aquí no concerto de orensán que formara parte de Apeirón polo controvertida da súa proposta. Sen dúbida, o público precisou de dúas ou tres cancións para entender a anárquica síntese deste intérprete que actúa acompañado de teclado e ordenador.

Recorrendo a unha afinación discutíbel unhas veces, optando polo ripio outras, sempre adobando a súa actuación cun humor moi pegado ao momento, Emilio José abala entre o lirismo e a canción política, pero sobre todo investiga. Explora camiños aínda pouco transitados, como a relación entre os ritmos tradi-

cionais galegos e o hip hop, e anda á procura de acomodar o mundo rural ao discurso musical da contemporaneidade urbana. Todo, con ácidas alusións a elementos da cultura popular actual como as drogas ou os medios de comunicación.

Poderá non gustar aos máis requintados, quizais aínda teña que perfilar o seu espectáculo, mais no traballo de Emilio José distínguense vieiros, e moitos, que sinalan os camiños nos que a música galega deberá mergullarse tarde ou cedo.●

H. Vixande

CINEMA.

Arrepentídevos que se acaba o mundo!

2012

Director: Roland Emmerich.

Elenco: John Cusack, Woody Harrelson, Chiwetel Ejiofor, Oliver Platt, Amanda Pett, e Thandie Newton, entre outros.

Antes de comezar a película aparece un letreiro: "Non recomendábel para menores de sete anos", pero non sei se se referían o trailer do conto de Nadal ou a película que viña despois, esta da fin do mundo en directo. O espectador xa sabe de que vai o conto, é un deses produtos que eu chamaría de

"avisado", porque o que paga unha entrada sabe que vai sentar a contemplar un espectáculo xa sabido, simplemente por ver os efectos especiais que nos mostran en imaxe virtual como o mundo vai ao garete.

O esquema é xa clásico: unha ameaza mortal e inevitábel (neste caso, contra das últimas tendencias de botarlle a culpa ao cambio climático, trátase dunha radiación solar que lanza neutrinos a esgalla e fai ferver o centro da Terra, poñendo en danza as plataformas continentais para facer un diluvio universal), un héroe indestrutíbel (Cussack acumula todos os puntos de actor a piques de morrer pero que chega feliz até o final) e a posibilidade de salvar a continuidade da Humanidade por medio dunhas arcas como as de Noé, nas que non faltan nin xirafas.

Resulta unha posta ao día de aventuras de ciencia-ficción como aquela de *Cando os mundos baten*, na que non se aforra nin o discurso salvador e redentor da democracia americana e dos bos sentimentos das nobres xentes de Washington.

O filme cumpre coas espec-

tativas de grande catástrofe: colócaros na vida, a grandes trazos, de varios personaxes, e enfrontalos ao fin do mundo, nada menos. Un proxecto

secretos, que se resolve en tres anos, coloca no Himalaya chinés as arcas onde se van salvar os escollidos. E aquí entra un certo humor negro que campa por toda a película e a libra un pouco da monotonía destrutora: só se salvan os ricos e os poderosos, como debe ser, os que teñen cartos para pagar unha pasaxe rumbo ao futuro. Ese mesmo humor negro é o que nos ofrece en directo o derrubamento do Vaticano"

secretos, que se resolve en tres anos, coloca no Himalaya chinés as arcas onde se van salvar os escollidos. E aquí entra un certo humor negro que campa por toda a película e a libra un pouco da monotonía destrutora: só se salvan os ricos e os poderosos, como debe ser, os que teñen cartos para pagar unha pasaxe rumbo ao futuro. Ese mesmo humor negro é o que nos ofrece en directo o derrubamento do Vaticano, a partir dunha fenda entre os dous dedos máis famosos do mundo, os de Deus e Adán na Capela Sixtina, e ao derrubamento de San Pedro enriba do Papa e o presidente italiano (como esta apocalipse é dentro de dous anos, suponse que se trata de Berlusconi e Benedito XVI), ou o esmagamento da Casa Branca de Washington por un portavións, simbolicamente chamado John Kennedy, levantado por un enorme tsunami. A película está chea de cousas paveras, nas que non falta un alucinado profeta

da frecuencia modulada que transmite dende o parque Yellowstone, ou un mafioso ruso tópico, que inda por riba se chama Yuri Karpov. O ritmo, como non podía ser doutra maneira, corresponde co dos xogos de pleiosteixone e o espectador viaxa nun avión ou nun coche, fuxindo dos cataclismos que o perseguen ou que se presentan por diante; claro está, que consegue escapar de todos, pero non gaña ningún punto. O balance final é o que se esperaba: un espectáculo simpático, no que se pode ver como a cidade de San Francisco escacha pola famosa falla de Santo André e se somerxe no Pacífico, ou como unha das arcas salvadoras tropeza cunha illa que, en realidade é o pircoto do Everest, xa que con tanta reviravolta do mundo, o Polo Sur acaba en Wyoming, e o monte máis alto pasa a estar en Sudáfrica.

PROPOSTA: Facerlle caso ao aviso do principio e non recomendala a menores de sete ou de setenta anos, a non ser que chova a oito e non teña ganas de quedar en casa mirando as parvadas da televisión. Hai a opción de ler un libro, pero ao peor esa xa resulta ser unha actividade de excéntrica ou exótica.●

J.A. Xesteira



Chang Tseng, Morgan Lily, Lisa Lu e Beatrice Rosen [desde a esquerda] en 2012.

JOE LEDERER

ECOSLUSÓFONOS

MOÇAMBIQUE,
DE JOSÉ LUÍS CABAÇO

Xosé Lois García

O profesor mozambicano, José Luís Oliveira Cabaço, reitor da Universidade Técnica de Mozambique e doutor en Antropoloxía pola Universidade de São Paulo (Brasil), é o autor dun novo libro, titulado *Moçambique*, no que non se exclúen elementos claves da identidade mozambicana, da presenza colonial e das loitas de liberación nacional, así como dos diversos períodos que lle tocou vivir a Mozambique no proceso de liberación nacional.

O reitor Cabaço foi un militante da Fronte de Liberación de Moçambique, a todopoderosa organización política e guerrilleira que fixo posíbel a independencia do país. O profesor Cabaço estivo presente nun senfin de acontecementos e ocupando responsabilidades de goberno. Estamos ante un home de Estado e un profundo investigador sobre Mozambique e bo coñecedor dos aconteceres do continente africano. Numerosas publicacións en Mozambique, África do Sur, Cimbabue, Italia, Portugal Austria e os Estados Unidos confirman a atención de numerosos lectores que entraron nos diversos contextos de Mozambique a través dos estudos do Doutor Cabaço.

Os catro capítulos dos que se compón este libro, *Moçambique*, bastan para retrospectivar a presenza colonial portuguesa desde 1498, que el titula: "A chegada do cavalo pálido", e puntualiza desde esta data unha serie de acontecementos nos que se vai configurando a nación mozambicana. Neste seu primei-



ro capítulo analiza a orde e desorde colonial, a construción do Estado opresor, a explotación das materias primas e das mobilidades emigratorias procedente de Portugal e de seus territorios asiáticos, Goa e Macau. Así como a organización administrativa colonizadora.

Asimilación, indixenismo, configuración social pre urbana e un senfin de datos no terreo antropolóxico dinamizan o segundo capítulo do libro, no que se confirma a atención sociolóxica e antropolóxica que lle presta o autor a estas materias, fielmente abordadas e confirmadas, con datos que dan unha nova configuración histórica de Mozambique que se mostra no segundo capítulo.

O terceiro capítulo confirma pormenorizados temas do Mozambique contemporáneo, da etapa da loita armada e dun rexistro de convulsións polos que pasa o réxime salazarista con respecto aos aconteceres mozambicanos, que conforman o preámbulo de diversas crises conxunturais. No cuarto e último capítulo faise unha análise do período liberador, da etapa subversiva e contra subversiva, das relacións e contradicións da sociedade colonial. Así como doutros factores como o bélico, as nacentes estruturas que axudaron a fornecer un Estado independente. Neste sentido, Cabaço entra a contemplar a xénese e o desenvolvemento do nacionalismo mozambicano nos seus diversos procesos.●



Foto de familia dos asistentes ao IV Encontro de Novos Escritores da AELG.

PACO VILABARROS

Buscando unha xeración
común para as novas letras

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) xuntou no castelo de Santa Cruz (Oleiros) o 20 e 21 de novembro novos autores para que debatesen sobre diversos temas. A pertenza a unha xeración concreta e os temas escollidos centraron parte do encontro

César Lorenzo Gil

O nome do IV Encontro de novos escritores era elocuente: 'Eu ou nós?', unha pregunta ao redor da eterna cuestión sobre se o autor literario olla, mentres escribe, para os outros que escriben ao mesmo tempo ca el.

Este tema foi o centro da primeira mesa de coloquio, composta por Inma López Silva, Iolanda Zúñiga e Alberte Lema. Silva recoñeceuse debedora de moitos autores actuais pero non necesariamente próximos culturalmente. Ademais, defendeu a pervivencia na súa escrita de estilos e xeitos de xeracións anteriores. Para a narradora, hoxe en día a literatura galega vive un momento sen demasiados elos comúns entre os creadores. "O que nos une é que hai moita xente destacando en xéneros moi distintos, con gran diversidade de ideas."

Zúñiga foi máis alá. Segundo o seu criterio, a literatura bebe nas fontes da contemporaneidade e recibe influencias tanto das propias letras como doutras canles, especialmente da televisión. "Téñolle certa



Séchu Sende:
"O futuro do galego
depende dos neofalantes"

teima aos clásicos, supoño que por culpa das lecturas obrigadas no instituto".

Lema si recoñece un fino fio entre os poetas da xeración dos 90 e a actualidade e encontrou puntos en común que dan para concluir que si hai influencias mutuas.

A segunda mesa uniu poetas novísimos: Gonzalo Hermo, Andrea Núñez Briones e Alicia Fernández analizaron o momento actual da poesía.

Hermo considerou lóxico que si haxa unha xeración social entre os rapaces que comezan a escribir nesta altura. "Compartimos vivencias e experiencias colectivas, nada máis."

Núñez Briones foi cautelosa. "Precísase distancia para catalogar unha xeración".

Fernández pescudou sobre as pegadas de colectivismo na

poesía actual: premios aos que presentarse, revistas, asociacións. Na súa idea, perdeuse o impulso da década do 1990 pero tamén é falso que agora se imponha unicamente o individualismo.

Na segunda xornada, Uqui Permui, Baldo Ramos e Carlos Vinagre explicaron diferentes técnicas e modelos para a autoedición de libros. Os relatos coincidiron na importancia da creatividade e da excelente saúde da relación entre edición e arte.

Na mesa final participaron Séchu Sende, María Lado e Estibaliz Espinosa para falaren sobre o compromiso na literatura actual.

Espinosa dixo desconfiar do compromiso obvio. "A literatura non pode conformarse co panfleto. A mensaxe non pode ser unicamente moralizante."

Lado preferiu centrarse na aposta vital e literaria que supón a escolla do galego como vehículo de expresión. "Un xa se compromete cando decide escribir nesta lingua."

Sende coincidiu con Lado e explicou como arestora o escritor ten que levar o seu compromiso con Galiza e o galego máis alá dos textos. "Fainos falta imaxinación para nos achegar aos máis novos e poñerlles fácil pasárense ao galego. O futuro da lingua depende dos neofalantes."●

Francisco Xavier Redondo Abal, investigador 'A República creou as primeiras bibliotecas públicas'

César Lorenzo Gil

Francisco Xavier Redondo Abal (Pontevedra, 1964) traballa como bibliotecario na Facultade de Filoloxía de Santiago. Preocupado desde hai anos pola memoria histórica, xunxiu dous dos seus intereses no ensaio *O fulgor e as tebras. As bibliotecas na Galiza da II República e a súa destrución durante a Guerra Civil* (Laiovento).

É de caixón que un bibliotecario se interese polas bibliotecas.

Con certeza, sempre tiven curiosidade pola historia das bibliotecas e cando quixen saber máis sobre a época da II República, encontreime con que había moi pouco investigado. Por iso me decidín a pescudar máis. Dese esforzo xorde este libro. Quero agradecerlles o seu apoio a Francisco Pillado e Sandra Vilaseco, editores de Laiovento.

No seu libro conclúe que houbo tres tipos de bibliotecas en Galiza naquela época.

Exacto. As autoridades republicanas quixeron crear unha rede de bibliotecas públicas. Tamén había bibliotecas organizadas por sindicatos e outras asociacións. E as que fundaron emigrantes retornados.

Antes da República o Estado creara bibliotecas?

Non. No 1931 iniciouse a primeira experiencia. O Ministerio de Instrución Pública buscaba, sobre todo, corrixir a taxa de analfabetismo, que era do 50%, e facilitar o acceso á cultura da poboación rural. As Misións Pedagóxicas levaban o ensino polos diferentes concellos e en moitos deles quedaba unha biblioteca.

Que materiais había nesas bibliotecas?

O goberno facía lotes idénticos para todas as bibliotecas públicas do Estado. 300, 500, 1.000 volumes. Buscábase crear desde cero unha base cultural, por iso hai libros de Ciencias, de Dereito, de Historia, de Literatura...

Houbo difusión do libro galego?

Naquela altura, a edición en galego era escasa. Sobre todo destacaban os selos de Ánxel Casal, Lar e Nós. Consultando a documentación republicana, comprobamos que había inte-



ADRIÁN FUENTES / A.G.N.

rese por ampliar esas coleccións atendendo á diversidade lingüística, pero tamén hai que ter en conta que no 1933 chega ao poder a dereita e ralentiza a expansión bibliotecaria.

As bibliotecas sindicais tamén datan da República?

Non. Desde finais do século XIX, os sindicatos, especialmente os socialistas e anarquistas, fan esforzos por espallar a cultura, non só entre os seus afiliados senón entre o conxunto dos obreiros. Os anarcosindicalistas tiveron moi claro, desde o principio, que a formación cultural era unha das súas bases reivindicativas e investiron moito tempo e diñeiro en mellorar as súas bibliotecas. Eran de acceso

libre e contiñan volumes moi interesantes. No 1936, a meirande biblioteca de Galiza era sindical.

Cal era o fin das dos emigrantes?

Contra o tópico, non evitar que se emigrase senón que os galegos se preparasen intelctualmente para chegaren a América con estudos e así poder colocarse en mellores traballos.

No seu libro conta como a represión fascista se asañou cos libros. Recordas as queimas, como n' *Os libros arden mal*, de Manuel Rivas.

Seguindo a documentación, o que houbo en Galiza foi un plan, estrito e continuado, por aniquilar todos os avances culturais que trouxera a República. Houbo queima de libros,

”

Achegada ao poder no 1933 da dereita ralentizou o apoio ao galego nas bibliotecas”

”

No 1936, ameirande biblioteca de Galiza era sindical”

”

A Igrexa sentiuse ameazada cando a República acabou co monopolio do ensino relixioso”

”

A paranoia no 36 foi tal que a República, de Platón, foi prohibida”

caso dos volumes da Biblioteca Germinal, que arderon no peirao da Coruña, como conta Rivas, pero sobre todo incautación e acocho de practicamente todas as bibliotecas.

Quen decidiu a destrución?

As autoridades franquistas xeráronse ás ordes da Igrexa Católica. Hai que pensar que o poder eclesiástico se sentiu ameazado cando a República acabou co monopolio do ensino relixioso. Até ese momento, a moral e a cultura en España eran patrimonio dos bispos e o novo Estado pretendía un modelo laico, no que a relixión non tiña influencia pública. Ese rancor concretouse na persecución de todo o que representaba ese cambio: moitos mestres foron asasinados e os libros eran condenados, por pornográficos. A paranoia foi tal que a República, de Platón, foi prohibido. Se parte da teoloxía cristiá bebe desa fonte!●

”

FADAS

Xabier López López

Cóntanolo unha amiga –noite, coche, chuviamentres volvemos dunha visita fugaz a Compostela. Resulta que no centro escolar onde traballa (é veterana, atesoura os seus bos milleiros de historias) hai un cativiño que nunca dubida á hora de decidir o que vai, o que quere ser de maior. Dá igual quen estea diante e baixo qué circunstancias se lle faga a pregunta. Pouco importa se a confesión a ten a ela como única destinataria ou se, pola contra, arredor deles os dous hai unha chea de pálidas testemuñas axexantes. El, de maior, quere ser fada. Fada, así de claro. Contundente. Con todas as letras. “Fada”. O problema vén cando os compañeiros, sobrepostos da estrañeza inicial –e poida que logo dalgunha consulta cos papás, aló na casa– deixan a unha beira o indefinido desconcerto primeiro e, con esa implacable falta de escrúpulos da infancia, deciden facer escarnio del ata coller e facelo chorar. A situación chega a tal punto que a nosa amiga se ve na ineludible obriga de intervir. “De qué ridés”, pregunta. “Acaso as fadas non son algo fermoso?”. “Son”, contestáronlle os máis. “Pero é ridículo que un neno queira ser unha fada”, apúxolle o voceiro do grupo. A réplica, como non podía ser menos, obtén un éxito fulgurante entre os demais nenos. “Ridículo, ridículo”, repiten, facéndolle os coros a quen seica vai ser futbolista, xogar no Barça ou no Real Madrid, marcar moitos pero que moitos goles e gañar unha morea de títulos. A nosa amiga –20 e tantos anos de exercicio no lombo– xura que cada vez lle custa máis morder a lingua e ficar calada.●

”

El, de maior, quere ser fada”



IMAXES CONTRA O SEXISMO

Cambio de papel

A paridade de xénero retratada cun toque de humor

Eva Estévez

Resetea: cambia o teu rol' é unha proposta gráfica dirixida dende a Concillería de Igualdade e Participación Cidadá do Concello da Coruña feita *ex profeso* para a segunda edición do festival Mulleres Arte + Parte que se celebrou na cidade herculina o pasado mes de outubro con motivo do Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

Nela, a fotógrafa coruñesa Elba Fernández, alias *Pequena Suricata*, retratou a oito homes e oito mulleres de relevancia pública na cidade herculina desempeñando un rol 'distinto' do habitual para dar unha imaxe de paridade.

"Tratábase de dar unha mensaxe de cambio ou eliminación de roles por sexos. E titulei así a mostra porque cando reseteamos un ordenador volvemos a reinicialo sen ter en conta o anterior. E esa é a idea deste traballo, a eliminación de roles de xénero que tradicionalmente están vinculados a un sexo. Dar marcha atrás para que queden

en igualdade para todos", explica *Pequena Suricata*.

A serie presenta os 16 elixidos en escenarios e poses pouco habituais co toque "máxico, creativo e humorístico" da creadora "para chegar a todo o público" co intención de que "cada quen saque unha lectura propia".

O traballo gráfico amosa escenas, moitas delas imposíbeis. Entre elas a da titular de Igualdade e Participación Cidadá do Concello da Coruña, Margarida Vázquez Vera, arranzando un coche; ao propio alcalde, Xabier Losada, coñiando; ao atleta Andrés Díaz, entre caldeiros e produtos de limpeza; á cantautora Silvia Penide, apagando lume; ou á escritora Yolanda Castaño recollendo as redes nunha embarcación de baixura.

"Cada fotografía foi un reto", comenta *Pequena Suricata*, que confesa que os e as modelos contribuíron coas súas ideas e poses nas sesións fotográficas.

O resultado final é un atractivo conxunto de imaxes cunha mensaxe clara e divertida sobre a igualdade de xénero apta para todos os públicos. ●

Lista de retratados

Os retratados por *Pequena Suricata* son: Manuel Aguilar López, director da Obra Social de Caixa Galicia; o humorista Rober Bodegas; a escritora Yolanda Castaño; o director xeral de Begano, Antonio Couceiro; o atleta Andrés Díaz; o exxogador do Deportivo, Francisco González Pérez, 'Fran'; o alcalde do Concello da Coruña, Xavier Losada; a segunda tenente de alcal-

de, Carme Marón, a concelleira de Igualdade, Margarida Vázquez Veras; Sabela Martínez-Risco, humorista; a xerente de ExpoCoruña, Ana Montes; a seleccionadora galega de fútbol, Pilar Neira; Anxo Pena, directora do Museo de Belas Artes da Coruña; os cantantes Silvia Penide e Xurxo Souto e o primeiro tenente de alcalde, Xosé Henrique Tello. ●



Manuel Aguilar López, director da Obra Social de Caixa Galicia.



Yolanda Castaño, escritora.



Pilar Neira, seleccionadora galega de fútbol.



Ana Montes, xerente de ExpoCoruña.



Xurxo Souto, cantante.



Silvia Penide, cantante.



Francisco González Pérez 'Fran', ex xogador do Deportivo da Coruña.



Sabela Martínez-Risco, humorista.



Antonio Couceiro, director xeral de Begano.



A comarca está integrada na denominación de orixe do queixo Arzua-Ulloa.

COMARCAS DE GALIZA



A Ulloa, terra de pazos e castelos

Paisaxe característica da Ulloa: terras chairas rodeadas de cumes suaves.

Ocupada dende antigo e cun destacado patrimonio natural e artístico, a comarca da Ulloa centra o novo volume de Edicións A Nosa Terra

MLB.
Grupo XEA (FOTOGRAFÍA)

A Ulloa centra a nova entrega da colección *Comarcas de Galiza*, coa que Edicións A Nosa Terra se está a achegar, concello a concello, ao patrimonio natural, histórico e monumental do país. O volume, ao igual que o resto da serie, está coordinado por Adela Leiro, bióloga e mestra con grande experiencia neste tipo de traballos e boa coñecedora do medio natural galego. Entre a súa bibliografía destacan a colección *Espazos naturais*, o volume *As montañas de Galiza*, *Augas caídas*, *Fervenzas de Galiza* ou a *Enciclopedia temática*, todos en Edicións A Nosa Terra.

A Ulloa, como boa parte do país, sufriu unha ocupación temperá e ten restos arqueolóxicos que o testemuñan. Pero, sen dúbida, un dos momentos destacados da súa historia viviu durante a Idade Media ligado á peregrinaxe á Compostela. Pola comarca da Ulloa pasan dúas das rutas que se estableceron para achegarse ao apóstolo e se converteron nunha das principais arterias de entrada de coñecemento dende o centro do vello continente. Trátase do Camiño Francés e do Camiño do Norte. O primeiro deles fíxose

a partir do século IX. Iníciase na fronteira francesa e entra en Galiza polo Cebreiro. Está declarado pola Unesco Patrimonio da Humanidade. Nesta comarca atravesa os concellos de Monterroso e Palas de Rei.

Dentro do patrimonio natural, entre o que destacan os valores asociados ao río Ulla e aos seus afluentes, os autores d' *A Ulloa* dedican un espazo á Serra do Careón, protexida baixo a figura de Lugar de Importancia Comunitaria. Débelle parte da súa riqueza natural á composición das pedras. O afloramento de rochas ultrabásicas determina a presenza dunha flora moi especializada adaptada ás características químicas do solo. Así, na serra tópanse numerosos endemismos, algunhas especies únicas desta zona, entre as que destacan *Alyssum guttinae*, *Anthyllis melidensis*, *Asplenium adiantum nigrum var corunnense*, *Santolina rosmarinifolia ssp melidensis* ou *Centaurea janneri ssp gallaecia*.

ANTAS DE ULLA. Dende a antigüidade, as terras que hoxe conforman o concello acolleron asentamentos humanos como demostra a gran cantidade de restos arqueolóxicos topados. No Monte Farelo, preto da aldea San Fiz, localizouse unha ampla área de petroglifos. Sá-



Castelo de Pambre (Palas de Rei). Construído entre os s. XIV e XV foi dos poucos que se salvaron das Revoltas Irmandiñas.

bese, ademais, que os asentamentos do megalítico foron posteriormente ocupados polos romanos, pois pola comarca pasaba unha vía que unía Augusti e Iria Flavia.

O Códice Calixtino dá conta de que no século VI constituíuse o Condado Ulliensis, que nace neste concello. O documento refírese tamén a un burgo me-

dieval que, durante a Idade Media, gozou dun esplendor que se materializaría nun amplo patrimonio civil e relixioso.

A ese patrimonio sumouse, co tempo, a Fortaleza de Castro de Amarante, fundada pola familia Nogueira. Do antigo castelo –ao redor do que hai unha lenda que asegura a existencia dun túnel que comunica o pazo

co Monte Farelo– consérvase unha estrutura de planta oval. Cómpre destacar tamén o Pazo de Torre Penela, un dos enclaves máis significativos do concello. Na torre destaca a inserción dunha balconada que ocupa parte de dúas das súas caras.

O románico deixou tamén pegada na arte local. Entre os diferentes elementos que responden ás características deste estilo, que acadou o seu máximo esplendor na Idade Media, cómpre destacar as igrexas de Amoexa, a de Alvidrón e Arcos.

No lugar de Frádegas, na parroquia de Santa Mariña de Amarante, tópase un antigo balneario, cunhas augas bicarbonatadas-sódicas, sulfuradas e fluoradas que abrollan a 18 graos, de valor terapéutico indicadas para problemas do aparello dixestivo, o fígado e a pel. Está situado ao carón do río e dun muíño, o conxunto inclúe un edificio de dúas plantas cun patio interior, unha capela e >>>



Pormenor do encintado da igrexa románica de Alvidrón (Antas de Ulla).



Horreo en Peibás (Antas de Ulla).



Cruceiro de Ligonde (Monterroso).



Fervenzas de Mácara, na parroquia de Ramil (Palas de Rei). Entre a confluencia co río Pambre e o balneario de Frádegas, o Ulla forma un canón entre rochas graníticas con moitos rápidos e pequenas fervenzas.



As augas do Balneario de Frádegas –actualmente abandonado– son bicarbonatado-sódicas, fluoradas e sulfuradas.

>>> outras construcións auxiliares, todas elas en ruínas.

Dende os restos deste balneario pode facerse unha ruta a pé, río abaixo, polo camiño de pescadores que discorre pola marxe dereita do río, que conduce até os Torrentes de Mácara, xa en Palas de Rei, onde o río sortea sucesivos rápidos.

MONTERROSO. Situado ao leste da comarca sobre unha península ampla, o concello de Monterroso, dedicado principalmente na actualidade á gandería, á agricultura e ao sector servizos, gozou dunha importancia no pasado da que dan boa conta os pazos e as casas señoriais que aínda se manteñen en pé, con brasóns das principais familias nobres de Galiza, e as numerosas igrejas románicas.

Entre elas sobresaen a Torre de Monterroso, construída por Alonso de Gundín en 1520, a igrexa románica de Novelúa e a de Santa María de Tarrío, os restos da Torre Pazo dos marqueses de Castelar, en Bidouredo, e a Torre de Penas, de tres plantas.

Os autores do volume destacan, dentro do apartado natural, os valores asociados ás serras e ao río Ulla e recomendan a visita ás masas, ben conservadas, de carballos e castiñeiros. Pola beira do río habilitouse unha ruta a pé de cinco km que parte da Feira Vella para chegar ao Muíño do Alemán, na que se suceden pequenas fervenzas e unha flora e fauna característica deste ecosistema fluvial.

PALAS DE REI. Segundo conta a tradición o topónimo vénlle ao

“Pola comarca discorren as rutas xacobeas dos camiños Francés e a do Norte”

“As augas sulfurosas do antigo balneario de Frádegas están indicadas para doenzas do aparato dixestivo, o fígado e a pel”

“A igrexa de San Salvador de Vilar de Donas, un dos exemplos máis importantes do románico galego vinculado ás rutas xacobeas, foi mosteiro de mulleres adscrito á Orde de Santiago”

concello do palacio do rei visigodo Vitiza, que reinou a finais do século VII e principios do VIII e que tería matado a Fáfila dun pau na cabeza. As ironías da historia e as conspiracións do poder farían que precisamente un fillo do asasinado tomase o control do reino.

Como en boa parte do país, as tendencias artísticas que imperaban na Europa do Medioevo entraron polo camiño a Compostela e co románico e en Palas de Rei non foi menos. A súa pegada quedou marcada, por exemplo, na igrexa de San Salvador de Vilar de Donas, un dos



Na Serra do Careón aparecen numerosos endemismos típicos, algúns únicos desta zona, coma Santolina melidensis [na foto] Alyssum guttiana, Anthyllis melidenseis...



Filipendula vulgaris rara en Galiza asociada a terreos ultrabásicos.

exemplos máis importantes do románico galego vinculado ás rutas xacobeas. Construíuse a partir do século XII e foi mosteiro de mulleres adscrito á Orde de Santiago. No interior destacan varios sepulcros de cabaleiros desta orde, con armas de diversas familias, un deles pertencente a Fernando Ares Noguerol. En 1931 foi declarada monumento histórico-artístico.

Na última semana foi noticia un dos enclaves emblemá-

ticos, tras a morte do seu dono, o Castelo de Pambre. En estado de deterioro evidente, este Ben de Interese Cultural podería pasar a mans dunha orde relixiosa. O grupo nacionalista presentou unha iniciativa no Parlamento para demandarlle á Xunta que interveña para garantir a titularidade pública e a conservación deste castelo mandado construír en 1375 por Gonzalo Ozores de Ulloa, sobre un penedo escar-

pado á beira do río Pambre.

Durante anos foi escenario de loitas, primeiro entre Pedro I e Enrique de Trastámara, e despois entre a nobreza e o arcebispado de Santiago. Converteuse nun mito dentro da loita irmandiña.

Estas terras serviron de inspiración para a obra literaria de escritores como Álvaro Cunqueiro ou Emilia Pardo Bazán, que ambientou unha das súas obras no Pazo de Ulloa. ●



San Salvador de Vilar de Donas foi construída a partir do s. XII. No interior conserva as mellores pinturas murais do románico galego.



viajar.comer.mercar



VISITAR.

Aranga,
entre o Mandeo
e a Costa do Sal

Calquera que viva no nordés galego, ou un pouco máis lonxe, pode ter unha escusa perfecta para achegarse até Aranga, unha paisaxe para perderse e esquecer o estrés laboral. Nunha inmensa área, emprazada na entrada da comarca de Betanzos onde se despide a Terra Chá, aséntase un dos termos municipais con máis historia que se mistura cunha salvaxe natureza presidida polo río Mandeo, que atravesa en distintas direccións e sectores esta localidade, que ao tempo é fronteira de camiños que van cara a Compostela, Lugo e Betanzos.

A súa ancestral historia reflíctese en pisadas que deixaron as distintas culturas, dende as megalíticas até as máis recentes. Así na zona próxima á Costa do Sal abundan os petroglifos, mámoas e castros, que dan conta dos seus primeiros poboadores. Pero o lugar, se cadra pola importancia do seu río tampouco foi menosprezado polos romanos, que deixaron importantes probas da súa presenza. Entre elas salienta o Ara dos Fervenzas, un monumento que dá conta da historia antiga da localidade.

En épocas máis tardías, Aranga seguiu a ser un importante núcleo estratéxico para as culturas que se espallaban por Galicia. Na arte relixiosa salienta a igrexa románica da



parroquia de Muniferral, construída no século XII e a de San Paio de Aranga, do XVII, así coma a curiosa ermida de San Vitorio.

Tampouco a ancestral arquitectura civil está ausente, propiciada en gran parte polo curso do Mandeo. Na capital municipal salienta a ponte coñecida coma Pontearanga, construída no século XVII. Alí, en pleno centro administrativo local pódese contemplar unha paisaxe única feita ao abeiro da canle fluvial, no que as beiranas e estreitas rúas dálle un toque de distinción.

Achegarse até Aranga pode ser unha auténtica aventura, sexamos ou non afeccionados á pesca, unha modalidade deportiva que se pode exercitar na práctica totalidade do Concello, mentres se observan as moitas fervenzas que deixa ao seu paso o Mandeo. Pero non só é terreo de pescadores, senón tamén para os que teñan un exquisito padal. En nada mellor que achegarse até calquera restaurante da zona para degustar as súas troitas, a perfecta sobremesa para rematar esta fermosa viaxe.●

Antonio Cendán

Falámosche a ti.

CADENA SER

ÀNGELS BARCELÓ

HORA 25
Luns a venres de 20:00h a 24:00h.

EXPO ZARA GOZA 2008

CADENA SER
PASE O QUE PASE





VIÑOTECA.

Val do Frade

Segundo contan algúns autores os monxes cistercienses do mosteiro de Montederramo almacenaban en Vilachá o viño que conseguían dos viñedos da zona coñecida coma Val do Frade. Esta aldea conta cun singular grupo de construcións, realizadas en pedra granítica e lasas, adicadas á produción e almacenamento de viño que son das máis antigas da península.

ASAT Os Ermitaños elabora o viño Val do Frade en Vilachá de Salvador (Pobra de Brollón), area lucense pertencente a subzona de Quiroga - Bibeí da Ribeira Sacra. Viño que este ano ten conseguido a medalla de ouro na cata dos viños da Ribeira Sacra.

Val do Frade 2008
Os Ermitaños. Pobra de Brollón.
Mencia.
D.O. Ribeira Sacra

O seu gusto... ou cando nin un grollo nin dous son suficientes porque o suave frescor que acaríña o padal deixa en nos o pracer de repetilos sen acumular o cansazo doutros viños, como a súa imaxe abrilantada polo Atlántico, tan diferente á concentración apagada deses mesmos viños. Atráe a nosa vista e nos perde a claridade que ulimos: a limpa luz das frutas vermellas e negras, a flor que se resiste a ser tapada por este fino manancial, polo xardín de frutais, polo paseo entre os pequenos matos, pola breve sensación das especias, das que sobresa e o regaliz.

Foi gloriosa a súa conxunción coa paella mariña de calamares, ameixas e gambas.●

Antonio Portela

COGOMELOS.

Ofungo da cordo mel

É a *armillaria mellea* (*armillariella mellea*) un cogomelo

que orixina grandes danos en plantacións de viñado e madeiras e tamén en especies forestais, tales como o castiñeiro e a nogueira. É un fungo parasito, ou o que é o mesmo, que vive a costa dun ser vivo, pero pode tamén desenvolverse sobre madeira morta, provocando menos danos. De xeito popular coñecémola con denominacións como fungo da cordo mel. Aparecen en Galiza até unha ducia de variedades moi similares. Resulta comestíbel cando o cogomelo é novo, polo que podemos atopalo comercializado baixo diversas fórmulas, normalmente en conserva, pese a non ser un comestíbel de gran calidade.

Son cogomelos que aparecen formando acios, o sombreiro primeiro é globoso, convexo e despois aplanado, dun tamaño que oscila entre os cinco e os doce centímetros de diámetro, aproximadamente. A cor que presenta é moi variábel (marrón, verde oliva ou mel), con mamelón central e recuberto de escamas máis concentradas no centro.

As lamelas primeiro son abrancazadas, despois marroñáceas. Son decorrentes, delgadas, desiguais e algo separadas.

O pé pode superar en exemplares adultos os 15 centímetros de alto. É fibroso, cilíndrico e engrosado na base. A cor é amarela, apardazada na base, cunha superficie estriada. Está provisto de anel grosso, persistente e amarelado.

A carne é delgada e firme. A tonalidade é branca, malia escurecer co paso do tempo. Ten un olor fúnxico e o sabor é forte, tirando a amargo.

Aparece parasitando árbores vivas, que de non ser tratadas rematan por morrer. Tamén aparece sobre tocóns de madeira en descomposición. É moi común atopalo ao longo do verán e no outono en grandes grupos. Os exemplares vellos ou mal conservados poden ser tóxicos. Recoméndase unha boa cocción e recoller os exemplares máis novos. Existe a posibilidade de mercalos secos, deshidratados. Non obstante, non pasa de ser un acompañante máis, con outros cogomelos, dun revolto.●

Alexandre Mínguez
cogomelosdeg Galicia@gmail.com



Armillaria mellea [*armillariella mellea*].

Suave. Cremoso. Nutritivo.

Queixo Arzúa-Ulloa



O tradicional queixo galego

Certificado pola Denominación de Orixe

www.arzua-ulloa.org
queixo@arzua-ulloa.org
Tíno. e fax: 981 50 76 53



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



GUIEIRO

1.383 DE CULTURA E ESPECTÁCULOS

ANOSATERRA
26 DE NOVEMBRO - 2 DE DECEMBRO DE 2009



O veterano cantante country americano **Jason Ringberg**, que actúa na sala *Mardi Grass* coruñesa.

Coordenado por Gonzalo Vilas



Rodaxe de **Sempre Xonxa**.

20 anos de Cinegalicia

Hai vinte anos, en novembro de 1989, e co impulso daquel efémero tripartito instalado na Xunta, estreábase en Vigo as tres primeiras longametraxes galegas de ficción, **Continental** (Xavier Villaverde), **Sempre Xonxa** (Chano Piñeiro) e **Urxa** (Alfredo G^a Pinal e Carlos A.L.Piñeiro).

Aquela mostra chamada **Cinegalicia**, ideada en boa parte polo crítico e factótum do cine galego **Miguel Anxo Fernández**, pretendía ser o punto de aptida para unha nova xeira dun cine falado e pensado en galego, algo que só en certa maneira se cumpríu, e a un ritmo moito menor do desexado naquela altura.

Vinte anos despois celébranse estas xornadas, como unha reflexión sobre o acontecido no cine e audiovisual galego desde aquela data, promovidas pola Xunta, a Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo, e coa colaboración do Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI).

Haberá varios relatorios, como o chamado *Cinegalicia, a posta en valor da filmografía galega*, a cargo do comisario daquela mostra, o citado Miguel Anxo Fernández, coordinador tamén destas xornadas. E outro, tras da proxección dos tres históricos filmes, *Vinte anos despois de Cinegalicia*, cos críticos **Pepe Coira** e **Eduardo Galán** e **Raúl Veiga**, guionista de *Continental*.

Catro coloquios máis, coa presenza de boa parte dos protagonistas e realizadores daqueles filmes, completarán o programa.

20 anos de Cinegalicia, martes 1 e mércores 2 de decembro, Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación de Pontevedra

BUEU

—EXPO. XII Xornadas microlóxicas. Xornadas organizadas pola **Asociación Cultural Libreiro**. O xoves 26: **Xénero Rusula en Galiza**, por Chemi Traba, da Asociación Pan de Raposo de Cee. O venres 27: **Diaporama Cogomelos** do Morrazo, con música ambiental por Santy Corral. E o sábado 28: **Saída o monte** ás 10:00. As conferencias, ás 20;30, e mostra de cogomelos en fresco, no *Centro social do Mar*.

—EXPO. Terragrafías. Exposición de **Anxo Cabada** de fotografías e textos poéticos que estará até o 6 de decembro, en horario de mañá e tarde na Sala de Exposicións *Amalia Domínguez Bua*.

—CINE. Ciclo documental. O Ciclo de Documentais organizado pola **Asociación Mozas e Mozos de Beluso** remata este venres 27, coa proxección de *Narcos, la ruta de la impunidad*, ás 22:00, no *Centro Social do Mar*.

—MÚSICA. El Vicio del Duende. Este grupo rock de Zaragoza presenta o seu disco *Humo*, traballo de madurez obtido despois de 4 anos de concertos e ensaios. O domingo 29, ás 21:00, na *Sala Aturuxo*.

CALDAS DE REIS

—MÚSICA. The Sweat. Actuación o sábado 28, ás 00:00, na sala *Zona Zero*.

CANGAS DO MORRAZO

—TEATRO. O xogo de Yalta-Afterplay. Dous lugares, dúas estacións, diferentes estados anímicos, mais sempre as paixóns conformando a vida e enchendo de risas e de bágoas. Comedia do grupo **Teatro do Atlántico**. O sábado 28, ás 21:00, no *Auditorio Municipal*.

O CARBALLINO

—TEATRO. Bailadela da Morte Ditosá. Unha obra de Vidal Bolaño, representada pola compañía **Teatro de Ningures**. O venres 27, ás 22:30, no *Auditorio Municipal*.

CELANOVA

—ACTOS. Fundación Curros Enríquez. Esta entidade organiza unha serie de actividades culturais para este mes. Entre elas, a mostra de fotos *Asómate*, de **Carlos Lorenzo**, do 17 ao 30. Curtametraxes e obradoiros, os venres de 17.30 a 19:30 (nenos 4-12 anos).

ACORUNA

—CINE. Programación CGAI. **Xoves 26** Foco Sueste Asiático 20.30 h. Sell out!, Joo Han Yeo, 2008.110'. Subtítulos en galego.

ARTE

Luís Seoane: Case unha abstracción

A exposición mostra a evolución do traballo de Luís Seoane, que, a partir da metade da década dos cincuenta sofre unha transformación que, baixo a influencia de Léger, Joaquín Torres-García ou Picasso vaino levar a abandonar o realismo, que non retomaré até o final da súa carreira, en favor dos aspectos máis sintéticos da pintura.

O proceso de abstracción na obra de Seoane ten a súa orixe nos coñecementos que o artista galego adquire, por unha banda, a través da práctica do mural, que acada o seu máximo apoxeo a través da realización de obras de gran formato a principios dos anos cincuenta; e por outro, no desenvolvemento e perfeccionamento da obra gráfica a través da estampa. Ambas as técnicas fan que Seoane se interese, de forma máis



profunda aínda, no tratamento da cor, na cor como protagonista, o que o levará a realizar unha pintura plana, unidimensional, na que os pigmentos definen a paisaxe e serven á vez como elementos construtivos que ordenan a composición do cadro.

Case unha abstracción divídese en tres apartados: a Liña, a Deforma-

ción e a Cor, nos que se analizan os diferentes aspectos que compoñen esta etapa na obra do artista galego. A exposición conta, ademais, cun apartado documental que reflicte a presenza da abstracción no traballo editorial de Seoane.

Fundación Luís Seoane, A Coruña, até o 13 de decembro.

Venres 27

Novos Thrillers 20:30 h. **O detective**, Gordon Douglas, 1968. 114'. Subtítulos en castelán.

After Hours. 23:00 h. **La Bruta Fest** (II edición), Galicieiras, 2009. 37'. Video. Presentación a cargo de José Luis Ducid e Alberto Lodeiros, produtor. Concerto acústico da formación musical *Tumbitas*. Entrada gratuíta.

Sábado 28

CGAI Júnior 18:00 h. **A Profecía das rás**, Jacques-Rémy Girerd, 2003. 90'. Versión castelá. Entrada gratuíta.

Novos Thrillers 20:30 h. **O detective**, Gordon Douglas, 1968.114'. Subtítulos en castelán.

Luns 30

Fóra de serie 20.30 h. **O tempo da memoria**, Jorge Gil, 2009. 75'. Video. Presentación a cargo do seu autor e os membros do Foro pola Memoria de Galicia, Xesús Alonso Montero e Carlos Portomeñe. Entrada gratuíta. No *Centro Galego de Artes da Imaxe*, Rúa Durán Loriga, 10.

—CINE. A onda. O director alemán **Dennis Gansel** recrea o experimento levado a cabo en 1967 nun centro de California, relacionado co nazismo. O luns 30, ás 18:00 e 20:00, na *Sede da Fundación Caixa Galicia*.

—CINE. CineÁfrica. Como unha extensión do *Festival de Cine Africano*

de *Tarifa*, un ciclo de cine africano, dende o xoves 26 até o sábado 28. Proxéctanse, o xoves, **Faro la reine des eaux**, de Salif Traoré (Malí-Burkina Faso-Francia-Canadá-Alemaña, 2007). O venres, **The Wooden Camera**, de Ntshavheni Wa Luruli (Sudáfrica-Francia-Gran Bretaña, 2003).

Ambas ás 20:00. E o sábado 28, as curtas **Humanitaire!**, de Adama Romamba (Francia, 2007), **One goal**, de Sergi Agustí (Serra Leoa-España, 2008) e o documental **Victimes de nos richesses**, de Kal Touré (Malí-Francia, 2006), dende as 19:00. Proxeccións na *Sede da Fundación Caixa Galicia*.

—EXPO. De Picasso a Barceló. A exposición realiza un itinerario ao longo da arte española da segunda metade do século XX e inicios do XXI, a partir dunha serie de obras que conforman a colección do galerista catalán **Manel Mayoral**. Aberta até o 7 de febreiro, no *Museo de Belas Artes*.

—EXPO. Ignacio Caballo: Neste lugar. Exposición dedicada ao escultor e debuxante Ignacio Caballo (Gardo, Palencia, 1965). O artista seleccionou preto de cincuenta obras, entre esculturas e debuxos, pertencentes á súa última etapa. Até o 12 de decembro, na *Fundación Luís Seoane*. —EXPO. Ruth Mathilda Anderson. Unha mirada de antano. Mostra das fotos desta fotógrafa americana, retratando a Galiza dos

anos 1924 e 26 para a *Hispanic Society* de Nova York. Aberta na *sede de Caixa Galicia*.

—MÚSICA. Uh La! Radio + Banda invitada. Concerto para este xoves 26, ás 22:00, entradas a 5 euros, na sala *Le Club*.

—MÚSICA. Jason Ringberg. Concerto deste veterano cantautor country de Nashville, o venres 27, ás 22:30, entradas a 15 euros, na sala *Mardi Grass*.

—MÚSICA. The Nomads. Unha leñendaria banda sueca de punk-garaxe, con 25 anos ás costas, e que actúan o sábado 28, ás 22:30, entradas a 15 euros, na sala *Mardi Grass*.

—MÚSICA. Dorian. A banda indie madrileña toca o sábado 28, ás 23:00, entradas a 12 ou 15 euros, na sala *Playa Club*.

—MÚSICA. Vale TUDO e Emilio José. Actuación destes dous grupos galegos, o venres 27, ás 22:00, na sala *Le Club*.

—MÚSICA. Sugar Mountain + Graham Summer. Actúan o sábado 28, ás 22:00, entradas a 6 euros ou 12 euros + disco, na sala *Le Club*.

—TEATRO. Por que lloras, Marie?. Obra para nenos/as da compañía **Marie de Jongh**. O xoves 26 e venres 27, ás 12:00, e sábado 28, ás 19:00, no *Forum Metropolitano*.

—TEATRO. La Omisión de la Familia Coleman. Producción da



Gustavo Pernas no papel dun "colgado" profesional, na obra *Colgados*, que representa **Áncora Produccións** na Coruña.



MÚSICA



30 anos de Milladoiro

Milladoiro, o grupo que nacera en 1978 da fusión entre o grupo de Catoira *Faixas do Xabre* e os músicos **Antón Seoane** e **Rodrigo Romani** como os máis coñecidos fundadores, e a violinista **Laura Quintillán**, anda a celebrar 30 anos dunha carreira que non parou en ningún intre. Do fruitífero dela falan os máis de vinte discos editados e os numerosos concertos por Galiza e polo mundo adiante, nos máis soados escenarios, ademais de exitosas colaboracións en bandas sonoras do cine e a televisión.

Porén, e este aserto será opinábel, a súa presenza cotiá nos medios de difusión e mesmo na memoria colectiva do público da súa terra semellan ser menores hoxe do que a súa categoría e plena actividade deberan marcar, ás veces en favor de grupos e nomes máis amplificadas pola publicidade pero de menor calidade que esta clásica formación.

É como se, de consolidados que están, esquecemos demasiado a miúdo que se atopan en plena madurez creativa, considerándoos xa como unha valiosa peza do noso museo musical e cultural.

A importancia de **Milladoiro**, non só na música galega senón na nosa cultura, como grupo que abreu camiño e prestixio a música popular galega, fundíndoa cun selo inconfundíbel a outras músicas e estilos, foi e se-

gue a ser moi destacábel.

A súa proxección internacional fíxoos facer certo ese tópicos para eles cruñado de "embaixadores da cultura galega". Mais tamén o foron dentro do país, en especial no seu comenzo, proveendo prestixio e autoestima nun intre no que o folk non abollara popularmente e onde as gaitas se ligaban dalgún xeito a un folklore algo reseso ou costumista.

Con maior ou menor presenza na vida musical actual galega, o grupo preséntase neste trinta aniversario pleno de actividade. O ano pasado lanzaron *A quinta das lágrimas*, disco composto de nove temas con textos de Fernando Pessoa, Luís de Camões, Manuel Antonio, Álvaro Cunqueiro e José Afonso, que constitúe un achegamento musical entre Galiza e Portugal. Tamén veñen de rematar a banda sonora do filme *As galas do difunto*, de J.L. García Sánchez sobre a obra de Valle-Inclán.

Nesta xira galega dos 30 anos, que chamaron "Desde Maeloc", e que está co-patrocinada por Caixanova, **Milladoiro** acudirá ás principais cidades galegas, durante este mes de decembro. O prezo asequíbel de 5 euros axudará tamén a reatoparse co grupo da xuventude dalgúns espectadores, ou a descubrir a uns "carrozas" en plena forma e frescura, no caso dos espectadores máis novos

Luns 30, no Auditorio Municipal de Lugo. Posteriormente noutras cidades galegas.

compañía arxentina **Producciones Teatrales Contemporaneas**, unha obra arredor dunha familia e as súas neuras e problemas. Este xoves 26, ás 20:30, no *Teatro Rosalía Castro*.

—**TEATRO.** *Colgados* -Logomonos. Especie de monólogos (ou *logomonos*) de **Gustavo Pernas**, de **Áncora Produccións**. O venres 27 e sábado 28, ás 20:30, e domingo 29, ás 19:00, no *Teatro Rosalía Castro*.

—**TEATRO.** *Cerrado por aburrimiento*. Da autora e directora Ana Vallés, de **Matarile Teatro**, a obra presenta unha interesante mestizaxe entre xéneros: teatro, danza e música en directo. O venres 27 e sábado 28, ás 20:30, no *Teatro Colón*.

—**TEATRO.** *Tío Miseria*. Espectáculo para os máis pequenos, pola compañía **Fantoches Baj**. O domingo 29, ás 12:30 e 18:00, no *Teatro del Andamio*.

A ESTRADA

—**FESTA.** Festa en Ouzande. Osábado 28, tarde de festa: a partir das 16:30, gran *Campionato de trompos* para todas as idades. Ás 19:30, castañas asadas, chourizos, pan e viño novo, de balde, festa e música con **Retrouso**. No *Campo da Festa* de Ouzande.

FERROL

—**ACTOS.** Contacontos infantil. A *Biblioteca Central* acolle todos os mércores, entre as 18:00 e as 18.50 horas, unha sesión de contacontos para nenos e nenas no marco do programa "A hora do conto". A actividade está dirixida a rapaces de catro a dez anos, gratuíta (retirando invitación na mesma biblioteca).

—**CINE.** Ás 5 da tarde. Dentro do ciclo **Rodando nas Aulas**, **Samira Makhmalbaf** invita a unha terribel

viaxe a un Afganistán desolado pola guerra, a violencia terrorista, a morte, a miseria e a fame. O luns 30, ás 18:00 e 20:30, na *Sede Fundación Caixa Galicia*.

—**CINE.** Ciclo A memoria recordada. Ciclo que proxecta unha serie de producións da TVE con este título. O martes 1, **Los del monte**, con **Manuel Gutiérrez Aragón** e a lenda de **Juanín**, un dos maquis míticos de Cantabria. O escritor **Julio Llamazares** tamén fala da repeseión e a guerrilla en León. Ás 19:00, no *Ateneo Ferrolán*.



Festa en Ouzande (A Estrada)

—**EXPO.** Auga, o sangue da terra. Exposición de fotos sobre o papel da auga no mundo, que permanecerá aberta até o 28 de febreiro de 2010. Na *Sede Fundación Caixa Galicia*.

—**EXPO.** De caza. Exposición de fotos de **Marian Romero**, até o 2 de decembro, no *Ateneo Ferrolán*.

—**EXPO.** Manuel Patinha, 20 anos de escultura. A mostra resume dúas décadas de traballo do ar-

tista de orixe portuguesa (Póvoa de Santa Iria, 1949). Unha retrospectiva que reúne pezas emblemáticas dos seus distintos procesos creativos. Até o 31 de decembro, no *Centro Torrente Ballester*.

—**MÚSICA.** Ciclo Novas Noites. Cabaré por conta do grupo **Mari-clown**, que representará **A vida de Rosa día tras día**. O xoves 26, ás 22:00, entrada a 5 euros, no *Centro Cultural Torrente Ballester*.

—**MÚSICA.** Concurso Internacional de Piano. O sábado 28, ás 20:30, prezo de 5 euros, no *Teatro Jofre*.

—**TEATRO.** Cultura nos barrios. Actuación da compañía **Sete Magníficos+1**, que representará a obra *Dous paíños en apuros*. A entrada é gratuíta. O sábado 26, ás 19:00, no *Centro Cívico de Caranza*.

—**TEATRO.** Domingos a escena. Neste ciclo de teatro afeccionado, a compañía **Tiruleque Teatro** representa a obra *PK2*. O domingo 29, ás 19:00, entrada de balde, no *Centro Cívico de Caranza*.

FOZ

—**EXPO.** Libro Galego e censura. Exposición que remata o vindeiro luns 30, na *Oficina de Turismo*.

GONDOMAR

—**EXPO.** Maquetas, de Xurxo Vázquez. Maquetas das obras que este escultor ten instaladas en lugares como a Vila Olímpica de Bexing, e noutras cidades do mundo e galegas. Organizada polo **Instituto de Estudos Miñoranos**, pódese ver na *Aula de Cultura Ponte de Rosas*.

TEATRO

Dies Irae. En el Réquiem de Mozart

Compañía Marta Carrasco

Creación, dirección, escenografía: Marta Carrasco

Axud. dirección: Tays Sampablo

Iluminación: Quico Gutiérrez

Montaxe musical: José Antonio Gutiérrez

Intérpretes: Carmen Angulo, Frantxa Arraiza, Anna Coll, M^a José Cordonet, Robert González, Ma-nuella Marra, Noemí Padró, ...

Marta Carrasco (Premio Nacional de Danza da Generalitat de Catalunya, 2005) é unha das figuras máis orixinais e creativas do panorama



de danza actual. As súas creacións, sempre persoais, figuran no límite entre o teatro, a danza e a música, ademais de obter o aplauso de crítica e público, combinando humor, expresionismo, contido dramático, innovación e onirismo.

En *Dies Irae. En el Réquiem de Mozart*, a esencia da posta en escena é a cé-

lebre obra do compositor austríaco. Trece intérpretes -seis deles residentes en Barcelona- ispen a liturxia e amosan sen concesión a debilidade da verdade mentres abren un pano fronteirizo, símbolo da aposta persoal de Marta Carrasco por enlazar as dúas cidades.

A inmortalidade da música desafia calquera mirada escéptica ante o mundo e convida a dicir, facer e oír o desgarrado da vida. "*Dies Irae vai máis alá dunha misa de defuntos. Devora e obsesiona. Invoca o aroma do profano. Non lle dá tregua ao público. É furia, ira, impotencia, medo. Irreverencia. É beleza e risco. Unha aposta polo maior dos retos*" dí a súa autora.

Sábado 28 e domingo 29, Salón Teatro de Santiago.

A formación galega de jazz **So-jazz** vai tocar esta semana na sala *Clandestino* de Nigrán



→**MAXIA.** Feitizo. Espectáculo do mago **Martín Camiña**, o sábado 28, ás 22:00, no *Auditorio Municipal Lois Tobío*.

LUGO

→**ACTOS.** Contos de peixes. Sesión de animación á lectura con **Cucarandainas**. As sesións de contos serán abertas, mentres que as de animación á lectura requiren inscrición previa. O xoves 26, ás 19:00, na *Biblioteca Municipal*.

→**EXPO.** As terras escondidas. Mostra de fotografías da India e Nepal realizada por dous profesores de Literatura da USC, que superou os 4.000 espectadores en Santiago. Até o 30 de novembro, na *Facultade de Veterinaria*.

→**EXPO.** Xoias tradicionais do Museo Provincial de Lugo. Debido ao éxito de público, a mostra amplía o seu período de apertura e poderá visitarse até o 15 de decembro, no *Museo provincial*.

→**EXPO.** Os pintores de Artal. Pintura española do Museo da Habana. Poderemos ollar de preto un total de vinte e sete paletas e vinte óleos de artistas que deron testemuña do movemento da pintura española de entreséculos en Hispanoamérica. Até o 10 de xaneiro de 2010, no *Centro Sociocultural Caixa Galicia*.

→**EXPO.** Lázare, Memorias 1994 - 2009. Mostra de pintura e debuxo dun creador lucense, **Xesús López Lázare**, unha recompilación, aínda que se presenta tamén traballo inédito e debuxos que forman parte da súa última produción. Até o 30 de decembro, na *Sala de Exposicións do Museo Provincial*.

→**EXPO.** Xeografía de silencios. Título xenérico da exposición do pintor **Xurxo Martiño**, que se move entre o construtivismo e as formas xeométricas. Até o 8 de decembro, na *Galería Clérigos*.

→**EXPO.** Premios Lucus Augusti. Exposición fotográfica de 40 traballos presentados á 2ª edición deste premio. Até o 10 de decembro, na *Sala Amararte*.

→**MÚSICA.** Milladoiro. Caixanova presenta ao grupo Milladoiro na súa xira *Desde Maeloc*, con motivo da celebración dos seus 30 anos de música galega polo mundo. O luns 30, (1º aniversario do recoñecemento da Muralla de Lugo como Patrimonio da Humanidade), ás 20:30, no *Auditorio Municipal Gustavo Freire*.

→**TEATRO.** Historias dun árbol milenario. Obra do grupo **Entresol Entertainment**, unha proposta escénica divertida e variada, con música, cancións, luz negra, monicreques e sombras chinesas,



Dáme Veleno, unha comedia da compañía **Sarabela Teatro**.

dirixida aos nenos. O mércores 2, ás 11:00, no *Auditorio Municipal Gustavo Freire*.

MELIDE

→**MÚSICA.** Lolo A Rincon. O cantautor ferrolán actúa este venres 27, ás 01:00, entrada de balde, no pub *Gatos*.

MONFORTE

→**TEATRO.** No Coment: Obra. Obra de **Produccións Teatrás Ex-**

céntricas (membros de Mofa e Befa, Quico Cadaval), coa que poderemos rir o domingo 29, ás 19:00, no *Edificio Multiúsos*.

NARÓN

→**TEATRO.** Naufragos. Unha comedia do autor André Roussin que goza de recoñecido prestixio nas súas múltiples adaptacións internacionais, adaptada por **Teatro Galileo**. O sábado 28, ás 20:00, no *Pazo da Cultura*.

→**TEATRO.** Violeta Coletas contra As Salchichas ¡glup!. Un espectáculo para os cativos, de **Títeres Trompicallo**. O domingo 29, ás 19:00, no *Pazo da Cultura*.

→**TEATRO.** Nadarín. Historia dun peixe moi especial, representada por **Títeres Trompicallo**. O luns 30 e martes 1, ás 10:00 e 12:00, no *Pazo da Cultura*.

NIGRÁN

→**MÚSICA.** Elodio y Los Seres Queridos. Concerto para este venres 27, ás 23:00, na sala *Bar Patos*.

→**MÚSICA.** Sojazz. Grupo de nova formación pero con compoñentes coñecidos na escena do jazz galego, o sábado 28, ás 23:30, na sala *Clandestino*.

OURENSE

→**CINE.** Semana Audiovisual do Club Alpino Ourense. Últimas sesións deste ciclo inserido no **Outono Fotográfico**, este xoves 26 e venres 27, ás 20:00, no *Centro Sociocultural Caixa Galicia*.

→**EXPO.** Outono fotográfico. Continúan as exposicións desta clásica mostra de fotografía.

No apartado individual, podense visitar as seguintes exposicións:

7 pecados capitais, no Café Plaza.

Pirujas, no Café Lizarrán.

Durga Puja, no Café Cultural Auriense.

Trangallada, no Café Pop Torgal.

Almas, no Elephant.

Marxe esquerda, na Cafetería Cátedra.

1368 horas, no Faíscas.

Olladas desde o golfo de Fonseca, no Moucho.

Vivencias, no Trampitán.

Miradas dende Malawi, no Turco.

Gallaecia antiga, o val dos Cigurrri, no Centro Comercial Ponte Vella.

Futillos, na Livraria Torga. Todas elas rematan o luns 30.

Derivas, na Galería Volter, até o 12 de decembro.

→**MÚSICA.** Drove of Donkeys.

Rock alternativo con esta banda de Ourense formada no 2007, que estará este xoves 26, ás 21:30, entrada a 3 euros, no *Café Cultural Auriense*.

O día seguinte, venres 27, actuación da formación portuguesa de gipsy-

jazz Comcordas, ás 21:30 e entrada a 4 euros.

E o luns 30, ás 22:00, 10ª Jam Rock, unha xuntanza onde se invita a quen queira a coller o seu instrumento e unirse á sesión de rock.

→**MÚSICA.** Vale Tudo. Actuación deste grupo de Lugo, o sábado 28, ás 22:30, entrada a 4 euros, no C.S.A *Esmorga*.

→**MÚSICA.** Orquestra Filharmonía de cámara de Barcelona. A orquestra constituíuse cos principais solistas das orquestras sinfónicas de Cataluña e con destacados solistas do panorama musical. Actúa este domingo 29, ás 19:00, entradas de 8 a 5 euros, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.

→**TEATRO.** Dáme Veleno. Un avó e unha avoa, moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela dende o alén. Unha comedia negra do grupo **Sarabela Teatro**. O xoves 26 e venres 27, ás 20:30, e domingo 22, ás 19:00, no *Teatro Principal*.



Dolmen de aceiro de **Xurxo Vázquez** instalado en Urümqi (China). A súa maqueta e outras do autor expóñense en Gondomar.



O libro *Auténticas e verdadeiras historias*, nas que se conta como Galiza chegou a ser unha terra baldía e o que lle pasou á humanidade, da autoría de **José Carlos Bermejo**, preséntase este xoves en Santiago.

tular **Víctor Pablo Pérez**, e acompañada polo violinista lituano **Julian Rachlin**. Ademais de pezas de Bartók e Rimsky-Korsakov, a orquestra interpretará a obra *Hércules e Cronos*, creada por J.L. Turina. Este xoves 26, ás 21:00, no *Centro Social Caixanova*.

→**MÚSICA**. Maryland. A banda de Vigo presenta o seu disco de debut, *Surprise*, unha aposta powerpop moi persoal. O venres 27, ás 23:00, na *Sala Karma*.

→**MÚSICA**. II Festival de Corais Deputación de Pontevedra. Once corais de diferentes concellos da provincia participan no festival. O domingo 29, ás 17:00, no *Teatro Principal*.

→**MÚSICA**. Real Filharmonía. **Antoni Ros Marbà** dirixe, acompañado do concertino **James Dahlgren**. O martes 1, ás 20:00, no *Centro Social Caixanova*.

→**MÚSICA**. Vetiver. *Tight Knit* é o último disco desta banda de San Francisco, de xira dentro do **Ciclo Importa** do Xacobeo. O mércores 2, ás 21:00, no *Pazo da Cultura*.

→**TEATRO**. O tenderete da Cachifallada. Espectáculo da compañía **A Loca Motora** dirixido a idades de 3 a 10 anos, o venres 27, ás 18:30, no salón de actos da *Biblioteca Pública Antonio Odrizola*.

→**TEATRO**. Glass City. Unha evocación en clave musical dos veraneos do caudillo na Coruña provinciana

dos anos 50, polo grupo **Teatro do Noroeste**. O sábado 28, ás 21:00, no *Centro Social Caixanova*.

→**TEATRO**. Prometeo encadenado. A compañía **Teatro Trompicones** representa esta obra no marco do *V Brumario poético*. O mércores 2, ás 20:00, no *Teatro Principal*.

OPORRIÑO

→**MÚSICA**. Sugar Mountain. Voltan ao estudio para preparar o seu terceiro álbum: *Love unique*. Un traballo que promete ser unha nova volta de rosca na súa evolución estilística cara a un rock'n'roll cada día máis persoal. Actúan o venres 27, ás 23:00, entradas de 6 a 3 euros, no *Café Bar Liceum*.

RIBADEO

→**TEATRO**. Rúa Aire. Unha obra que xoga cos globos, pensada para os nenos, polo grupo **O Retrete de Dorian Gray**. O xoves 26, ás 11:30, no *Auditorio Municipal Hernán Naval*.

SANTIAGO

→**ACTOS**. Choiva de contos. Cada sábado pola mañá, a biblioteca compostelá acolle unha actividade de contos dirixida aos nenos e nenas. Ás 12:00, na *Biblioteca Ánxel Casal*.

→**ACTOS**. Arqueocampo. Actividade de divulgación para o público xeral e escolar na que os asistentes

experimentarán todas as fases do traballo arqueolóxico. De luns a sábado até o 30 deste mes, mañáns e tardes, organizado polo CSIC. No *Centro Sociocultural do Castiñeirío*.

→**ACTOS**. Presentación de libro. Presentación do libro *Auténticas e verdadeiras historias...*, de **José Carlos Bermejo Barrera**, catedrático de Historia Antiga da USC. Intervirán Teresa Táboas, arquitecta e deputada do BNG, o editor, Antonio Balboa, e o autor. Este xoves 26, ás 20:00, na *Librería Couceiro*.

→**CINE**. Cineuropa. O vindeiro mércores 2 de decembro remata esta cita co cine máis actual, con tradicional afluencia masiva de público e que protagoniza a actividade cultural compostelá. Proxeccións no *Teatro Principal* e outras salas, entradas a 3 euros ou bono de 20 euros por 10 filmes.

→**CINE**. Cine Mudo. O pub *Ultramarinos* ofrece un filme clásico mudo nas tardes dos domingos, na súa gran pantalla. Ás 19:00 e até as 22:00 dos domingos.

→**EXPO**. Microviajes. A novísima artista **Esther Ruiz de Pablos** presenta este proxecto expositivo no que domina o espírito audiovisual. Até o 31 de xaneiro, na *Zona C de San Domingos de Bonaval*.

→**EXPO**. O espectáculo da periferia. Proposta expositiva multidisciplinar do artista **Eduardo Valiñas**. Até decembro, na *Casa da Parra*.



La Omisión de la Familia Coleman, do grupo argentino **Producciones Teatrales Contemporáneas**, en cartel na Coruña.

CAIXAGALICIA
exposicións

Leopoldo Nóvoa
Colección Caixa Galicia
Ata o 10 de xaneiro
Sede Fundación Caixa Galicia
Vigo

Os pintores de Artal. Pintura española do Museo de La Habana
Ata o 10 de xaneiro
Sede Fundación Caixa Galicia
Lugo

Maruja Mallo
Ata o 10 de xaneiro
Casa das Artes
Vigo

únete. divírtete. emocionate.
caixagalíciate

CAIXAGALICIA

www.fundacioncaixagalicia.org

O cantaor catalán **Duquende** estará na *sala Capitol* santiaguesa este xoves, acompañado do guitarrista **José Carlos Gómez**.



—EXPO. Ramón Piñeiro, olladas no futuro. A personalidade dunha das figuras máis representativas e influentes de Galiza da segunda metade do S.XX, en 21 paneis nos que se diferencia unha primeira parte: *Singradura vital* (1915-1990) e unha segunda: *Conciencia da Galegidade*, que reúne a obra colectiva, a "Xeración Galaxia" e a súa obra persoal. No *Museo do Pobo Galego*.

—EXPO. Familiar Feelings. Unha mostra fotográfica da atmosfera punk e bohemia do Boston de finais dos anos 70, con obras de Diane Arbus, David Armstrong, Larry Clark, Philip-Lorca diCorcia, Nan Goldin ou Mark Morrisroe, a chamada **Escola de Boston**. Até mediados de decembro, no CGAC.

—EXPO. In Itinere. O asturiano **Luis Fega** achega algunhas das súas pezas máis recentes, de marcado carácter construtivo debido ao seu for-

mato próximo ao escultórico. Até o 29 de xaneiro, na *sala Espacio 48*.

—MÚSICA. Real Filharmonía. O director **Antoni Ros Marbà**, dirixirá un concerto que inclúe a *Saturnal de Manuel Balboa*, a *Noite transfigurada, op. 4 de Schoenberg*, e a *Sinfonía núm. 41* en do maior "Xúpiter", de **Mozart**. O xoves 26, ás 21:00, no *Auditorio de Galicia*.

—MÚSICA. Sonoro Maxín. O grupo de Ourense abre as portas de **Redenasa.son**, unha iniciativa da Sala Nasa para apoiar a difusión dos proxectos musicais galegos máis salientábeis da actualidade. Este xoves 26, ás 21:30, entradas a 10/5 euros, na *Sala NASA*.

—MÚSICA. Duquende. Con este *cantaor* catalán colaboraron grandes guitarristas do flamenco actual como Juan Habichuela, Tomatito, Juan Manuel Cañizares, Moraíto Chico y Vicente Amigo. Na actualidade actúa co guitarrista **José Carlos**

Gómez. Este xoves 26, ás 21:30, entradas a 32/35 euros, na *Sala Capitol*. O venres 27, dentro do **Ciclo Importa** estará a cantante inglesa **Skye Edwards**, xunto a **Anni B. Sweet**, ás 21:30, entradas a 18/20 euros.

O sábado 28, ás 21:30 e con entradas de 15 a 18 euros, un grupo vasco de gran poder de convocatoria nos seus directos, **Soziedad Alkoholika**.

—MÚSICA. Certame Galego de Bandas de Música. Até 22 bandas de toda a xeografía galega pasarán por Compostela neste certame que organiza a **Federación Galega de Bandas de Música Populares**. Do venres 27 ao domingo 29, ás 20:00, no *Auditorio de Galicia*.

—MÚSICA. Pel de Noz. Este dúo de acordeón e contrabaixo combinan de xeito elegante e sorprendente temas da tradición folk galega con ritmos de blues e jazz. Este venres 27,

ás 22:00, no *Café Bar Miudo* (Rúa dos Truques, entre Algalias).

—MÚSICA. D'Callaos. Banda catalana que comezou no *Café de las Niñas* de Tarrasa e que define a súa música como Nu-flamenco, unha visión actual do flamenco dos anos 70 feita dende Catalunya. Este venres 27, ás 21:30, entradas a 19/7 euros, na *Sala NASA*.

—TEATRO. Coa Palabra na Lingua. Este *Concerto en Dúas Linguas para Dous Actores e un Músico*, do **Teatro Nu**, poderemos velo o sábado 28, ás 20:00, na *Sala Santart*.

—TEATRO/DANZA. Over The Rainbow. Espectáculo de danza a cargo do bailarín **David Loira, Dloira**, o domingo 29, ás 21:00, na *Sala Santart*.

SANXENXO

—TEATRO. Só. Un espectáculo cómico e singular de **Carlos Blanco**. O sábado 28, ás 21:30, no *Pazo Emilia Pardo Bazán*.

TOMIÑO

—EXPO. Feminismo Galego. Cambios Sociais e Dereitos da Muller. Exposición producida pola **Fundación Galiza Sempre**, que recolle diversos materiais que dan testemuño da traxectoria e reivindicacións do movemento feminista. Até o 8 de decembro no *Auditorio de Goián*.

VIGO

—EXPO. A Historia de Galicia. Exposición de paneis e textos realizados por **Pepe Carreiro**, dirixida aos máis novos e que poderá visitarse até o 31 de xaneiro de 2010 en horario de martes a domingo de 10 a 19 horas. No museo *Verbum - Casa das Palabras*.

—EXPO. Jorge Barbi. A mostra *41º 52' 59" latitude N / 8º 51' 12" lonxitude O* expresa as coordenadas onde o artista realiza o seu traballo diario, fotografías e outros medios de expre-

ANUNCIOS DE BALDE

■ **Mércanse cacharros de barro** da antiga olaría de Samos. barraxe@mun-do-r.com

■ **Vendo Buxus Suffruticosa**. En terra: 30 ou mais cm., 4 anos. Prezo: 1 €. En maceta de 1 litro: 15 cm., 500 unidades. Prezo: 0.50 €. Tamén *buxus sempervirens* e camelias. En Lestedo, Boqueixón. Tlf: 690 020503

■ **En Ribadeo, véndese apartamento** 2 cuartos, garaxe e rocho. 54 m². Con calefacción eléctrica, mobles de madeira maciza e roupeiros encaixados. Zona Parque de San Francisco. Impecábel. Prezo 97.500 euros. Teléfono 672434757.

■ **Casa para aluguer** de fin de semana ou vacacións, situada á beira do río Miño en Seixas (Caminha). Telf: 690 64 50 63

■ **Ofrécese rapaza** para coidar anciáns e nenos. Experiencia e título. Mañás e fins de semana. Santiago e comarca. Tel: 617 407 697.

■ **Vendo casa de 90 m²**, finca cercada de 1000 m², a tres quilómetros de Betanzos. 130.000 euros. Teléfono 617 135836.

■ **Véndese Mercedes Benz MB100 D**; Ano 1995; Bo estado. Renovados recentemente diversos elementos, radio cd novo. Por 3500 €. Tlf: 650485043

■ **Ofrécese moza** para coidado de

anciáns e nenos ou limpeza de calquera tipo polas mañás ou por horas e festivos. En Santiago e comarca. 686924339.

■ **Véndese Peugeot 106** vermello con 38.000 Km., cinco portas e gasolina. 2.500 euros. Tel: 655 546 479.

■ **Home das Rias Baixas** en Compostela, busca muller 30/40 anos, sensible, con inquedanzas culturais, galeguista, boa persoa, con ganas de amizade ou o que poida xurdir. Correo: riasbaixas2007@yahoo.es

■ **Vendo sillón e dúas butacas** (tresillo), coa armazón de madeira. En Moi bó estado e económico. Tel: 986 290219, preguntar por Conchi.

■ **Véndese piso en Xove** en moi bó estado, calefacción, 4 cuartos, 2 baños, salón comedor e trasteiro, 90 m², tamén podería ser amoblado. Telf: 651528712.

■ **Vendo dúplex** de 130m² na Avenida de Ferrol en Santiago. 656262385.

■ **Licenciada en Filosofía** dá aulas de letras (lingua, filosofía, francés) a tódolos niveis en Compostela. Amplia experiencia e flexibilidade horaria, seriedade. Tel: 600 370886.

■ **Véndese Vespa azul**, modelo ET2 do 99, 50cc, bo estado (durme en garaxe, cubertas novas e ITV), con papeis. 600 €. Entrégase en Vigo

a mediados de agosto. Contactar con Iago/Julia: 636404719.

■ **Aula de música moderna**. Pop-Rock-Jazz. Canto, Flauta traveseira, Guitarra eléctrica, Baixo, Piano, Batería, Composición de cancións. Tel 658 824 262 • 986 298 530 • Vigo

■ **Alúgase casa** céntrica en Vigo con pequeno xardín e totalmente equipada. Dous cuartos. Zona Praza España. Tamén temporada verán por semanas. Interesados chamar ao 615 89 39 85 (Andrés).

■ **Vendo Audi A3 TFSI** Attraction novo, gañado en concurso. Ten 3 portas, gasolina, cambio manual, cor vermella, 1.400 centímetros cúbicos, 125 CV. Tel: 636403156

■ **Véndense limóns caseiros bos**. Zona de Teis-Vigo. Prezo económico. Telf: 670504404, mail a_rod@hot-mail.com.



■ **Alúgase casa** en Vegadeo (Asturias) en tempada escolar. Amoblada, con garaxe e calefacción. Teléfono 985 63 55 02.

■ **Particular vendeático** no centro de Tomiño, amoblado con calefacción, duplo ventanal, terraza con toldo, adega e garaxe. Impecábel. Mellor ver. 90.000 euros. Tel: 690719480

■ **Muller. Impar. 56 anos**. Amo o amor e a correspondencia postal. Apartado 102-Noia (15200)

■ **Busco rapaza entre 30/40** anos que viva en Galiza e fale galego para relación de parella ou amizade. Prometo honestidade e sinceridade. Correo: pedrolopez_35@yahoo.es

■ **Con experiencia** e responsabilidade, coido do teu meniño ou meniños. Zona de Vigo e Valmiñor. Chamar ao 660183231.

■ **En Monterroso**, alugo apartamento de 1 dormitorio, 1 salón-comedor, cociña con office, baño, trasteiro, garaxe e ascensor. Amoblado. Bo estado. Luminoso. 200 €/mes. Tfno.: 607.41.56.41

■ **Vendo mantón de manila** e mantilla española. Tfnos. 676385277 ou 986881838

■ **Ofrécese moza** para coidar nenos e anciáns e para limpeza de calquera tipo, por horas, as tardes dos luns, mércores, venres e fins de semana, en Santiago e comarca. Teléfono: 617407697.

■ **Merco libros, fotos, discos, revis-**

tas e todo tipo de documentos relacionados con Galicia. Chamar ao 678 911 804

■ **Fanse cubertas de piscina** e bombas de calor. Amplia variedade de prezos. Preguntar por Carlos 637472399

■ **Grupo Folk profesional busca músico** en Vigo. Preferiblemente violinista, zanfonista, bouzoukista... valórase versatilidade. Traballo serio e remunerado, zona Vigo ou arredores. Telf: 670504404, mail: a_rod@hot-mail.com

■ **Vendo balconada e portas** do século XIX, por reforma, en Bergondo. En perfecto estado. Tel: 628901393.

■ **Vendo ovos da casa** (ecolóxicos.) Entre Padron e A Estrada, ao pé do monte Meda. Galinhas de crista pinheira e de Mos, ceivas en zona sen polución, auga limpa, alimentadas de millo e erva. Venda de pitas, coelhos e anhos criados à maneira tradicional. E-mail a: ovosdacasa.pardom@gmail.com, e envío-che telf.

■ **Poña aquí GRATIS o seu anuncio, facendoo chegar a:**

Apartado 1.371, 36200- Vigo
Tel: 986 22 2 405
Fax: 986 22 3 1 01
E-mail: guieiro@anosaterra.com



O grupo galego de pop-rock **Capitán Furilo** dá un concerto o sábado na Fábrica de Chocolate Club, en Vigo.



Anuncios de balde.

Poden facelos chegar a:
Apartado 1.371, 36200-Vigo
Tel.: **986 22 2405**
Fax: **986 22 3101**
E-mail: **guieiro@anosaterra.com**.
Poden adxuntar unha foto.
Prégase avisar da desactualización dos anuncios.

sión, co itinerario como base temática. Até o 14 de febreiro do 2010, no **MARCO**.

→**EXPO.** Alfonso Costa. Mostra antolóxica do pintor noiés, dentro da serie *Grandes Artistas Galegos*, da que fai o nº 53. Até o 29 de novembro, na *Sala de Exposicións do Centro Cultural Caixanova*.

→**EXPO.** Naturnova. A pretensión deste espazo para a educación medioambiental é tratar de axudar a concienciar á sociedade da importancia do mantemento do entorno, enfocando esta actividade principalmente cara os sectores de poboación máis novos. No *Centro Cultural Caixanova*.

→**EXPO.** Espellos/Mirrors. Esta exposición, comisariada polo italiano **Gyonata Bonvicini**, foi o proxecto gañador da 2ª convocatoria do Premio MARCO para novos comisarios. No Museo de Arte Contemporánea, **MARCO**.

→**EXPO.** Maracutaria. **Caio Reiszewitz** é un fotógrafo brasileiro da natureza. *Maracutaria* recolle traballos realizados dende o ano 2001 até a actualidade. Na *Fundación Barrié*.

→**EXPO.** Retrospectiva Maruxa Mallo. Dezaseis anos despois de que o CGAC lle adicase a mostra inaugural do edificio á obra da musa do surrealismo no Estado, a Funda-

ción Caixa Galicia en colaboración coa Sociedade Estatal de Conmemoracións Culturais e o Concello de Vigo pon en marcha unha das maiores exposicións sobre **Maruxa Mallo**. Até o 10 de xaneiro do 2010, na *Casa das Artes*.

→**MÚSICA.** Festival de Música de Vigo Are More. Festival de música clásica que remata este sábado 28. As principais actividades son:

Xoves, 26. Are More na rúa. No Centro Comercial Camelias, ás 12:00.

Isasi Quartett, Matthias Weber e Benedikt Koehlen: Franz Schubert: Cuarteto A morte e a doncela e Quinteto A Troita. No Auditorio Martín Códax, ás 20:30.

Venres 27. Are More na rúa. Centro Comercial Gran Vía, 12:00.

Os Músicos do Tejo: La Spinalba (ovvero il Vecchio Matto), de Francisco Antonio de Almeida. (Ópera representada). Teatro-Cine Salesianos, 20:30. 10 a 7 euros.

Sábado 28 - Domingo 29. Curso de iniciación á música para persoas maiores de 55 anos, impartido por Beatriz C. Montes. Conservatorio Superior de Música de Vigo.

Sábado 28. Música para bebés. Museo Verbum, Casa das Palabras. De 11:00, a 13:00. 3 euros por neno



Os madrileños de **Dorian**.

até 5 anos, con dereito a dous acompañantes adultos
Concerto de clausura: **Todo sobre Vivaldi: Sara Mingardo e Orquesta Barroca de Venecia**. Igrexa de María Auxiliadora. 20:45.

→**MÚSICA.** Anemone + The Possums. Concerto destes dous grupos vigueses de rock. Este venres 27, ás 00:00, entrada a 3 euros, na *sala Iguana Club*.

Ao día seguinte, sábado 28, estarán, á mesma hora, con entradas a 10 eu-

ros, o grupo Gose, un trío formado en 2004 en Arrasate-Mondragón (Gipuzkoa).

→**MÚSICA.** Naive New Beaters. Grupo de rock francés que vai estar este xoves 26, ás 22:00, na *sala Mondo Club*.

E a banda indie madrileña Dorian actúa o venres 27, ás 22:00, entradas a 12 ou 15 euros.

→**MÚSICA.** Zoo + Havalina. Dúas bandas madrileñas que van tocar este venres 27, ás 22:00, na *sala Fábrica de Chocolate*.

O día seguinte, sábado 28, ás 22:00, estará o grupo galego Capitán Furilo.

E o luns 30 comparecerá o rockn-rollero francés Phil Riza.

→**MÚSICA.** Cuarteto Caramuxo. Esta formación folk presenta o seu novo disco *Tiruriru*, nun concerto organizado pola *Fundación de Vigueses Distinguidos* e coa colaboración do Concello e Caixanova. O sábado 28, ás 20:30, entrada de balde previa recollida de convites, no *Auditorio do Centro Cultural Caixanova*.

→**TEATRO.** Dr. Jekyll e A Volta do parafuso. Despois da tempada en Londres este setembro pasado, retornan a Vigo as montaxes **Dr. Jekyll e Mr. Hyde** de Stevenson, e **A Volta do Parafuso** de Henry James, por **Encena Producións Artís-**

tics (Roberto Cordovani e Eisenhower Moreno). Dr. Jekyll... pódese ver de xoves á sábados, ás 21:30, e domingos, ás 20:00. A Volta..., en escena os sábados ás 19:30, e domingos ás 18:00, no *Teatro Arte Livre*.

→**TEATRO.** Glass City. Unha evocación en clave musical dos veraneos do caudillo na Coruña provinciana dos anos 50, polo grupo **Teatro do Noroeste**. O domingo 29, ás 20:30, no *Centro Cultural Caixanova*.

VILAGARCÍA DE AROUSA

→**TEATRO.** Pan. Catro Propostas Arredor da Malla. Unha creación de **Volta e Dálle Teatro** que mediante o teatro, a poesía e a música recrea suxestivamente o fundamental papel do pan na cultura tradicional galega. Este venres 27, ás 21:00, no *Auditorio Municipal*.

XERMADE

→**ACTOS.** Polafías. Un evento organizado pola **Asociación de Escritores en Lingua Galega**. *Polafia* é un neoloxismo referido ás reunións ou veladas de carácter festivo con contidos literarios e musicais, e ten como obxectivo primordial o de poñer en valor e rescatar do esquecemento o valioso patrimonio oral, literario e musical, galego. O sábado 28, ás 19:00, na *Casa-Escola de Cabreiros*.

CONVOCATORIAS

XII Certame de Narración Curta Anxel Fole

O Concello de Lugo convoca a XII Edición do Certame de Narración Curta "Ánxel Fole" en lingua galega. Cada autor poderá presentar un máximo de dúas obras orixinais e inéditas escritas en galego.

O tema será libre. A extensión dos textos non superará os 20 folios mecanografiados a dobre espazo por unha soa cara e por triplicado.

Os traballos presentaranse en sobre pechado, baixo lema ou pseudónimo na parte exterior. Dentro figurará a narración (co mesmo lema ou pseudónimo có que figura no sobre), así como os datos do autor: nome e apelidos, enderezo, poboación, código postal, teléfono, correo electrónico, fotocopia do DNI e título da obra presentada.

O prazo de presentación remata o **30 de decembro** de 2009.

Hai un primeiro premio de **1.000 €** e un segundo premio de **500 €**. Enviar os traballos a:

Área de Cultura, Turismo e Educación- Concello de Lugo- Praza Maior, 1.



O premio convócase igualmente na súa modalidade en castelán, con idénticos prazos, condicións e premios, agás o idioma usado.

Concurso literario Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago

A Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago convoca un certame literario de relatos curtos. Poderán participar escritores de calquera nacionalidade con obras orixi-

nais escritas en castelán, galego, portugués, catalán ou euskera. Os relatos en catalán ou euskera deberán ir acompañados da tradución ó castelán.

O tema será libre, relacionado con o Camiño de Santiago. Haberá un **1º premio de 300 €**, **2º**: 200 € e **3º** de 100 €.

O prazo de presentación rematará o **31 de decembro** de 2009.

Información na dirección: Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago, Costa Nova de Abaixo, 17 15705 Santiago.

Concurso fotográfico Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago

Igualmente, a Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago convoca un certame de fotografía dónde o tema será aberto e en relación co camiño de Santiago.

O formato das fotografías poderá estar entre 18*24 e 30*40.

O prazo de entrega será o **31 de decembro** de 2009.


Os premios serán: **1º Premio de 300 €**, **2º Premio de 200 €** e **3º Premio de 100 €**.

Información no mesmo enderezo que o anterior.



O **Cuarteto Caramuxo** actúa no Centro Cultural Caixanova de Vigo.

Xosé Valiñas



Fotograma de *Buscando a Eric*.

JOSS BARRATT



Fotograma de *Planet 51*.

EN CARTEL.

Buscando a Eric

Dirixe: Ken Loach.
Intérpretes: Steve Evets,
Eric Cantona.

Drama/Comedia. Gran Bretaña, 2009

Filosofía vital balompédica no último Ken Loach, que chega ás salas comerciais tras o seu satisfactorio pase polo indispensábel Cineuropa compostelán. O cineasta británico, coaxuda do inseparábel Paul Laverty, rebaixa o ton dramático d' *O meu nome é Joe* nunha comedia agridoce de tendencia costumista sobre as tribulacións dun carteiro de Manchester que supera a súa crise persoal a través da inesperada amizade co ex futbolista do Manchester United Eric Cantona –interpretándose a si mesmo consentido da ironía ao estilo do Jean Claude Van Damme de *JCVD*. Premio do Xurado Ecuménico no último Cannes polo seu vitalismo sinxelo.

O baile da Vitoria

Dirixe: Fernando Trueba.
Intérpretes: Ricardo Darín,
Abel Ayala.

Drama. España, 2009

Outra da colleita Cineuropa 2009. A adaptación da novela homónima do chileno Antonio *O carteiro de Pablo Neruda* Skármeta, que serviu de escusa para que o festival compostelán lle entregase o seu premio ao director de *Belle Epoque*. Trueba volve con forza ao cinema de ficción tras o fiasco d' *O embruxo de Xanghai* con este drama mestizo con que-rencia de *thriller* e trasfondo político no que un mozo, con ansias de rendición, e un veterano ladrón de caixas fortes saen do cárcere grazas á amnistía do Chile postdictatorial.

Planet 51

Dirixe: Jorge Blanco.
Animación. España, 2009

Comandos foi un excelente xogo de estratexia en tempo real que fixo historia na industria do videoxogo estatal ao converterse no primeiro gran produto exportábel e competitivo dun medio que, naqueles



Escena de *Tulpan*.

días (falamos de mediados dos 90), aínda estaba en cueiros comparado co desenvolvemento posterior. O equipo de programadores que estivo detrás daquel fenómeno é o mesmo que está agora detrás da que se anuncia como a longametraxe de animación máis ambiciosa da historia do cinema español. Cun sospeitoso parecido argumental co *Goomer* de Ricardo e Nacho, *Planet 51* é unha superproducción pensada para o mercado global, na que está implicado até o guionista de *Shrek*, Joe Still-

man, como libretista principal. Jessica Biel, Gary Oldman ou John Cleese poñen voces na versión orixinal, a que se estreará en cines dos EE UU, e 60 millóns de orzamento dan boa fe das intencións da fita sobre as aventuras do astronauta humanoide que chega a un planeta habitado por seres verdes alienóforos que lembra á América da ciencia ficción de serie B dos anos 50.

Tulpan

Dirixe: Sergei Dvorsevoy.
Intérpretes: Tolepbergen
Baisakalov, Odas Besikbasov.
Comedia. Kazakhastán, 2008

Un dos filmes de maior percorrido festivo da temporada 2008, galardóns en Cannes e Xixón incluídos. A fita do kazaxo Dvorsevoy –algo máis ca equipos ciclistas baixo sospeita saen do país asiático– oscila entre a comedia inxenua e o drama neorrealista a conta dos traballos dun mozo que regresa, tras o servizo militar, á aldea na estepa remota. Alí terá que lle facer fronte ao reto de se converter nun próspero gañeiro ovino e á, non menos ar-

dua, tarefa de atopar moza entre a mingunte e reticente poboación local feminina en idade de merecer.

DVD.VENDA

Julia

Dirixe: Fred Zinnemann.
Intérpretes: Jane Fonda,
Vanessa Redgrave.
Drama. EE UU, 1977

Semella un tópico pero é certo, filmes como este xa non se fan no Hollywood actual. O veterano director de *De aquí á eternidade* asinou un dos seus mellores traballos na recta final da súa carreira, un poderoso relato de personaxes asentado nas irrepitíbeis interpretacións da parella Fonda-Redgrave sobre a historia real da amizade ao longo dos anos entre a escritora Lillian Hellman e a Julia do título. Tres *oscar*: para Redgrave no rol de Julia; para o gran Jason Robards como Dashiell Hammett; e para o guión nun dos derradeiros grandes filmes da Idade de prata de Hollywood, filmado, curiosamente, por un veterano formado no esplendor previo á irrupción do Novo Cinema Americano dos 60 e 70. ●



Ariadna Gil [á esquerda] e Ricardo Darín e Abel Ayala en *O baile da vitoria*.

CONSTANZA VALDERRAMA




Vanessa Redgrave, protagonista de *Julia*. LUCAS JACKSON/REUTERS

por Gonzalo Vilas

por Carlos Pena - xadrez.algalia@gmail.com

CRUCIGRAMA



Horizontais:

1- Serie de cousas enfiadas ou suxeitas unha tras outra nunha corda ou fio. Parte do corpo que fixo famosa Elvis. 2- Variación ou incremento da velocidade. 3- Base das extremidades inferiores dos humanos. Prefixo grego que achega a idea de mente, entendemento. Clube de fútbol. 4- Canto poético. Ovo dun peixe. Percibir pola vista. 5- Ren, ningunha cousa. Osíxeno. Que sufriu unha lesión ou dano, físico ou moral. 6- Número 1 en Latín. Desprazarse forzosamente a outra terra ou país, por razóns de traballo ou doutro tipo. Símbolo do Nitróxeno. 7- Realizo. Amperio. Na xeoloxía, palabra de orixe inglés que significa fosa tectónica. 8- Furor, raiba. Veterana cabeceira entre os xornais españois. Nome propio de muller. 9- Nome de letra consoante. Marxinar, separar algo ou alguén do que o rodea. Abrev. de "señor". 10- Hospitalarios, cómodos ou agradabeis. 11- Categoría ou xerarquía, se se trata de militares. Van, inútil.

Verticais:

1- Converter as graxas en xabóns, mediante un determinado proceso químico. 2- De sabor avinagrada, ácida. Especie de palmeira que ten o tronco máis grosso por arriba que por abaixo. 3- Nota musical. Asociación ecoloxista galega. Preposición inglesa de lugar. 4- Abrev. de "teléfono". Señor, dono dunha facenda ou explotación agrícola. Instituto da Língua Galega. 5- Prefixo de orixe grega que ten a ver co aire. Número 1 romano. Planta liliácea e bulbo de moito uso na cociña. 6- Que pode ser cambiado ou movido, en especial falando de leis. 7- Tipo de tecido abrigoso e forte, moi usado en tempos, entre outros polos dirixentes do PSOE. Empresa galega de Tv por cable. Xuíz musulmán. 8- Repetición natural dun son. Casa, fogar. Bebida espirituosa propia do Caribe. 9- Símbolo do Lítio. Concello do sur de Ourense, famoso polo seu entroido. Habitante canora das charcas e regatos. 10- Verbas, vocábulos. Desprazáranse. 11- Facerlle fronte a algo ou alguén.

XADREZ

Memorial Tal 2009.

O Memorial Tal é un torneo que recorda cada ano ao octavo campión mundial de xadrez, Mijail Tal, e será nesta ocasión o torneo máis forte do ano ao obter a categoría 21, cun ELO medio de 2764 ao xuntar a dez dos mellores xogadores actuais do mundo. Do Memorial, do 5 ao 18 de novembro en Moscú, forma parte tamén o campionato do mundo lóstrego de xadrez (3 minutos + 2 segundos por xogada). Na modalidade clásica o gañador foi Vladimir Kramnik, seguido de Vasili Ivanchuk e Magnus Carlsen. Kramnik non perdeu ningunha das partidas e con tres vitorias e seis empates fixo gala dun sólido xogo que lle dou a vitoria final. No campionato do mundo lóstrego o gañador foi Magnus Carlsen seguido por Wiswanathan Anand e por Sergei Karjakin. Carlsen con tan só 18 anos é un serio candidato a facerse coa coroa mundial absoluta nos próximos anos.


□ Carlsen, Magnus 2801

■ Ponomariov, Rustam 2739

Tal Memorial (8) 13.11.2009. B80: Defensa Siciliana. Variante Scheveningen. Ataque inglés.


Carlsen fixo tamén un excelente torneo clásico e pasará a encabezar o ranking mundial na próxima lista da FIDE. Mijail Tal, considerado como un dos atacantes máis agudos e sorprendentes da histo-

ria do xadrez estaría orgulloso desta partida do mozo noruegués. 1.e4 c5 2.Cf3 d6 3.d4 cxd4 4.Cxd4 Cf6 5.Cc3 a6 6.Ae3 e6 7.f3 b5 8.Dd2 Cbd7 9.g4 h6 10.0-0-0 Ce5 11.De1 [11.a3 Ab7≈] 11...Dc7 12.h4 b4 13.Cce2 Cc4 14.Cf4 Cxe3 15.Dxe3 Db6 16.Ac4 Dc5 [16...e5!?] 17.Db3≈d5? [17...Ta7 mantería a esperanza de igualar] 18.exd5+ Ad6 19.Cfxe6 fxe6 20.dxe6 Ae7 21.Dd3 0-0 22.Ab3?=[22.g5 Ce8



23.gxh6 Ab7 24.hxg7 Cxg7+ 22...Td8? [22...Ab7≈] 23.g5!+- Ch7? 24.gxh6 Dh5 25.De4 Dxh6+ 26.Rb1 Ta7 27.Cf5 Txd1+ 28.Txd1 Df6 a forza do bispo de b3, raios x, máis á inestabilidade do bispo de e7 fai inminente o remate da partida Diagrama 29.Td7! Axd7 30.exd7+ Rf8 31.Dd5 e a dobre ameaza do mate e da coroación fai que Ponomariov abandone 1-0.

SUDOKU




Encher os cadríños cos números do 1 ao 9, sen repetir ningún cadro, nin liña, nin ringleira.

AUTODEFINIDO


Conformouse achantou Terapia que usa o sangue	Voz que para ás bestas Cabrestantes que terman da áncora	Positivado dunha foto Tio literario de famosa cabana	Nota musical Bebida carbeña	Ofrecementos, proposicións	Preceptores Liliácea de usos medicinais
Sen compañía Dotado de fios ou febras	Rico produto da galiña Alá	Papel, función Pobo indixena de Tailandia			
Famoso presidente do At Madnd Novidade, cousa nova	50 romano Dan volta, mudan dalgún xeito	Antigo PP Xantar, alimentarse	Recente Plan económico Disposición, lei		Rillar, nun oso, por exemplo
Escoita Instrumento que mide a graxa do leite	Alelado, despistado Marchade, camiñade	Monxa Prefixo grego= fóra, de fóra...			
Valioso tecido natural Rebaixar o grosor		Proba académica 7ª letra			

SOLUCIÓNS

autodefinido



doado



crucigrama



difícil





César Lorenzo Gil

Como moitos outros, confésome incondicional da serie estadounidense de tv *The wire*. É curioso que en Galiza esteamos a descubrir agora cando se comezou a emitir no 2000 e na dobraxe ao

THE WIRE

castelán participaron galegos. Ademais de polos seus valores narrativos, esta serie é moi recomendábel porque, sen moraliña, tira as vendas dos ollos dos

namorados do sistema político e económico dos EEUU. Grazas a *The wire* souben que en Baltimore, de camiño entre Washington e Nova York, hai enormes barrios de casas baratas para negros tan lúgubres coma os do Río de Janeiro, que a re-

nuncia ao Estado do Benestar mantén na miseria miles de obreiros que nin saben ao se levantaren se van poder traballar e así ingresar uns dólares. Sei que é ficción e gustaríame que ese mundo seguise séndoo para Galiza moitos anos. ●

1.383

anosaterra

Tras unha mocidade no exilio na que demostrou a súa precocidade, unha vez retornado a España, Ismael González converteuse nun dos motores do cinema no Estado e un activista cultural que se involucrou en diversos proxectos en Galiza.

Ismael González, cineasta 'Dirixín cine porno por unha aposta con Franco'

H. Vixande

Distribuidor, produtor, director e guionista de cine. Só lle falta ser actor!

Tamén. Fixen de crego en *El terrorista*, de Víctor Alcazar. Fun de todo, xefe de publicidade, director dunha sucursal dunha empresa de cinema, traballei de prestado na *United Artist*, a compañía que fundou Charlot, na época de West Side Story...


A carreira comezou a ben cedo, con quince anos xa traballaba nunha distribuidora de cinema en Venezuela, e en seguida foi xefe de Publicidade. Que precoz!

Tan precoz como manda a necesidade. Era fillo de roxo. Meu pai estivo no cárcere e ao saír marchou para a Arxentina. Seguino con cinco anos. Alí estudei nas maravillosas escolas que fundou Perón, as mellores do mundo, e estiven a piques de ser enxeñeiro electrónico.

Tamén traballou na tele e foi activista cultural en América. Todo antes dos 23 anos, cando volve a España.

Volví antes, pero ao tratar de convalidar, vetáronme por fillo de roxo e pretendían que fixese unha especie de mili infantil! Negueime e marchei para a aldea a coidar as viñas. Decateime de que non tiña futuro e marchei para Venezuela. Alí involucreime en política e souben do traballo de Castelao.

De novo aquí foi exportador de cinema.



Exportei as películas de Cesáreo González, pero tamén producí curtas de xente como Fernando Trueba.

Tamén foi director de cine porno.

Toquei todas as teclas agás as policíacas e do oeste. Fixen a primeira película de ciencia ficción española, *Existió otra humanidad*, cine erótico e porno duro por unha aposta con Franco.

Franco?

O director Jess Franco, amigo meu. Apostamos sobre quen

rodaba máis películas nunha semana. El fixo tres, eu catro, con exteriores e escenarios diferentes.

Sempre quixen dirixir cine porno. Ligaba coas actrices?

Non tiña tempo. Remataba o traballo e para casa. Tamén distribuín cine de arte e ensaio. Trouxen a obra de Buñuel, Truffaut, Kurosawa...

Algunha das súas iniciativas, como a Filmoteca do Pobo Galego non foron adiante.

Aquilo foi a raíz de levar a Vigo o

cine de arte e ensaio. Isaac Fraga prestoume o cine Rosalía de Castro e tivemos unha iniciativa na que participaba Laxeiro como presidente da Filmoteca, o concello ía doar unha casa e recolleamos material por toda Galiza. Eses traballos entregámosllos á Xunta; foi o xermolo do CGAI, na Coruña, mágoa que non chegue a toda Galiza!

O que non acaba de despegar é o seu proxecto de levar á pantalla as Memorias dun neno labrego de Neira Vilas.

Un escándalo que demostra que a cultura galega está na mesma situación que cando a perseguiron os Reis Católicos. Nin sequera me entendín con Ánxela Bugallo. Deume unha subvención, pero devolvílla para non pregarme ás súas condicións.

Agora seica sacou un libro sobre a matanza de Oseira en 1909.

Nunha igrexa abandonada que coidaba o pobo había un retablo precioso. Chegou un bispo navarro coa intención de marchar con el para Ourense. A xente opúxose e o bispo inventouse que estaba a caer. Para desmontalo, trouxo uns carpinteiros e 22 gardas civís, que cargaron contra os veciños. Mataron a oito.

Coidado co que di. Polo cinema porno non o excomungarán, pero por meterse coa Igrexa, si.

Xa estou excomungado, polo canon 2.335, que excomunga a masóns e herexes. ●

ABURLA NEGRA

Bieito Iglesias

Regúntase Xosé Antonio Gacía nun incisivo artigo se a pesca do atún será tan básica como pra comprometer a Armada Invencible nas campañas da costa de Somalia. Admira desde logo que o PNV esixa a presenza de militares españois a bordo dos atuneiros vascos. Opino que o exército ben pode baixar o lombo nalgunha angueira produtiva á parte de desfilar tras da cabra o Día das Forzas Armadas. Faise raro que combata na guerra do opio do Afganistán no canto de lidar cos herdeiros de John Silver o Longo e do noso Benito Soto, terrible miñado dos mares. De momento os barcos contentaríanse coa seguranza privada, con mercenarios que ao caer a noite velan na cuberta mentres os mariñeiros permanecen recluídos nos camarotes sen poderen saír a fumar baixo as estrelas do Zodíaco. Os mareantes son tipos rexos que non precisan libros de autoaxuda, pero sentílle dicir a un psicólogo no programa de Carlos Luís Rodríguez que os secuestrados do *Alakrana* sufrirán stress postraumático de por vida. Vaite hol, se os corsarios lle botasen a gadoupa a un congreso de psicólogos, estes si padecerían toda caste de traumas. Quen lle tire polo xenio aos piratas deberá traballar co pau porque eles ignoran a Freud e non lles teñen medo aos tertulianos da TVG. Podendo ser, non me pasen a factura dos rescates. ●



Se os corsarios lle botasen a gadoupa a un congreso de psicólogos, estes si padecerían toda caste de traumas”



deRelatía

Edicións A NOSA TERRA

José Viale Moutinho

Negra Sombra! negra sombra!

José Viale Moutinho

[Historias que chegan 74 anos despois]